

**DEPUTACION PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**ACTA da Sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 16 de MAIO DE 2001**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro mércores, día 16 de maio de 2.001, ás DOCE HORAS.

### ASUNTOS

- 1.-Expediente de modificación de créditos nº 2/01.
- 2.-Iniciación do proceso de constitución do consorcio provincial da Coruña para a prestación do Servicio contra incendios e salvamento, e nomeamento do representante da deputación na comisión xestora.
- 3.-Aprobación das bases do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña.
- 4.-Aprobación das bases do Plan XXI de pequenas obras e subministración para investimentos en infraestructuras municipais na provincia da Coruña.
- 5.-Convocatoria do Programa de Apoio Veciñal, ano 2.001.
- 6.-Convocatoria do Programa de Dotación de aulas informáticas dirixido a concellos da provincia, ano 2.001.
- 7.-Modificación das bases reguladoras do Plan 2000 de infraestructuras 1997-2001, do Plan 2000 baixas 1998, do Plan 2000 baixas 1999 e do Plan aforro licitacións 1999, para anular o compromiso de reinversión das baixas de licitación.
- 8.-Aprobación do cambio das obras incluídas nas anualidades 1998 e 1999 do Plan 2000 de infraestructuras do Concello de Cedeira, Mellora, pavimentación e iluminación pública P. Xeneralísimo, código 98.3400.0342.0 e Obras de mellora da ponte Vella, código 98.3400.1106.0, pola obra Travesía da Avda. de Castelao, código 99.3400.1478.0.
- 9.-Aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra Edificio para o concello. Obra pendente de execución, Concello de Moeche. Plan de construción e reparación urxente das casas de concello 1998-1999, 1ª fase. Código 98.3600.0012.0/98.3600.0012.1.
- 10.-Aprobación do proxecto reformado da obra Campo de fútbol Reboredo (Arca), módulos 2-3-4b-5-6a, do Concello do Pino, incluída na 6ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0063.0.
- 11.-Aprobación das bases reguladoras do Plan 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestructuras municipais da provincia da Coruña.
- 12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e Irco, S.A., para coordinar a execución das obras incluídas no proxecto de acondicionamento e

mellora de trazado da AC 1742 Montrove-Santa Cruz, que afecta á estrada provincial E.P. 5810 de Coruxo de Arriba a Montrove, e aprobación da fase 1ª do Plan de vías provinciais 2.001.

13.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2.001.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Ministerio do Interior (Dirección Xeral de Tráfico) para a mellora da seguridade vial das estradas provinciais.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Abegondo para o financiamento da adquisición dos bens e dereitos que sexan necesarios para a posta en marcha da présa de Abegondo, así como a encomenda da xestión por parte da deputación ó Concello de Abegondo, para a realización dos trámites necesarios para a dita adquisición (2ª fase).

16.-Traslado da sesión ordinaria do Pleno de maio ó día 30.

17.-Toma de coñecemento do informe sobre o proxecto básico tocante ás bases de acción da deputación para o desenvolvemento da Sociedade da Información e o coñecemento na provincia da Coruña.

18.-Convenio da rede telemática provincial.

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 16 DE MAIO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 16 de maio de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE

DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Escútsase o Sr. Mosquera Maceiras e non asiste a Sra. Vázquez Veras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede a dar lectura á resolución nº 8.088, con data do 12 de maio, pola que se convoca sesión extraordinaria con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

### **1.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/01.**

#### INTERVENCIONS

##### Sr. Rodríguez Doval

Este segundo expediente de modificación de créditos que se presenta a pleno aparece que pouco máis dun mes e medio dende que aprobamos o primeiro expediente de modificación, que hai que recordar aquí que ascendía, máis nada e nada menos que a 3.752 millóns de pesetas longos. Quere isto dicir que, cando estamos comenzando o segundo trimestre deste ano, a deputación fixo unha modificación xa de máis de 5.000 millóns de pesetas nun orzamento que fora aprobado a fins do ano pasado, que ascendía a 22.0000 millóns de pesetas.

Recorro a este xogo de cifras, que é real, ademais, para evidenciar que, efectivamente, a estas alturas estamos modificando xa cerca do 25% do orzamento do ano 2001.

No debate do primeiro expediente de modificación de créditos, o Sr. presidente da comisión adiantaba que, de cara ó investimento de novos gastos, que procedía fundamentalmente do remanente, dicía textualmente: “estudiaremos todas e cada unha das posibilidades, e dirixiremos a aquelas que mellor creamos que benefician a tódolos concellos da provincia e ós cidadáns que, no fondo, son os que teñen que gozar do que nosoutros

fagamos aquí. Convén mirar, pois, se se cumpre o criterio que foi adiantado polo Sr. Erias neste segundo expediente de modificación de créditos, é dicir, no expediente primeiro que se fai despois dese avance.

Nosoutros percibimos, naturalmente, que lonxe de adaptarse a esas previsións ou eses criterios que, teoricamente, enumeraba o Sr. presidente da comisión, o contido do expediente de modificación de créditos parece que responde a outros criterios e, nalgún caso, parece que non responde a ningún criterio.

Non vou entrar aquí en apartados específicos que corresponden a puntos concretos deste pleno, como é, por exemplo, a asignación de 30 millóns de pesetas para a colaboración coa Xunta para a inclusión da rede de datos provincial na rede de datos da Xunta, xa digo, será un apartado que analicemos especificamente.

Figuran 47 millóns de pesetas neste expediente de modificación de créditos para adquirir un edificio na Pobra do Caramiñal e nosoutros aquí, non tanto pola contía económica, que tamén é importante, naturalmente, 47 millóns de pesetas, senón noutras dúas direccións. A primeira delas, que sería interesante saber se esta vai ser unha liña que a Deputación da Coruña vai utilizar con máis concellos, é dicir, a posibilidade de facerse cargo do patrimonio máis ou menos histórico, que ten importancia fundamentalmente para utilizar no aspecto de actividades culturais; e a segunda delas é que a nosoutros estráñanos, e por iso aí temos bastantes sospeitas de que non vai ser unha liña de actuación, que no caso concreto que nos ocupa asígnanse 47 millóns de pesetas cando nin sequera hai unha petición formal do concello, é dicir, no expediente do Expediente de modificación de créditos nin sequera figura unha petición formal do Concello da Pobra do Caramiñal pedíndolle á deputación que a deputación lle asigne unha cantidade, o cal a verdade é que introduce bastantes interrogantes respecto á mecánica que hai aquí para facer determinado tipo de axudas, porque o lóxico é, canto menos, que quen queira que se lle bote unha man, por dicilo nun tono coloquial, que escriba un papel e que diga que necesito que me botes unha man nisto. Chama a atención que neste caso concreto, neste expediente mási nada que figura unha valoración do Servicio de Arquitectura e a orde de que se consigne esta cantidade.

Consígnase tamén 120 millóns de pesetas para achegar ó consorcio provincial para a prestación do servicio contraincendios, e con destino a mantemento de parques de bombeiros, tamén vai ser un debate singular, pero realmente eu creo que hoxe se pecha aquí un ciclo onde se evidencia que todo o que levamos feito ata agora é total e absolutamente un auténtico fracaso, porque o final que se lle dá á resolución, entre comiñas, deste tema, non ten nada que ver co que se planificara desde un principio.

Asígnanse 40 millóns de pesetas para o convenio de urbanización do Polígono de Tambre, tamén aquí encontramos no expediente que non hai unha petición formal, no expediente máis nada que hai un modelo de convenio que se vai suscribir, suponemos que cos titulares do polígono do Tambre, e a nosoutros naturalmente nos parece que seguramente que hai moitos polígonos nesta provincia que necesitan axuda, pero a carencia dunha petición formal, e despois eu quería poñer sobre o tapete o rechamante que resulta que, cando esta deputación non resolveu ó completo a dotación de servicios nun polígono que é da súa competencia, Polígono de Sabón-Arteixo, que nos adiquemos agora a facer consignacións orzamentarias para actuar noutros polígonos da provincia, pero en todo caso sería comprensible se souberamos que esta vai ser unha liña de actuación con outros polígonos industriais, pero xa digo, encontrarse cun expediente onde se nos presenta que damos 40 millóns de pesetas para unha proposta que, por certo, tería que asumir o Instituto Galego de Vivenda e Solo, é dicir, que o que imos facer de novo é botarlle unha man á comunidade autónoma nunha competencia que, claramente, terían eles, pero sería interesante que, polo menos, xa digo, constara tamén no expediente unha petición formal.

Asígnanse 112 millóns de pesetas para o plan director do dolmen de Dombate, parece que hai unha liña, pero unha liña con dentes de serra, de actuación desta deputación no seu patrimonio histórico-artístico, que a nosoutros, non soamente nos parece interesante, senón necesaria, pero esa liña ten como acabo de dicir hai un momento, ten dentes de serra, é dicir, nun determinado momento desaparece esa liña de actuación, e nun determinado momento incluso non hai a capacidade para sacar adiante grandes temas, e a min ocrreseme agora aquí poñer sobre o tapete que aínda no día de hoxe non conseguimos encamiñar a recuperación do mosteiro de Caaveiro, que é un tema histórico que levamos aquí pendente desde hai moitísimo tempo, que esperemos que se solucione, pero que en todo caso a aparición destes 112 millóns de pesetas, que é unha cantidade ademais, nosoutros entendemos, unha cantidade bastante grande, non sabemos se vai ser unha liña que se vai manter co resto do patrimonio histórico-artístico, en principio, ó que lle pertence a deputación, e despois ó que non lle pertence, pero sobre o que consideramos interesante actuar, pero nosoutros botamos en falta un plan director para non estar a salto de mata dicindo, hoxe interesannos 112 quilos e maña esquecémonos do noso patrimonio histórico-artístico.

Consígnanse 225 millóns de pesetas para dotar de aulas informáticas nos concellos da provincia, este é o plan estrela ou parece o plan estrela deste Expediente de modificación de créditos, e como vai haber unha intervención específica sobre este tema eu tampouco non vou intervir máis porque se vai dar o debate noutro punto.

E 150 millóns de pesetas para a mellora das instalacións do estadio de Riazor. Eu realmente non sei, pensei nun principio que se trataría dun esforzo adicional para ver se lle dabamos a volta á situación e conseguíamos, polo menos, pór ó Depor de primeiro, pero o

que estou observando e o que se ve pola lectura do expediente que figura é que non se trata diso, trátase dunha actuación completamente diferente que supón un desembolso ademáis importantísimo, pensamos nosoutros, por parte desta institución, e que carece dun debate profundo, profundo non, profundísimo, total e absoluto, sobre cál ten que ser a nosa liña de apoio a eventos deste tipo, posto que do que se trata aquí, aínda que de facer unha contribución, teoricamente á infraestrutura, isto vai ter unha virtualidade de cara ó campionato do que se fala na proposta de convenio que aquí se inclúe.

Polo tanto, deixando de lado outro tipo de consideracións, respecto a este expediente, nosoutros percibimos que, canto máis se aproxima o período electoral, e refírome, naturalmente, ás eleccións autonómicas -digo o período electoral real, porque o outro xa hai tempo que estamos nel, o período electoral no tocante a proximidade do tempo-, parece que máis se intensifica a aparición de novidades no tocante a actuación, no tocante a competencias que se asumen, no tocante a cousas que fai esta deputación, e ó noso xuízo isto ten bastante pouco de conexión co que dicía o Sr. presidente, beneficio para os concellos e cidadáns da provincia, e si teñen bastante que ver con outras necesidades, que poñeríamos entre comiñas aquí, e que ten moito que ver con esa proximidade do proceso electoral.

Nosoutros imos votar negativamente este expediente de modificación de créditos, porque entendemos que non parte da aplicación racional, non xa do que nosoutros pensamos, senón mesmo do que adiantou o propio presidente da comisión, pero quedanos unha gran dúbida, e que deixamos a modo de pregunta: ¿pensará o grupo de goberno que as prioridades que fixa el á hora de marcar ese expediente de modificación de créditos, quedan resoltas con esas prioridades que el fixa, quedan resoltas as necesidades máis urxentes da provincia da Coruña?, é dicir, ¿é este o Expediente de modificación de créditos que resolve o camiño que o Sr. presidente da comisión nos adiantou no anterior Pleno?, e sobre todo, ¿pensa que se van solucionar as que quedan, se é que queda algunha?, o mesmo é que non; ¿pensa que se poden solucionar esas prioridades máis urxentes que teñen os concellos da nosa provincia, os cidadáns da nosa provincia, cos pouco máis de 600 millóns de pesetas que nos queden no remanente para novos gastos?

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

Imos debater o expediente de modificación de créditos número dous, correspondente ó actual exercicio económico 2.001. A cantidade que se vai discutir nesta institución na data de hoxe é de 1.356 millóns e, como aquí xa se adiantou, que vai imputado case todo ó remanente de Tesourería, quedannos dispoñibles algo máis de 684 millóns de



pesetas, unha cantidade que indubidablemente, nun espazo tan curto de tempo dá moito que pensar.

No expediente de modificación de créditos número un, o grupo provincial socialista instaba ó equipo de goberno a que o remanente de Tesourería se dirixira fundamentalmente a tres aspectos non cerrados: o Programa Operativo Local para completar as obras que os concellos demandaron desta institución e que quedan para as baixas del no ano 2001; en segundo lugar completar o Programa de obras e servizos, como elemento dinamizador máis importante de cara ós concellos da provincia; en terceiro lugar, e vista a problemática gandeira do mal chamado das “vacas tolas”, que puidera repercutir nunha cantidade de economías na reposición do gando na gandería das distintas explotacións agrarias. É dicir, a nosa filosofía era que, indubidablemente, a economía vaia dirixida ós concellos e, en segundo lugar, a ese aspecto puntual, que entón era o problema do gando do subsector cárnico, e que consideramos que como filosofía era adecuada. O equipo de goberno ten os seus criterios e optou por outras vías.

Neste expediente de modificación de créditos o grupo socialista ve tres grandes apartados ben diferenciados: por un lado os chamados capítulos de operacións correntes, que significan cerca de 100 millóns de pesetas, e que veñen marcados por unha serie de actuacións que aparecen reflectidas perfectamente no expediente; o segundo gran apartado vai dirixido a investimentos propios e o terceiro a transferencias de capital, tanto a concellos como a empresas privadas.

No que atañe ós investimentos propios queremos salientar a actuación que se vai facer no dolmen de Dombate a través do seu plan director. Este deputado e o seu grupo informouse, a través de especialistas neste tema, e queremos dicir que nos parece favorable que se recupere a través dun plan director amplo e ambicioso, este monumento megalítico que, indubidablemente, é unha referencia importante, xa non en España, senón ata deberíamos dicir no eido europeo e mundial.

Aparece reflectido un convenio de colaboración coa Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, que se vai desenvolver en anualidades que abranguen entre o 2001 e 2006, o cal tamén fará logo o noso voceiro, o Sr. Fernández Moreda, a súa valoración adecuada e o seu debate concreto ó respecto. É tamén importante a dotación para aulas informáticas nos concellos da provincia, que nos parece un avance importante, e que este grupo trasladou aquí a esta cámara indubidablemente, como unha referencia a ter en conta pola institución provincial.

Fálase tamén da compra dun cine, o cine Elma na Pobra do Caramiñal, por unha contía de case 48 millóns de pesetas, e non sabemos cál vai ser o destino, si supoñemos que, co tempo, haberá unha rehabilitación, unha reestructuración e que logo farase un convenio en

materia cultural co Concello da Pobra para o seu goce; sospeitamos que é así, na documentación non aparecía nada concretado.

E tamén se suplementa o Plan de ambiente, e aquí queremos facer unha chamada de atención, como logo nos referiremos tamén ó Plan de arquitectura popular, que pedimos ó equipo de goberno que se intenten cerrar estes temas e que intentemos chegar xa dunha vez a que estes plans, que quedaron un pouquiño descolgados de épocas anteriores, cheguen ó seu punto final.

Parécenos interesante os 120 millóns de pesetas que se achegan para o parque de bombeiros, neste caso, o consorcio provincial, o que si vemos é a lentitude tamén na marcha, á cal nos referiremos tamén ó longo deste debate.

Falabamos do terceiro gran apartado neste expediente, que son as transferencias de capital, as que van directamente dirixidas, dalgunha forma, ós concellos, ou ben a empresas ou institucións sen ánimo de lucro. E indubidablemente hai unha achega de 40 millóns para un convenio que se fai interinstitucional entre o Instituto Galego, Deputación, Consellería de Industria, Xestur e Concello de Santiago de Compostela, para a urbanización parcial dun polígono de Tambre.

Un convenio co Ministerio de Defensa e preguntámonos se é interesante facer este convenio para recuperar un elemento arquitectonicamente importante, como nos parece a nosoutros, e vanse levar a cabo distintos convenios que, no fondo, pódese chegar a pensar, sen sermos maliciosos, que poden ser subvencións indirectas ó Ministerio de Defensa.

Tamén destacamos o Plan de arquitectura popular, e volvo a facer a mesma reflexión que no Plan de ambiente; as melloras no estadio de Riazor, como consecuencia dunhas adaptacións que hai que facer ós mundiais de clubs 2000, e outra serie de aspectos e de partidas importantes, que por ser menores en contía, non son importantes cualitativamente.

A importancia dos temas que se van tratar, que o grupo de goberno valora e eleva neste expediente, nosoutros podemos dicir que estamos de acordo con moitas delas, que aquí espuxemos agora mesmo. Con algunha delas non estamos de acordo, e si marcamos unha filosofía política, un criterio, xa no primeiro expediente de modificación, como dixen no inicio da miña intervención, de que sería conveniente ver estes aspectos importantes que van beneficiar directamente ós concellos, e á problemática económica que existe na provincia do subsector cárnico.

Polo tanto, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o grupo provincial socialista, se votara parcialmente habería aspectos que si valoraríamos favorablemente pero no seu

conxunto non podemos valorar positivamente este expediente número dous, e o noso voto vai ser de abstención.

Sr. Erias Rey

Por parte do portavoz, nestes momentos, do Partido Popular, o presidente da Comisión Especial de Economía desta deputación o que estamos intentando levar a cabo con este expediente número dous de modificación de créditos é, por unha parte, suplementar con máis recursos algunhas accións que o orzamento non recollía na súa totalidade, dado que aínda non dispoñiamos do coñecemento do remanente de Tesourería, polo tanto, apoiar decididamente algo que non tiña o crédito suficiente e, por outro lado, algunhas outras accións a través de trece créditos extraordinarios por un importe de 687 millóns, é dicir, menos do 50% da totalidade do expediente, para temas que consideramos prioritarios e urxentes e que, ademais, non tería senso o que os leváramos a outro momento do tempo porque xa está claro que é conveniente facelos e entón, cando está claro que é conveniente facer algo, cremos que é bo facelo.

Respecto ó que di o Sr. Lagares, eu teño que agradecer a boa disposición mostrada ó analizar o que é o expediente no seu conxunto, e tamén entender discrepancias que nos formula no tocante ó posicionamento, entendémolas perfectamente e ademais insisto, que agradecemos a análise que fai, porque nalgún outro punto da orde do día de hoxe verase que o interese deste grupo de goberno tamén consiste en cerrar os plans, e sabe vostede ben que no Plan de ambiente, no Plan de arquitectura popular, determinadas dificultades que non son imputables a ninguén, que non son imputables nin á propia Deputación provincial no tocante a institución, nin tampouco ós concellos, senón que levados todos dese ánimo de dispor de obras, ás veces informes, ás veces situacións propias das empresas, ou ás veces situacións sobrevidas que non se podían nin sequera ter en conta, levan a que as obras non se executaran na súa totalidade tal e como os plans prevían. Por iso temos o máximo empeño en cerrar eses plans, temos o máximo empeño en que os Plans de ambiente e arquitectura popular, e outros que a deputación ten abertos, cerralos, e cerralos cunha filosofía, que nin unha soa peseta dos céntimos con que os concellos ían contar, nin unha soa peseta, nin un só céntimo, deixe de percibir ese concello. Polo tanto, que quede ben claro que sempre a deputación cumprirá cos compromisos previamente adquiridos nas programacións plurianuais dos plans que viñan implementándose.

¿Que é o que pasa co Plan de ambiente ou co Plan de arquitectura popular?, pois que estamos unicamente, vostedes verían aí no informe dos nosos servicios técnicos, dotando financieramente aquelas accións que había, a través, do remanente de Tesourería, que incorporar e que desenvolver porque tiñan toda a documentación completa, sen embargo, existindo outras accións que non tiñan toda a documentación completa e que, previsiblemente, no prazo de tempo razoable, de tres meses, non ían tela, non se considerou

conveniente o dotalas financeiramente, porque era hipotecar recursos que poderían ser utilizados de maneira máis adecuada para outros fins.

Ó Sr. Rodríguez Doval téñolle que dicir en termos xerais que creo que confunde, creo que confunde, non é por falta de tempo na función de deputado, senón proque probablemente o leu con precipitación, pero confunde o que é unha modificación, un expediente modificativo de créditos, cunha modificación do orzamento. Aquí non se modifica o 25% do orzamento, nin moitísimo menos, aquí o único que se trae son cuestións puntuais onde o grupo de goberno, aplicando o remanente de Tesourería, libre para outros gastos, decide continuar accións xa comprometidas que son tódolos plans, a parte máis importante, que o Sr. Lagares, por certo, teño que felicitalo, porque ademais fixo unha análise, ó meu xuízo, moi positiva e moi clara, é dicir, no tocante ós créditos, no tocante ó que son operacións correntes e ó que son operacións de capital. Téñolle que dicir, e mire, para operacións de capital, Capítulo VI: 760 millóns, Capítulo VII: 480 millóns, é dicir, o 91,5% deste expediente modificativo de crédito vaise todo ó que son investimentos para os concellos, ou tranferencias de capital, aplicando o remanente de Tesourería, nunca, nunca, modificando o que estaba comprometido presupostariamente, o presuposto non o modificamos, suplementamos en 13 accións o que dispoñiamos no orzamento, e xeramos 13 créditos extraordinarios novos que non estaban contemplados no orzamento, e esta é a finalidade do expediente modificativo de créditos, tendo oportunidade de facer cousas, facelas realmente, lamento que non coincidamos na filosofía, pero reitero que si estamos actuando, non sobre o orzamento, senón sobre a oportunidade de que determinadas cantidades que o remanente de Tesourería nos posibilitou actuar sobre elas, facelas, primeiro, cumprindo cos concellos, e en segundo lugar, con aquilo que estaba comprometido: Plan de arquitectura popular, Plan de ambiente, parques de bombeiros, cos parques de bombeiros téñolle que dicir que o que se está dotando é para gastos de funcionamento o compromiso adquirido entre a Xunta de Galicia e a Deputación provincial, de tal forma que se financie o 50% cada unha deles o funcionamento dos que entren dentro do exercicio corrente e, polo tanto, reitero que non se cambia o orzamento, o que se fai é darlle máis oportunidades ós concellos, e en ningún caso entendemos que isto sexa un fracaso, eu creo que iso é froito da linguaxe que vostede anticipa como electoral, e probablemente levado desa preocupación electoral que vostede ten, empeza a utilizar xa calificativos que non son moi propios do que aquí se di porque, evidentemente, entran en contradicción con esta realidade que eu lle manifesto. O 91,5% destínase a investimentos e a gastos de capital, e o 0,88 soamente a gastos de funcionamento, ademais curiosamente son gastos de funcionamento, ademais curiosamente son gastos de funcionamento, non da institución provincial, senón en apoio a outras institucións, porque aquí si que mantemos a nosa filosofía, que é a cooperación interinstitucional, e cando vostede anuncia as actuacións no Polígono do Tambre, ou vostede comenta e valora outro tipo de cuestións, eu teño que dicirlle que estamos apoiando tanto a Ferrol como a Santiago, como a calquera outro concello que nos demande este tipo de apoio, dentro da prudente actuación que podemos

levar a cabo. Por iso ás veces faise en catro Administracións, faise en catro anos, e non se fai todo dun tirón, gustaríanos facelo dun tirón, gustaríanos facelo para todos, e imos facéndoo na medida das nosas posibilidades prudentemente; hai que facer moito máis, intentaremos facelo, intentaremos buscar novas institucións, incluso privadas, para cooperar tamén con elas, que non soamente sexa o ambiente público, pero en todo caso, reiterarlle Sr. Rodríguez Doval, que non se modifica o orzamento, que se dá un apoio decidido ós concellos na medida das posibilidades financeiras que temos e que non hai precipitación.

Precisamente estamos intentando, ás veces non o conseguimos de todo, pero ben, probablemente cun único expediente de modificación de crédito formulado no mes de setembro, resolveríamos o non facer tres, pero ¿que estaríamos facendo con iso?, que moitas cuestións que poden desenvolverse no período que vai entre abril e setembro, tiveran que estar esperando sen ter xustificación. Nese caso, eu creo que vostede estaría cargado de razón para poder criticarnos, porque esperamos, neste non o entendo. Repítolle, estamos en disposición de facelo, isto é o que temos sobre a mesa e o que consideramos que debemos actuar sobre el e, polo tanto tanto, reitero que, discrepando do que me di, imos apoiar todas aquelas accións que creamos que serven para mellorar o interese que os concellos teñen en dispor de máis e mellores infraestructuras, en poñer en valor o seu patrimonio artístico, en facer labores de protección no tema de incendios, etc., etc. Este é o noso compromiso e reitero que é o que vén a significar o expediente modificativo de créditos.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Eu lamento que o presidente da Comisión de Facenda, falando de todos e cada un dos temas que eu lle puxen con interrogante, referírase a eles sen contestarme absolutamente a nada, excepto o de establecer esa barreira que el sempre establece coas intervencións que hai dos dous grupos da oposición, que tampouco me preocupa a min, xa llo vou dicir claramente, e ademais como non son amigo das amizades perigosas, procuro sempre buscalas eu, porque ademais as amizades perigosas traen malos resultados, e cada un que interprete isto á maneira que lle pareza.

En todo caso, eu quixera que, aínda que as miñas críticas lle parezan a el moito máis profundas, eu non sei de que forma, que as interprete sempre en tono positivo, que faga ese esforzo. Eu non vou facer aquí unha disquisición sobre o que é, ou non é, un expediente de modificación de créditos, ademais quedaríame moi curto tendo en conta que, efectivamente, o Sr. presidente da comisión, vai ter moitísima máis capacidade ca min, por razóns que son obvias. Pero en todo caso, o único que lle dixen, primeiro, eu non falei absolutamente nada de fracaso, esa palabra paréceme que non se pronunciou aquí, eu canto menos non a pronunciei, non dixen absolutamente nada de fracaso. Eu o que lle dixen, que cando estamos

no mes de maio, é dicir, a comenzos do segundo trimestre deste ano, estamos facendo modificacións, que eu non dixen, nin que foran ilegais, senón que eu díxenlle que me parecían innecesarias e inxustificables nalgún caso.

E voulle dicir unha cousa, sumándome ou conectando co que vostede me dicía, ó mellor é un tema semántico. Imos ver, se vostedes no mes de maio teñen que inventar plans que non figuraban nos orzamentos, ¿que pasou?, alguén se equivocou; ¿era esta a previsión do grupo de goberno para que non figuraran estes plans?, porque pode que non puideran figurar con seiscentos e pico millóns de pesetas, ou corenta e pico millóns de pesetas, pero poderían estar abertos porque indicaría unha predisposición dunha iniciativa deste grupo de goberno, pero hoxe tráense aquí plans que nin sequera existen, nos orzamentos desta deputación, chámeno vostedes como queiran a iso; ¿iso de que é indicativo?, pois que vostedes, cando planificaron os orzamentos do 2001 esquecéronse, ou non valoraron a necesidade de que determinados plans figuraran aí, esa é ou non unha modificación dun orzamento en vigor, chámeo vostede como queira, eu léoo así, iso polo menos é unha modificación do esqueleto do orzamento, se vostedes agora traen cousas que nin sequera figuraban no orzamento, non se equivocou a oposición que criticou o orzamento, equivocáronse vostedes que o confeccionaron sen ter en conta isto.

E eu xa sei que é unha discusión de enredo, pero é real, vostedes inventan hoxe e traen a Pleno tres plans que non existen nos orzamentos e que responden a novas necesidades que o grupo de goberno non tiña en decembro, esqueceuse, ben el saberá, eu non o sei, pero iso é así, iso non é discutible.

O Sr. presidente fala, segue reiterando con moita insistencia o tema dos temas prioritarios, pero non me contestou con que criterios aplica o grupo de goberno a definición de prioridade. ¿E é a definición de prioridade, por exemplo, o que se está falando aquí no tocante a determinadas actuacións que figuran con grandes dotacións económicas por parte do grupo de goberno?, digo eu se é máis prioridade, por exemplo, unha actuación complementaria nas vías provinciais que sufriron dunha forma moito máis evidente ca noutros anos, por culpa dos temporais ou das chuvias, desperfectos, e sen embargo, eu non vexo aquí unha suplementación para un plan que se vai aprobar tamén no Pleno de hoxe.

É o tema de cerrar os plans imos falalo noutro punto, pero unha cousa é cerrar os plans e outra cousa é darlle coa porta nos fuciños ós concellos, e vostedes o que están facendo é o segundo, xa discutiremos diso, xa veremos como cerran vostedes os plans, iso é despedida e peche, despedida e peche pero coa porta nos narices, iso non é cerrar un plan, pero xa o discutiremos, non quero entrar aquí noutro punto.

Non estou discutindo que sexa necesario, idóneo, mesmo ó mellor urxente, a actuación ou a complementación de determinadas actuacións desta deputación nun campo

que non lle corresponde competencialmente, como é o tema dos polígonos industriais, pero non me diga vostede que o espírito desta deputación é a contribución con todo o mundo, cando eu hoxe veño a este pleno e vexo 40 millóns de pesetas e un compromiso doutros 120, é dicir, trátase dun convenio a catro anos, co cal este polígono vai levar 40 millóns este ano e 40 cada ano, durante catro anos, 160 millóns de pesetas, e eu estoulle dicindo que eu nunca lin aquí que, por exemplo, dous polígonos que coñezo directamente, como é Río do Pozo en Narón, ou Vilar do Colo en Fene-Cabanas, reciban absolutamente nada. Entón, eu simplemente quero que me abra vostede a pantalla onde me diga se esta vai ser unha liña de colaboración e agora empezamos con estes e imos continuar co resto, porque todo o mundo ten dereito á vida, como di o outro, e isto non é unha declaración de fe, vostede dime, tamén colaboramos cos outros, si, pero o que vén hoxe aquí é este só, entón, amiguiños, si, pero a vaquiña polo que vale. Entón, figure vostede un compromiso de actuación en materia de polígonos industriais, por exemplo.

(Abandona o salón o Sr. González Garcés).

Non me contestou en absoluto a outro tipo de iniciativas como as que figuran aquí, para min, alguna delas carentes do nivel de información necesario como para emitir un xuízo, é dicir, porque aquí claro, hai que rehabilitar ese cine e tal, pois seguramente que si, pero non colla vostede un a boleto, moveu os dados e saíu no dado que tiña que ser A Pobra do Caramiñal, non sei nin de qué é o alcalde, pero ben, é igual, que máis da -supoño que vostedes se rían porque saben de qué é, alégrome moitísimo-, seguramente por esa razón figura isto aquí e non figura outro cine que non se puidera recuperar, pero fíxense vostedes, alégrome moito a sonrisa e a alegría que amosan porque, desde logo, polas súas obras coñecerédelos.

Termino dicindo un pouco o que dixen ó principio, eu creo que si hai unha modificación do orzamento que fixo este equipo de goberno, si hai unha modificación, se se producen modificacións, e modificacións, ademais, importantes, e termino tamén co que dixen ó final da miña primeira intervención, Sr. presidente, eu creo que as cousas urxentes que tería que abordar esta deputación, eu as prioridades márcolas doutra maneira, e non quere dicir que nos teñamos que dedicar simplemente a reparar estradas, tamén que se me entenda ben. Pero eu creo que as prioridades sempre surxen de onde hai ideas e de onde hai planificación, e eu, desde logo, o que vexo é que este Expediente de modificación de crédito é unha suma de boas intencións, de cousas que se van collendo por aí, seguramente algunha delas moi necesarias, outra delas, e é o que criticamos nosoutros, seguramente non tan urxentes, e en todo caso a maioría delas correspondentes, non a unha planificación e a unha programación do grupo de goberno, senón simplemente a necesidades que eu creo que ten pouco que ver coa función que lle compete a este Pleno, que lle compete á deputación, que é planificar, racionalizar e, sobre todo, conseguir que sexa efectiva a política que facemos, e non sumar obras, e sumar diñeiro, senón sobre todo crear riqueza tamén nesta provincia e

contribuír coas necesidades máis urxentes da cidadanía da nosa provincia. Polo tanto, termino cordialmente dicíndolle que si, que nosoutros cremos naturalmente no que dicimos, lamentamos non coincidir nas prioridades do grupo de goberno, e vostede sempre intente facer esa lectura positiva tamén do que estamos dicindo aquí, por moito que non lle gusten as cousas que dicimos, pero ben, cremos que están de momento situadas nos termos máis políticos posibles, eu creo que aquí non se falou absolutamente de nada que non se poida falar a estas alturas.

Moitas grazas.

#### Sr. Lagares Pérez

Imos intentar ser breves, Sr. presidente. A verdade é que folga dicir algo que non me vai quedar máis remedio ter que dicilo. Quero deixar claro que o grupo provincial socialista ten o seu propio criterio, ten a súa filosofía política propia provincial, ten a súa visión económica do que ten que facer esta institución, diferenciada dos outros dous grupos, e temos clarísimos os obxectivos que ten que alcanzar esta institución, témolos claros e moi concretos.

Despois de facer esta pequena apreciación, que non facía falta dicila, pero que de vez en cando hai que lembrar algúns puntos, porque se intentan facer mesturas, e as mesturas, cadaquén que as faga como queira facelas, pero que fagamos as cousas e poñamos os puntos sobre os is de forma adecuada.

Fala o Sr. Erias de complementar con máis recursos e fala de terminar dunha vez cos plans distintos de arquitectura popular e ambiente; sabemos perfectamente que estes plans, moitas veces, están retrasados, non por circunstancias, nin dos concellos, nin da propia institución provincial, porque hai veces que determinados informes se retrasan considerablemente, e son imputables á Administración autonómica, normalmente, léase Augas ou Ambiente no Plan de ambiente, ou léase informes vinculantes de Patrimonio no Plan de arquitectura popular, que o sabemos perfectamente os que estamos día a día a pé de obra nos concellos e vemos coas dificultades que nos encontramos para lograr algúns informes deste estilo.

Se se pechan os vellos plans, hoxe ábreanse plans novos, indubidablemente, cando realmente a filosofía igual tería que ser outra. O grupo socialista formalizaba na súa intervención, e insisto, no expediente número un, e agora no número dous, a necesidade de complementar o Programa operativo local, o Plan de obras e servizos e a problemática do subsector cárnico que aquí practicamente non se tocou en ningún dos aspectos.



Nosoutros esperamos tamén que neste expediente, e xa vemos na orde do día de hoxe, que os reformados son mellores, que se terminen estes reformados, será outro debate que tamén se dará, e indubidablemente non podemos dar o voto favorable, dado que nalgunhas premisas vemos que non podemos estar de acordo ó cen por cento. Polo tanto, anunciamos de novo o noso voto de abstención.

### Sr. Erias Rey

Intentando clarificar, eu non intentei, Sr. Lagares, en ningún caso, mesturar. Probablemente, ás veces, un non é demasiado afortunado á hora de interpretar o que os compañeiros de corporación nos apuntan. Eu o único que pretendo sinalar con este expediente modificativo de crédito en términos xerais, e falando despois máis en concreto para o Sr. Doval, é que o orzamento, como tal documento, contén as previsións do que cos recursos ordinarios, con aqueles que son coñecidos no mes de setembro para actuar en tódalas fases que debe de pasar un orzamento para a súa aprobación, a súa discusión e todas aquelas elaboracións previas, hai que facelo. Unha vez que o orzamento se aprobou, o orzamento non se ve modificado porque se suplementen algunhas accións, ou porque accións que libremente poderían desenvolverse ou non, porque algunhas accións poderían desenvolverse e outra non, pois o grupo de goberno, todo o que estaba comprometido previamente neses plans, e que quedaba dentro do remanente de libre disposición, executalo o máis rápido posible, e esta é a razón pola que o lerei, porque dá a impresión de que todo o expediente non o examinou co mesmo detalle, dar a aquelas accións que nos requiren a atención necesaria, o crédito suficiente para poder poñelas en práctica. Eu xa lle digo, a lectura positiva fágoa sempre, non teño eu un espírito excesivamente destrutivo, senón que un espírito de análise e de crítica e, en todo caso, tamén teño que dicilo, de discrepancia no tocante ó proxecto político, e é o único que pretendo manifestar, nunca valorarlle os seus proxectos de maneira, digamos, que negativa.

O que si discrepo é que, claro, entra en contradicións, e eu esas contradicións debo de analizarlas, porque é a miña función. Imos ver, vostede cre que a deputación debe de crear riqueza, axudar a crear riqueza, pois apoiar nun polígono industrial que melloren os equipamentos para que as empresas poidan implantarse e facilitar todas esas cuestións que, doutra maneira, desde a propia iniciativa privada non sería posible poñer en práctica, dígolle que ese é un compromiso de crear riqueza, e iso é algo que o noso presidente comentou desde o primeiro día que tomou posesión esta Corporación. Polo tanto, estamos nesa liña, vostede probablemente algunhas veces si se esquece, pero está gravado, o de fracaso eu apunteino en letras maiúsculas, iso díxoo vostede, non o dixen eu, está gravado, cando teñamos a acta podemos facer un recordatorio dela.

Pero creo que interesa máis que quede claro que é o que facemos. Mire, coa rede de datos de Galicia o que estamos facendo é intentar que as relacións entre as distintas

Administracións, a través do que son as novas tecnoloxías da información e o coñecemento, permitan a todos, a todos, e non soamente ós que teñen máis capacidade, que tamén os hai que teñen capacidade para poder facelo, desenvolver ese tipo de accións. Este convenio, evidentemente, supónnos un custo, pero é un 30% máis baixo do que en condicións individuais poderían alcanzar concellos que desexaran levalo a cabo.

Con respecto ó que é algunhas accións que están aí e que a vostede eu creo que non lle quedaron claras, vexo que non mencionou para nada o do proxecto EQUAL, e outras accións que a deputación ten previsto desenvolver e que agora non lle vou anunciar. Pero no do proxecto EQUAL resulta que se trata de axudar a Unións Agrarias a financiar a elaboración dun proxecto necesario para acceder a unha convocatoria de axudas establecidas polo Ministerio de Asuntos Sociais, e para intentar capturar fondos procedentes do fondo social europeo. Este proxecto de Unións Agrarias mellora a cualificación e a inserción socioprofesional, eu que lembre, Unións Agrarias tampouco nisto de afinidades que vostede dicía, que se o acalde non sei que, eu creo que co Partido Popular e co equipo de goberno non ten moito que ver. En todo caso, cremos que este é un proxecto importante, un proxecto que hai que apoiar e que é bo que a Deputación provincial o desenvolva, e por ese motivo estámolo facendo.

Urbanización do Polígono de Tambre, xa lle dixen, é unha cooperación Consellería de Industria, Instituto Galego de Vivenda e Solo, Concello de Santiago de Compostela que, por certo, é o titular dos terreos e deputación, e creo eu que o Concello de Santiago de Compostela tampouco está gobernado polo Partido Popular, está gobernado por os que vostedes coñecen.

En todo caso, a reconstrución doutras actuacións en programas de arquitectura popular, e se poñemos cantidades, fíxese: acondicionamento do recinto feiral de Ferrol, en Ferrol tampouco goberna o Partido Popular, e o recinto feiral será para tódolos ferroláns, e aqueles que queiran desenvolver alí tódalas accións que estimen oportunas -dime agora don Juan Blanco Rouco que para tódolos municipios dos arredores, é lóxico, claro, isto non está cerrado, como non podía ser doutra maneira, ós que queiran facer alí as actividades que sexan oportunas-, pero en todo caso apóiase o recinto feiral de Ferrol, apóiase o Polígono de Tambre de Santiago, apóiase un proxecto EQUAL promovido por Unións Agrarias, e isto debe de servirlle para comprender que non se está actuando, nin con ese criterio electoralista, nin con ese criterio de demasiada ideoloxización.

Pode seguir dicíndolle, mire: o Plan de arquitectura popular leva 166 millóns de pesetas, o Plan de ambiente, 241 millóns de pesetas, que isto é o que fai, se ve as cifras importantes deste expediente número dous modificativo de crédito, dire que estamos cumprindo con aquilo que a deputación tiña comprometido, e que estamos cumprindo naquelas cuestións que son máis importantes para tódolos concellos.

Eu respecto, e agradezo ademais, ese tono que vostede expón no debate, de que sexa un tono constructivo e positivo, pero reitérolle, non estou de acordo co que vostede nos di e por esa razón traemos deste modo aquí os asuntos.

Reiterarlles que procuraremos, na medida das posibilidades da deputación, atender as necesidades que o Sr. Lagares tamén nos formula, que as estamos tendo en conta, pero que evidentemente a nosoutros gustaríanos dispoñer de máis recursos.

Vostedes saben ben que os recursos están aí, son limitados, hai que intentar atender a todos, é certo que no pleno de hoxe veñen plans, e veñen plans, novos plans para todos e plans que, na medida do posible, poidamos gozar deles nesa planificación que se fai no tempo prudente de execución.

Polo tanto, reitero e agradezo ós grupos as achegas realizadas, pero tamén mentémonos na proposta que hoxe mantemos aquí, que non é outra cousa que cumprir os compromisos adquiridos previamente na programación plurianual, e en segundo lugar, atender suplementando ou xerando crédito extraordinario, as novas necesidades que van servir para que tódolos concellos noten o apoio decidido da Deputación provincial.

Moitas gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: 11 deputados (PSOE-10 presentes e 1 por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada segundo o establecido no art. 37 do R.D. 500/90, do 20 de abril, e que ten o detalle seguinte:

-Memoria da Presidencia.

-Detalle das partidas orzamentarias que se han suplementar ou habilitar crédito e o medio de financiamento establecido para isto.

-Propostas das distintas unidades, que detallan o carácter específico e determinado do gasto que se ha realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

-Informe da Intervención xeral.

E conforme co artigo citado, adóptase o seguinte acordo:

1º.-Aprobación inicial do Expediente de modificación de créditos nº 2/01 de competencia do Pleno, en trámite dentro do vixente orzamento xeral por importe de 1.461.339.671.- ptas., e que ofrece o seguinte resumo:

**AUMENTOS:**

CE. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	687.213.464.-
SC. SUPLEMENTOS DE CREDITO	<u>774.126.207.-</u>
<b><u>TOTAL DE AUMENTOS</u></b>	<b><u>1.461.339.671.-</u></b>

**BAIXAS: (Financiamiento)**

BA. BAIXAS POR ANULACIÓN	105.000.000.-
RG. R.T. GASTOS XERAIS	<u>1.356.339.671.-</u>
<b><u>TOTAL DE BAIXAS</u></b>	<b><u>1.461.339.671.-</u></b>

2º.-Expor ó público o dito expediente no BOP polo prazo de quince (15) días hábiles, para os efectos de reclamacións contra el, a teor do establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado R.D. 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. De presentárense reclamacións o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3º.-O resumo por capítulos do dito expediente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, a teor do establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril.”

**2.-INICIACIÓN DO PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, E NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NA COMISIÓN XESTORA.**

## INTERVENCIONS

### Sra. Candocia Pita

Permítanme que comence a miña intervención dicindo que a postura do BNG neste tema vai ser en contra, como foi en tódolos plenos que tratamos o tema do consorcio, dos distintos consorcios que por aquí pasaron, que eran nove, polo tanto, non se nos pode acusar esta vez de electoralismo. Nin tampouco vou acusar eu de electoralismo ó Partido Popular porque faga esta nova proposta.

En primeiro lugar direi que xa dixemos en múltiples ocasións, porque viñeron moitas veces en Pleno, desde o ano 99 que comezamos esa lexislatura, proxectos, contraproxectos, modificación de proxectos e demais, dos consorcios de parques de bombeiros, convenios e de todo.

Sempre dixemos claramente que entendiamos que era un tema que estabamos sacando as castañas do lume á Xunta de Galicia, que en ningún caso estaba clara cál era a nosa participación, que era un absoluto caos, porque había parques de bombeiros sen consorcios, consorcios sen parques, etc., etc., e permítanme que lea un breve parágrafo da intervención da nosa compañeira, Margarida Vázquez Veras, nas que dicía: “Neste sentido insisto en que dá a impresión de que o tempo non vai rectificando as cousas e de que o que mal empezou, mal vai acabar”. Parece que o grupo do BNG como pitoniso non tería prezo, pódemonos dedicar todos no futuro a ler o futuro, porque parece que nos vai de marabilla. Creo que queda demostrado en que algo que veu aquí en diferentes ocasións, que aprobamos e reprobamos e modificamos, ó final vostedes mesmos, o propio grupo de goberno, desfaino, di que estes nove consorcios que aprobamos xa non valen e que agora imos facer un único consorcio provincial.

Pero ben, esta película non acaba aínda aquí, porque ademais diso temos un convenio co Concello de Santiago de Compostela, que non é só co Concello de Santiago de Compostela, é con dez concellos da comarca -se non lembro mal, senón, pódenme correxir, pero lembro así por riba que é, cando menos, con dez concellos da comarca-, que non entran neste plan provincial, polo que teño entendido, ese convenio do Concello de Santiago de Compostela sigue vixente, polo que teño entendido, e ademais temos outras comarcas e outros concellos cos que non hai convenio, e que tampouco están neses consorcios. Polo tanto, é un panorama que creo que deixa ás claras que vai volver, e eu si que vou dicirle a palabra fracaso, e con letras grandes, porque foi un fracaso traer nove plans de consorcio aquí, aprobar cincuenta veces non sei cuántos modificados, para despois ter que dicir que non, que ó final imos ter un só consorcio, iso si, con nove parques, e ademais imos a ter á parte un convenio dunha cidade con outros dez concellos ós que representa a deputación, e ademais imos ter non sei cantos concellos, que quedan aínda á marxe, e ademais imos ter

algunha cidade que aínda non entra, nin sequera tampouco está conveniada. Polo tanto, segue o panorama sen despexarse, sen estar claro que é o que se quere facer a este respecto, e por este motivo e non por ningún outro, a postura do BNG vai ser en contra. Gracias.

#### Sr. Fernández Moreda

O grupo socialista vaise abster neste punto, e vaise abster porque non compartimos o como se están facendo as cousas, aínda que si compartimos a necesidade de dotar a provincia de parques de bombeiros.

E desde hai catro anos estamos falando nesta cámara, na Deputación, desde hai catro anos estamos falando dos parques de bombeiros, pero os parques de bombeiros aínda non funcionan, é algo virtual. E estamos improvisando, todo o que esá pasando con este tema anunciouno o grupo provincial socialista na anterior lexislatura, e dicía que compartiamos a necesidade de dotar á provincia de parques de bombeiros, e lembro que os parques de bombeiros son froito dunha moción que o grupo provincial socialista presentou nesta deputación na anterior lexislatura. Pero estase improvisando, ó ver este tema e outros temas, a min lémbreme os versos de Machado, aqueles que dicía “camiñante, non hai camiño, faise camiño ó andar, e ó volver a vista atrás vese a senda que nunca se vai volver a pisar”, pero aquí facemos camiño ó andar, improvisamos, pero cando volvemos a vista atrás, por desgracia, sabemos que imos volver pisar outra vez a senda por onde fomos, e que nos levou de erro en erro, de improvisación en improvisación.

Eu non sei se isto, eu creo que hai varias categorías de políticos, hai o bo, e hai o político como o piloto do avión que despega sen saber a onde vai, e hai o político que está tira millas, e millas, e millas, e nunca despega porque non sabe a onde vai. Eu creo que na anterior lexislatura, ó fronte desta deputación estivo un político que despegaba rapidamente sen saber a onde ía, e agora, nesta lexislatura, a nova Corporación ten co aparato no aire, tratar de fixar rumbos e fixar destinos, aínda que non se fixan con moita precisión porque non parece que haxa un rumbo, aínda que si un destino, non parece que fixara un rumbo con antelación.

E ante isto, con estas reflexións, ocórresenos facer unha proposta, e facemos a proposta desde a lexitimación que nos dá formar parte desta corporación, sendo oposición, e desde a lexitimación moral que nos dá o ter advertido de tódolos problemas que o tratamento que o goberno da deputación estaba dando ó parque de bombeiros, ían suceder, porque está pasando todo o que nosoutros dixéramos, e que moi ben dixo a representante

do Bloque Nacionalista Galego, improvisamos, o que se fai un Pleno, no vindeiro Pleno xa non serve. Pois ben, agora dísenos que imos iniciar un proceso para constituír o consorcio provincial, ímonos abster, porque non nos gusta cómo se fai, aínda que se non votamos en contra é porque estamos de acordo en que deixe de ser unha realidade virtual para que os plans de bombeiros, que falamos deles desde hai catro anos, sexan unha realidade e presten un servicio.

E a proposta é moi simple, nosoutros entendemos que todo aquilo, toda aquela decisión política que vai ter unha continuidade no tempo, máis alá do mandato dunha corporación, esas decisións políticas, necesariamente, deberían de ser consensuadas, é dicir, aquelas decisións que se esgotan, se toman e se esgotan no mandato dunha corporación é a lexitimación que ten o goberno para tomar esas decisións, pero aquelas decisións que veñen de corporacións anteriores, que seguen nesta e que van continuar en corporacións futuras, creo que deberíamos consensuar para evitar que estas cuestións que son fundamentais para a provincia estean sometidas ó azar da representación política e ó azar das confrontacións electorais, de que gañe un ou non gañe outro, e estámolo vendo, estas cousas pasan, porque estamos cambiando moitas obra que uns alcaldes, no exercicio lexítimo dos seus dereitos, planificaron para anos que van máis alá da propia lexislatura, que cando hai unhas eleccións se cambia a cor política do alcalde, cámbianse eses proxectos e pónense outros proxectos, e isto non é moi serio, é algo que pasa, pero non é moi serio. Entón, a proposta que nos gustaría facer é que neste consorcio que se vai crear provincial, que houbese unha representación, con voto ponderado, dos grupos desta deputación, porque este é un tema que imos tratar, dentro de tres anos imos seguir tratando, e dentro de tres anos, quizais non nosoutros, pero si haberá unha representación política do Partido Popular, unha representación política do Partido Socialista e unha representación do Bloque Nacionalista Galego. Pois ben, esas cousas é mellor que se debatan, que teñamos un punto de encontro onde poidamos, non controlar, suxerir, fornecer ideas para que estas cousas que son necesarias, non estean sometidas ó azar da improvisación, e para que estas cousas que son necesarias, e que van ter unha continuidade no tempo máis alá do noso propio mandato, teñan unha continuidade efectiva e non se poñan en cuestión porque quen gobernaba era un equipo, e agora goberna outro. Esta é a suxerencia que lles fariamos.

Agora imos nomear neste punto a don Juan Blanco Rouco como representante da deputación nunha comisión xestora que terá que elaborar uns estatutos do consorcio. Nosoutros, si é posible, pediríamos que ese consorcio, con voto ponderado, para que non haxa problema, e co afán, non de controlar, senón de participar eu, suxerindo, fornecendo ideas, haxa unha representación dos distintos grupos que conforman esta corporación.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Inicio a miña intervención dicindo que a iniciativa e a aposta pola construción do parque de bombeiros na provincia da Coruña, é do grupo popular, que é quen apostou realmente, e quen puxo en marcha o plan, quen apostou, quen puxo a economía, quen puxo a dotación orzamentaria, e o rumbo e o destino desde o primeiro momento teno claro o grupo popular, que é dotar dun servizo que consideramos moi importante, acorde cos tempos, o establecemento de parques en ámbitos, fundamentalmente comarcais, que atendan o conxunto da poboación.

De hai algún tempo hai unha iniciativa de grupos municipais de intervención rápida que veñen facendo un labor moi importante, permanente, en toda Galicia, e iso trae consigo que se estableza dunha maneira definitiva ese procedemento, ese servizo, que teña un habitáculo, que teña un espazo onde situarse, e polo tanto iso é o que queremos levar a cabo. E o que propoñemos hoxe, o que traemos aquí a proposta é a conformación dun consorcio provincial, aínda que, efectivamente, tomaranse outros acordos de facelos consorcios locais onde estaban instalados os parques.

E se me vou referir á intervención da representante do BNG cando apuntaba que quen mal empeza, mal acaba, eu creo que isto vai acabar cun parque de bombeiros funcionando a pleno rendemento, dando reposta a unha demanda da poboación e, polo tanto, esa é a misión do grupo popular, outra cousa é que o BNG teña unha visión de que a implantación deste servizo, que non sexa necesaria.

Di, se mal acaba, pero, ¿onde vai acabar?, ¿onde vai terminar no tempo?, na implantación do servizo, eu creo que iso acaba ben, porque acaba prestando algo que a poboación está demandando permanentemente.

¿Cal é a modificación que nosoutros traemos aquí hoxe para a conformación dun consorcio provincial?, fundamentalmente o acordo da Xunta e da deputación para o mantemento deses parques de bombeiros. Había, en principio, prevérase, estudiárase, que puidera haber unha participación da Xunta, deputación e concellos, ben, pois agora trátase de dar un paso máis e de que a participación dos concellos, sobre todo no eido económico, asúmana, tanto a entidade provincial, neste caso a deputación, como a entidade autonómica, que é a Xunta de Galicia, iso libera economicamente a participación dos concellos, e sobre todo podería facer moito máis áxil o que é a conformación del.

Polo tanto, a pretensión, ou o obxectivo deste consorcio provincial vai nesa liña, é dicir, de que asuma a entidade autonómica, a entidade provincial, os custos ó cen por cento do mantemento, para que queden liberados concellos, e que iso axilice e que non cree tantos problemas, porque incluso cando se solicitou dalgún concello se se involucraba, ou se ía participar, ou se tomaba o acordo para incorporarse ó tema destes parques de bombeiros,



mesmo había algún problema nalgún concello, por parte de fixar cál ía ser a achega económica, aínda que fora mínima, pero que podía supoñer algún tipo de problemática para os concellos.

Polo tanto, cremos que este é o camiño adecuado nestes momentos, que é tratar de axilizar no menor tempo posible o consorcio provincial que se inicia hoxe co nomeamento do representante da deputación, logo haberá que elaborar os estatutos, haberá que expoñelos, haberá que aprobalos, etc., etc., pero polo tanto, o que vai é a facilitar, e o que vai é a posibilitar que, entre Xunta e deputación, poidan asumir este servico nas mellores condicións.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Imos votar que quede sobre a mesa este punto.

Por unanimidade, apróbbase que este punto quede sobre a mesa.

### **3.-APROBACIÓN DAS BASES DO PLAN XXI PARA O FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

#### INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Eu despois do punto número dous, vou ser fulminante, porque non sexa que vaia falar en balde, entón igual me explano aquí, tomei as miñas notas e, ó mellor, non me serve para nada, agora xa obrigadamente, porque ademais é unha perda de tempo. Un pouco máis en serio, non porque digo que, claro, despois das intervencións que hai, que queden os temas sobre a mesa, aquí algo está pasando, pero ben, en fin, xa tomaremos nota.

O Sr. Erias, falaba no punto do expediente de modificación de créditos desas novas propostas, deses novos plans, desas novas achegas para determinados plans, e falaba, sobre todo, do seu interese en cerrar os plans que xa existían, supoño que esa referencia que se facía, facíase cunha idea de chegar a un certo camiño na racionalización das diversas actuacións que fai esta deputación. Despois ó final, o que pasa é que a realidade é tozuda e ademais é unha realidade contraria que está nas antípodas do que está defendendo, na teoría, o grupo de goberno.

O terceiro punto, a aprobación das bases do Plan de fomento de turismo, que non é unha declaración de fe sobre se nos parece interesante que a deputación colabore nun Plan de turismo, isto é a aprobación dunhas bases concretas, específicas, que marcan criterios e que asignan unhas cantidades económicas, entón a ver se nos centramos no que estamos falando, a aprobación, a proposta destas bases é, ó noso xuízo, outra volta máis de rosca na política á que xa nos referimos, que é a que nos está levando a que acabe de pasar o que pasou no punto dous, que despois ó final metémonos en todo, metémonos en tódalas competencias, e o resultado é que non nos aclaramos, pois hoxe, solemnemente esta deputación inicia a súa competencia na actuación no fomento de turismo, queda inaugurada esta nova competencia da deputación, cunha partida oitocentos e pico millóns de pesetas, e unha consignación, ou previsión, de investimento de 1000 millóns de pesetas para o ano 2002, é dicir, cunha cantidade bastante aceptable, non é este moco de pavo, como se adoita dicir, é un plan que ademais solemnemente, vai solemnemente apoiado economicamente.

¿Por que digo todo isto?, porque claro, cando as cousas se prevén e cando un ten unha certa experiencia nestas cousas, e eu creo que a nosoutros pódese criticar de todo, pero non, desde logo, de non ter coñecemento da realidade do que ocorre nesta casa, e non está hoxe aquí en discusión se a deputación nun momento determinado pode considerar a súa actuación e a súa complementación de actuacións, que se están facendo en materia de turismo. Non está hoxe aquí en discusión tampouco se a promoción do turismo representa nun país coma o noso, do turismo en tódalas súas vertentes, porque claro, ás veces dáme a impresión de que aínda ás veces segue en vigor por aí o turismo de castañola, entón, do turismo, sobre todo do turismo na súa importancia do coñecemento cultural e das relacións sociais e dos pobos, se iso é importante, porque non é importante, é fundamental, nun mundo coma o que estamos vivindo.

O que está hoxe aquí en discusión é se agora mesmo é necesario e urxente que a deputación actúe especificamente, singularmente e unilateralmente nesta materia e asignándolle a ela un investimento, como acabo de dicir, máis que importante.

Primeira cuestión, as propostas de actuación que se están fixando aquí están dirixidas a unha competencia que ten asumida total e absolutamente a comunidade autónoma, pero é curiosísimo que, sendo así, xa sabemos no día de hoxe que hai moitísimos concellos, e moitísimas agrupacións de concellos, e moitísimos consorcios, que levan desde hai bastante tempo, non soamente facendo proxectos, senón concretando proxectos de fomento do turismo deste tipo. ¿Por que digo isto?, porque sería, eu non digo que necesario, senón que imprescindible, que souberamos que se esta actuación vai actuar no contorno provincial na dinamización deste tipo de actuacións, saiba primeiro o que xa temos, ¿temos algo?, por suposto que temos algo; ¿hai un punto de partida?, hai actuación individuais dos concellos, hai actuacións de consorcios, de novas agrupacións de concellos que se están facendo, que xa levan moitísimo tempo actuando aí, pero é máis, estas iniciativas que están postas en

marcha desde hai tempo, incluso están contando con financiamento doutro tipo de institucións supramunicipais, e a min non se me escapa aquí que, efectivamente, proxectos que xa están neste momento en marcha contan con gran financiamento por parte da Unión Europea, e é curioso, porque hai mes e pico, ou dous meses, que fomos á Unión Europea, eu non sei o que lle quedou ó resto dos compañeiros e compañeiras, pero canto menos, o que me quedou a min na cabeza é que hai unha cantidade inmensa de posibilidades de aproveitar os recursos da Unión Europea para proxectos que xa neste momento están nas nosas cabezas, e mesmo algún deles, que xa están escritos, e mesmo algún deles, que xa están en marcha, pois collamos, partamos do que temos e vexamos cómo pode a Deputación da Coruña complementar esas actuacións que xa se están facendo.

Eu coñezo, por exemplo, na miña comarca, hai un ano que se está xestando un proxecto que se chama Costa Ártabra, por exemplo, que vai ó corazón das propostas teóricas que está facendo esta deputación, está encamiñado nesta bases. Nembargantes, e como explicarei máis tarde dame a impresión de que este tipo de proxectos poden quedar á marxe do financiamento da deputación, e eu vou explicar porqué. Ó noso xuízo as bases, o único que fan, as bases que se aproban hoxe aquí, o único que fan é darlle un encaixe, entre comiñas, a unha proposta política sen mirar un mecanismo que sexa artellador e racionalizador, sobre todo dunha iniciativa tan importante coma esta. Por exemplo, non se ten en conta o partir desas iniciativas que xa están en marcha, de encadrar, por exemplo, na convocatoria que se fai, a agrupacións de concellos que xa están aí, léase que nas bases figura que xa hai un tipo de concellos, os maiores de 50.000 habitantes, que non poden optar a este tipo de actuacións, co cal por engadido, se eses concellos están agrupados con outros nunha iniciativa, e falo dun caso que coñezo, do proxecto Costa Ártabra, que inclúe a dez ou doce concellos, xa se teñen que quedar automaticamente fóra o que é o proxecto de Costa Ártabra, e soamente nos queda a posibilidade de concello por concello, na pequena dimensión, ir mirando qué é o que metemos, é dicir, estamos fomentando, e aquí estamos no debate de sempre, estamos fomentando o minifundismo político fronte á racionalidade política. Se temos xa en marcha proxectos deste tipo, poñámoslos enriba da mesa, e vexamos onde é urxente actuar.

Continúo. Na tipoloxía de actuacións que se presentan, que son susceptibles de financiamento a través destas bases, por exemplo non figura o que para nosoutros hoxe, para nosoutros, e desde logo, por datos que temos, para moitísima xente do resto do Estado, do resto de Europa e mesmo do resto do mundo, é un turismo en boga, que é o turismo cultural. A cantidade de patrimonio histórico artístico do que dispón a nosa provincia, non figura cun apartado a dinamización, a recuperación do fomento harmónico dese patrimonio, non figura como un punto singular dentro desta convocatoria que se nos trae hoxe aquí.

E despois, finalmente, a aplicación dos criterios que teoricamente teñen que ponderar para facer o reparto a cada un dos concellos, tamén é moi discutible, porque a ver como se

pondera esa relación superficie poboación, claro é moi difícil saber se en un momento determinado ten que ter máis dereito a un financiamento por parte desta deputación un concello simplemente porque ten máis habitantes, e non porque, ó mellor, o proxecto que presenten, ou o programa que presenten poida ser moito máis atractivo, non xa para ese concello, senón para o conxunto da provincia.

A relación que se fai no tema das festas tradicionais non se concreta máis, aquí pódese meter de todo, non sei se as romarías, se son as festas con bandas de música, se son as festas sen bandas de música, en fin, qué son as festas tradicionais. Ou o que se denomina aquí factores de interese turístico, que eu non sei o que son, habería que concretar que son factores de interese turístico, porque son moitos.

En calquera caso, si quieramos tamén facer unha mención ós informes que figuran anexos á proposta porque tamén é importante saber cómo se lle dá corpo, desde o punto de vista xurídico, desde o punto de vista operativo, ás propostas que fai esta Corporación, e vou facer única e exclusivamente mención a un informe que figura anexo, con data do sete de maio, onde se di claramente que a composición que “... A composición da Comisión que se enumera, non se adecúa ós criterios do artigo 32.2 da Lei de bases de réxime local e 103.2 tocante co 68 da Lei de Administración local de Galicia”, tocante ó que é a participación dos membros da corporación, e a proporcionalidade que ó noso xuízo, deberíase de gardar, con algo ó que se referiu tamén antes o Sr. Moreda, que é precisamente con que esta deputación, por máis que teña unha maioría nas súas decisións, é plural. Entón, iso sería unha chamada.

E a segunda, que eu creo que tira por terra, precisamente, todo o propio sentido e a reflexión que se fai respecto do tema competencial e di, textualmente, por outro lado, segundo o artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia “...No marco do presente estatuto, correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva das seguintes materias: 21, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade”, isto non é ningunha broma; quérese dicir que hai un órgano da Administración que ten a competencia de ordenar e promocionar, pero sobre todo ordenar o turismo, e eu preguntome se ese plan de ordenación, se é que existe, e teno a comunidade autónoma, se é que o vai seguir esta deputación, como por outra parte, por lei, debe de facelo. ¿Onde está ese plan?, ¿onde está esa adaptación das medidas que nosoutros imos facer a ese plan?, ¿ou é que nos dá igual que exista a comunidade autónoma por arriba?

E, polo tanto, eu quero dicir claramente que este é tema tamén importantísimo, que non é simplemente unha declaración de fe e de asignación de mil e pico de millóns de pesetas para unha boa causa, isto é moitísimo máis ca iso.

Polo tanto, Sr. presidente, nosoutros non nos podemos mostrar favorables ás bases tal e como se presentan hoxe aquí, porque no caso de que houbera que facer unha actuación deste tipo, no caso de que houbera que facela, é evidente que o camiño que se escolle é un camiño equivocado, e ademais atévome a dicir que, posiblemente, vaia levar ó seu final a resultados que levaron outro tipo de actuacións nesta materia. Poñámonos a traballar como nos temos que poñer a traballar, non deixemos fóra determinado tipo de actuacións mancomunadas, ou de agrupacións de concellos, que son fundamentais, porque hoxe non cabe concebir unha actuación deste tipo sen ter en conta que os concellos temos unhas barreiras que son artificiais e que a boa utilización e a correcta e racional utilización dos recursos turísticos, esta é unha visión comarcalizada, se non, non hai nada que facer, e iso non é que o diga eu porque son teórico, é que o digo eu porque eu vívo así nos casos que coñezo. E, polo tanto, eu creo que empezamos mal porque, para empezar, xa deixamos fóra este tipo de iniciativas, e eu creo que, efectivamente, de algo ten que valer case unha comunidade autónoma que teña competencias e que teña que ordenar o sector turístico na nosa terra.

Polo tanto, partamos desa base, e despois, si sentémonos aquí se é necesario, a discutir outras bases. O noso grupo, en todo caso, vai manter unha posición de abstención destas bases cara a aprobación destas bases por parte do pleno.

Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Vou dicir unha cousa que sei que non lle vai gustar, porque é un home austero, mesmo na recepción das gabanzas, e é unha cousa que pode ser mal entendida, pero quero felicitalo pola actitude que tivo vostede ó deixar sobre a mesa o punto número dous, non é unha derrota, é algo que o honra e dígollo de corazón. E como o cortés non quita o valente, imos ó punto número tres.

Eu teño que discrepar da apreciación que fixeron os tres portavoces que interviron no punto número un do expediente de modificación de créditos, cando os tres se referían, tanto o Sr. Erias, coma o Sr. Doval, coma o Sr. Lagares, eu creo que non se está creando ningún plan novo, eu creo que o que están creando son bolsas de distribución de fondos, que teñen aparencia de plans, pero que non son plans, pero no ámbito metodolóxico e argumental, imos designar a estas bolsas de distribución de fondos coa palabra de plans.

Eu creo que se está cometendo o mesmo erro que se cometeu na pasada lexislatura, é dicir, estase xerando unha dispersión de plans, unha dispersión de plans que vai crear confusión nos municipios, que vai crear dificultades administrativas na casa, e que non se van poder executar coa axilidade e coa rapidez coa que todos queremos que se execute.

E pon ademais este punto número tres de manifesto unha incapacidade de xestión da deputación. Desde outubro do ano 2000 sábese que hai un orzamento para facer o Plan de turismo, desde outubro do ano 2000 e coñécese a cantidade que ten; 16 de maio tráense as bases de aprobación e díselles ós concellos que, cando reciban a cantidade que van ter para cada municipio, a partir de aí ten un mes para presentar proxectos. ¿Que estamos poñendo de manifesto aquí?, que se desde outubro sabemos que imos facer un Plan de turismo, desde outubro podíase saber cál era a cantidade que cada concello ía recibir, e desde outubro xa se podía ter aprobado isto e os concellos coñecido a cantidade que reciben para poder presentar proxectos; ¿que vai pasar con isto?, vai pasar que este plan non se vai executar posiblemente este ano, porque teñen que presentar proxectos, e se unha das cousas que estamos sempre dicindo aquí, que unha gran parte dos problemas de xestión que temos cos plans é que os proxectos están mal redactados, ou que os concellos certifican que teñen os terreos a disposición -que fan ben, porque se non o certifican perden o diñeiro-, cun mes de prazo que lle estamos dando, van ter dificultades os concellos para redactar os proxectos, para poñer os terreos a disposición, é dicir, estamos xerando o mesmo problema que estamos tratando de evitar e que achacamos ós anteriores rectores.

Eran simplemente estas consideracións que quería facer, á parte de que, lamento discrepar do meu distinguido colega, o Sr. Erias, porque utilizaba como argumento no debate da modificación de créditos, dicía que o expediente de modificación de créditos poñía de manifesto a cooperación institucional, e ese argumento que podía ser válido para o punto número un, é un argumento que non encontra acomodo no punto número tres, porque non hai cooperación nin coordinación institucional. Isto tería que facerse, ¿quen ten a competencia de turismo?, a competencia de turismo tena o Goberno Autónomo de Galicia, pois fagamos un Plan de turismo coa Xunta de Galicia para fixar criterios e non andar competindo na distribución de fondos públicos.

Eu creo que si que non hai coordinación, nin hai cooperación, porque non é unha competencia da deputación, si é unha competencia da comunidade autónoma. E a terceira reflexión que vale tamén para os outros chamados plans que se crean neste plan, eu creo, e é unha reflexión, que había que ir cara un plan único, porque de verdade que estamos, coa multiplicidade de plans que hai na deputación, xeramos confusión nos concellos, e xeramos problemas de tramitación aquí, estámolo vendo, estanse vendo. Dícián os do Servicio de plans que tiñan que facer encaixe de palillos, dicían hai un ano, para entender todo o proceso de tramitación de plans, cos plans, os modificados, os reformados, o modificado do reformado, o reformado do modificado..., son cousas que están pasando; dígoo como idea que se ha reflexionar, propoñerse dunha vez o destinar tódolos fondos que ten a deputación para cooperación, facer un único plan con varios eixos, temos unha enquisa de infraestructuras que a deputación está mantendo, e que é caro de manter, utilicemos os datos desa enquisa de infraestructuras. Sabemos, a deputación sabe cáles son as necesidades que

ten cada concello, porque témolo testado, fagamos un único plan con varios eixes, un eixe de saneamento, un eixe de abastecemento, un eixe de turismo, se se quere, un eixe de estradas, o que sexa, e primemos con distintas porcentaxes de subvención, segundo se vaian os concellos a un eixe que considera a deputación máis prioritario, ou menos prioritario, e deixemos que os concellos, que saben de todo iso, que fagan os seus proxectos, que presenten os seus proxectos, e que a deputación os financie.

Eu creo que con isto axilizariamos a xestión e a deputación estaría cumprindo o que é o seu labor principal. A deputación non é unha entidade política, aquí as decisións que tomamos non significan orientacións estratéxicas que logo van facilitar, ou van ordenar, a evolución da sociedade por un determinado camiño. É unha entidade cun compoñente administrativo moi forte, e ten un compoñente político que non negamos que deben de utilizar e que nosoutros utilizaremos se algún día temos a responsabilidade de gobernar, pero o compoñente político é a porcentaxe máis cativa da actividade da deputación. Polo tanto, enfoquemos o órgano, a deputación, como unha entidade administrativa, prestador de servizos, ó servizo dos concellos, e se compartimos esta idea podemos racionalizar os plans de tal forma que os concellos estean máis satisfeitas, a deputación estea máis orgullosa do destino dos seus fondos, e todos esteamos máis felices, porque ó final, o obxectivo de todos nosoutros nesta vida é ser felices, e que os que viven ó noso lado sexan felices tamén.

Polo tanto, con estas reflexións, como dicía antes, que o cortés non quita o valente, termino, reitérolle a felicitación ó presidente, e o noso voto vai ser de abstención.

#### Sr. Varela Rey

Quédome coas últimas palabras do portavoz do PSOE. A deputación debe de ser unha entidade colaboradora, debe de ser unha entidade que apoie as inquietudes dos concellos, debe de propiciar unha cooperación permanente entre concellos e institución provincial e, sobre todo, debe de dar as respostas pertinentes ó que é o día a día.

Eu lembrareilles ós dous grupos cal é a proposta e cal é a natureza do plan: o obxecto do presente plan é dotar de obras, subministracións ou servizos que permitan potenciar ou mellorar a actividade turística dos concellos, especialmente a relacionada co medio natural, promovendo o acondicionamento de bens, estruturas e áreas de interese turístico e titularidade municipal, e así podería continuar.

En ningún caso no obxecto do plan, no desenvolvemento do plan, fálase de ordenar o que é o turismo na comunidade, senón que se fala de qué tipo de obras, que tipo de subministracións, que tipo de servizos pode e debe dar a deputación ós concellos, pero é que iso, sabemos os que estamos nos concellos a necesidade que temos día a día. Os concellos que temos litoral, que temos praias, ¿que temos que facer? colocar auga corrente,

colocar servicios, colocar sinalizacións, colocar accesos, poñelo nas mellores condicións para o goce permanente, o que está na costa, o que está no interior e ten algo que promover no eido cultural, ten que facer exactamente o mesmo, ten que posibilitar onde aparca o autobús, a onde pode ir. Esas son accións de tipo concreto, iso no significa facer unha planificación de ámbito autonómico ou de ámbito nacional, e independentemente diso, tampouco está descartado, en ningún caso, que a deputación poida formar parte dese fomento e esa promoción do interese turístico.

No sentido que falaban os grupos que compete a autonomía, o fomento e a ordenación, ¿significa que os concellos non facemos nada nese campo?, ¿e que teriamos que dicir?, ben, como compete á Xunta de Galicia, que no tema turístico que o faga todo a Xunta; ¿cal é a realidade dos concellos?, porque todos os que estamos aquí somos, ou alcaldes ou concelleiros, ¿canto investimos nos nosos concellos para promover a afluencia do turismo en cada unha das manifestacións?, tanto que sexan puntuais como poidan ser actividades festiva ou lúdicas, como poida ser o goce da natureza, que eu creo que podemos potenciar cada vez máis, como poden ser todos aqueles aspectos que sinalan aquí. Eu recórdolle a tipoloxía de obras, subministracións e servicios.

Obras, os bens e instalacións sobre os que se poderá actuar no desenvolvemento dos investimentos con carácter orientativo, as seguintes: praias, acondicionamento de acceso ou mellora de equipamentos; turismo náutico, coa creación e mellora de infraestructuras; espacios de interese natural, sinalización, centro de interpretación da natureza, puntos de información, mellora de accesos, acampada, áreas de ocio, turismo rural, sendeirismo ou subministracións, como pode ser, sinais ou mobiliario específico. ¿Que facemos os concellos?, empeñarnos e, ás veces, gastar diñeiro onde non o temos. ¿Que necesitamos os concellos?, a achega da entidade provincial para que mellore substancialmente aquilo que estamos ofrecendo día a día.

Eu creo que aquí nas intervencións, tanto o BNG, como posteriormente do voceiro do PSOE, estíbese filosofando un pouco máis do que é un plan global, ou do que debe ser o turismo no eido autonómico, no eido de Estado, que me parece moi ben que o promovan; eu creo que o grupo de goberno o que falan son de funcións concretas e específicas, actuacións que estamos facendo no día de hoxe ós concellos, e que estamos gastando o diñeiro, e o que fai a deputación é que onde nosoutros estamos gastando, vinte, trinta ou corenta millóns, di: “aí vaiche algo máis, ¿para que?, para que ti poidas mellorar, para que entre a achega que fai o concello e máis a que eu che fornezo, que complemente todo o aspecto turístico”, porque ó final ten unha incidencia no social, no cultural, pero sobre todo ten unha incidencia económica nas nosas familias, tanto na xente que vive no interior, como a que vive na costa. E, polo tanto, eu creo que aí é onde esá a distinción, estamos falando dun plan sobre actuacións concretas e puntuais, nada tampouco que estea inventando, senón un apoio decidido sobre o que debe de ser o noso turismo nas distintas modalidades, porque eu



creo que aquí está contemplado creo que ten acollida cada un dos concellos da nosa provincia e, polo tanto, estamos seguros que será un tema ben acollido, en principio polos alcaldes, polos concellos e polas corporacións, e en segundo lugar, que é o destino e o obxectivo, de propiciar que a xente que nos visite se sinta máis a gusto, aprecie máis os valores que nosoutros temos, e para que teñamos os mellores servicios. Máis nada e moitas gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (10 do PSOE e 3 do BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar as bases de convocatoria do Plan XXI de Fomento do Turismo de Natureza da provincia da Coruña, anualidades 2001-2002, consonte co seguinte teor literal:

#### **BASES REGULADORAS**

##### **1.-Denominación e aplicación orzamentaria**

O presente Plan XXI para fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña, anualidades 2001 e 2002, ten carácter plurianual e contén previsións de achegas provinciais que se han materializar durante os exercicios ós que se fixo mención.

O plan é de carácter plurianual no senso de conter a planificación e programación plurianual dos investimentos que se han executar durante cada un dos anos da súa vixencia, e requirirá que anualmente se proceda á aprobación definitiva dos investimentos que correspondan a cada exercicio.

O financiamento dos investimentos incorporados ó plan será realizado a través de achegas da Deputación provincial, e se é o caso, das que voluntariamente decidan achegar os concellos.

Os concellos poderán realizar achegas voluntarias ós investimentos respecto dos que soliciten a súa incorporación ó plan. En todo caso, no acordo plenario de aprobación do plan quedará fixado definitivamente o cadro de financiamento do tódolos investimentos incorporados a el.

A inclusión de investimentos no plan será compatible con calquera axuda concedida a elas por calquera axente financiador público ou privado nas condicións de financiamento que queden establecidos nos acordos de aprobación do plan.

A achega provincial á anualidade de 2.001 financiarase con cargo ás partidas orzamentarias 0305/751A/76299- e 0305/751A/462.00.

A achega provincial prevista queda establecida nos seguintes termos:

Achega provincial de 2.001: 755.000.000 pesetas con cargo á partida orzamentaria 0305/751A/76299 725.000.000 pesetas e 0305/751A/462.00 30.000.000 pesetas.

Achega provincial de 2.002: 1.000.000.000 pesetas.

## 2.-Obxecto

### 2.1.-Natureza do plan

O obxecto do presente plan é o de dotar de obras, subministración ou servicios que permitan potenciar e mellorar a actividade turística dos concellos, promovendo o acondicionamento de bens, estruturas e áreas de interese turístico, de titularidade municipal, así como en xeral a posta en valor do potencial turístico de carácter medioambiental nos terminos municipais da provincia, con excepción dos concellos da provincia con máis de 50.000 habitantes.

A exclusión do plan dos concellos de máis de 50.000 habitantes xustifícase polo feito de ter os tres concellos da provincia que reúnen ese requisito unha maior capacidade financeira que lles confire maior potencial de financiamento dos investimentos previstos no plan.

A intención da deputación ó convocar o presente plan é a de promover a mellora e posta en valor de atractivos turísticos, tanto especificamente de zonas litorais como de zonas de interior, e que están significando e poden significar unha mellora notable do atractivo de diferentes arredores da provincia.

Os investimentos que se van realizar terán, fundamentalmente carácter de obras, subministracións ou servicios relacionados con novas infraestructuras, limpeza, mellora, adecuación, e articularán unha política de promoción da cultura, da natureza e da paisaxe das comarcas da provincia.

## 2.2. Destino dos investimentos

As solicitudes que van realizar os concellos deberán estar destinadas ás obras, subministracións e servizos con obxecto de posta en valor, recuperación, mellora e adecuación de bens, instalacións, zonas ou áreas de interese ambiental ou espazos de recreo ligados ó medio natural. En particular defínense os ámbitos de actuación referidos en: a) zonas costeiras: acondicionamento e sinalización de accesos e instalacións de praia, instalacións de camping, turismo náutico, etc.; b) zonas rurais: actividades relacionadas coa natureza (rutas de sendeirismo) e en xeral o relativo a turismo rural.

Os investimentos incorporados no plan serán contratados e executados polos concellos, non podendo en ningún caso a contratación con carácter plurianual.

## 2.3. Tipoloxía de obras, subministracións e servizos

A título de exemplo, as actuacións que se realizarán serán:

(a) Obras. Os bens e instalacións sobre os que se poderá actuar no desenvolvemento dos investimentos, con carácter orientativo, serán os seguintes:

- a.1) Praias: acondicionamento de accesos, mellora de equipamentos.
- a.2) Turismo náutico: creación ou mellora de infraestruturas.
- a.3) Espazos de interese natural: sinalización, centros de interpretación da natureza, puntos de información, mellora de accesos.
- a.4) Acampada: creación de áreas, acondicionamento e mellora de existentes.
- a.5) Áreas de ocio e esparexemento: melloras de accesos, mellora de arredores.
- a.6) Turismo rural: instalacións para actividades relacionadas, rehabilitación de instalacións de titularidade pública, sinalización.
- a.7) Sendeirismo e rutas da natureza: adecuación e sinalización.
- a.8) Itinerarios ou rutas singulares (ex. Camiño de Santiago).

### (b) Subministración

Sinais, mobiliario específico (para praias, áreas recreativas, etc.), elementos móbiles (carpas, equipos eléctricos ou mecánicos auxiliares).

### (c) Servizos

Servizos de información turística ou de recursos, plans de sinalización turística, plans municipais de desenvolvemento de turismo de natureza.

En xeral, poderá ter cabida no plan toda obra, subministración ou servicio que teña como fin a mellora, conservación e posta en valor do patrimonio natural e cultural que, aínda que non apareza na relación anterior cumpra os obxectivos xerais previstos no presente plan.

#### 2.4. Memorias técnicas orzadas ou proxectos técnicos.

Os concellos que formulen solicitude de participación no plan, deberán achegar con ela as memorias técnicas orzadas, ou proxectos técnicos cando así o esixa a natureza do investimento que se vai realizar, e, en calquera caso, cando o importe do orzamento ó que vai referido sexa superior á cantidade de 5.000.000 de pesetas. Se a solicitude fora referida a obras que se van contratar deberá quedar definido o investimento que se vai realizar con indicación detallada das unidades e prezos unitarios, porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (13 e 6%, respectivamente), o correspondente ó IVE, e o prazo de execución. Se a solicitude fora referida a subministración ou materiais que se han utilizar en obras que vaian ser executadas por administración o orzamento deberá concretar as unidades e prezos e o IVE (Neste último caso, o IVE só poderá ser referido ós materiais subministrados por terceiros).

As memorias ou proxectos técnicos deberán ser subscritos por técnicos competentes por razón da materia á que vaian dirixidos, terán un prazo de execución que non poderá ser superior ó ano e deberán ser aprobados polo pleno municipal.

#### 2.5. Posta a disposición dos terreos

Tódolos extremos ós que se fixo mención deberán quedar acreditados na solicitude mediante as oportunas certificacións e informes emitidos polos servicios técnicos e administrativos dos concellos.

Os concellos deberán dispor, con carácter previo á contratación das obras, subministración e servicios, de tódolos permisos e autorizacións dos órganos competentes da Administración, en particular os referidos á administración hidráulica, costeira e ambiental.

### 3. Destinatarios

O presente plan ten como destinatarios tódolos concellos da provincia da Coruña, excepto os de poboación superior a 50.000 habitantes.

As solicitudes de participación no plan poderán ser formuladas polos 91 concellos da provincia da Coruña con poboación inferior ós 50.000 habitantes. Previamente á

solicitud cada concello coñecerá o importe de crédito dispoñible para os seus investimentos ó longo do plan. O importe de crédito dispoñible para cada concello obterase mediante a aplicación de criterios obxectivos que incorporan as condicións do concello así como as súas particularidades relacionados co aspecto turístico.

A determinación das cantidades que se han asignar a cada concello, en aplicación dos parámetros recollidos na base sexta, será realizada por proposta da comisión avaliadora establecida na base sétima.

#### 4.Financiamento

O financiamento dos investimentos incorporados ó plan realizarase con achegas da Deputación da Coruña, e coas que voluntariamente acheguen os concellos, nos termos e condicións que se establezan nos acordos plenarios de aprobación do plan.

#### 5. Forma e prazos de solicitude

Os concellos que desexen participar no presente plan, solicitando a execución dos proxectos correspondentes, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes contado desde a comunicación ós concellos do importe dispoñible para cada un deles correspondente á anualidade do ano 2001, a documentación seguinte:

A solicitude para as obras, subministración ou servicios que interesen realizar na anualidade 2001 que deberá formularse en impreso normalizado. A esta xuntaráse a seguinte documentación:

Documentación de carácter administrativo:

a.1. Certificación do acordo plenario municipal en que se acorde: aprobar a solicitude de incorporación ó plan e en que se acepten expresamente as bases do plan; compromiso de dispoñibilidade dos bens e instalacións sobre os que se pretenda realizar o investimento; así como compromiso firme do concello de que realizará tódolos trámites que sexan precisos en orde á obtención de cantas autorizacións, concesións, permisos e licencias sexan necesarios para a correcta execución dos investimentos.

a.2. Certificación de acordo de aprobación das memorias ou proxectos técnicos presentados, con indicación do importe total de cada un deles e do cadro de financiamento deles con indicación específica para cada unha das fontes de financiamento.

## Documentación de carácter técnico

Memorias orzadas (b.1) ou proxectos técnicos (b.2) ós que vaia referida a solicitude, en función do orzamento.

Os concellos que formulen solicitude de participación no plan, deberán achegarlle as memorias técnicas orzadas, ou proxectos técnicos cando así o esixa a natureza do investimento que se vai realizar, e en calquera caso, cando o importe do orzamento ó que vaia referida sexa superior á cantidade de 5.000.000 de pesetas. Se a solicitude fora referida a obras que se han contratar deberá quedar definido o investimento que se vai realizar con indicación detallada das unidades e prezos unitarios, porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (13 e 6% respectivamente), e o correspondente ó IVE. Se a solicitude fora referida a subministracións ou materiais que se han utilizar en obras que vaian ser executadas pola Administración o orzamento deberá concretar as unidades e prezos e o IVE.

As memorias ou proxectos técnicos deberán ser subscritos por técnicos competentes por razón da materia a que vaian dirixidos, terán un prazo.

As memorias ou proxectos incluírán o prazo de execución dos investimentos.

Na memoria farase indicación da importancia de executar o investimento solicitado, accesibilidade, poboación beneficiaria, potencial turístico e previsións de utilización.

As solicitudes correspondentes á anualidade 2002 realizaranse a partir do mes de decembro do ano 2001, unha vez sexa comunicado a cada concello o importe dispoñible para a anualidade do ano 2002. Nela incluírase a documentación sinalada nos puntos a.1 e a.3, e documentación de carácter técnico. A esta documentación engadirase un resumo sucinto de estado de execución dos investimentos da anualidade 2.001.

## **6. Criterios de selección**

Tódalas solicitudes recolleranse nunha relación na que se describirá a situación e descrición dos investimentos propostos e o estado de cada un dos expedientes de solicitude conforme ó esixido nas presentes bases.

A selección dos investimentos que se van realizar realizarase tomando en consideración os seguintes criterios: a) que para cada concello non se supere o límite de crédito previsto; b) que se cumpren os obxectivos xerais e particulares definidos no plan.

O investimento dispoñible para cada concello para a anualidade 2001, sobre a base de aplicación de criterios obxectivos a partir das características básicas de cada concello e das súas particularidades relacionadas co potencial turístico será realizada conforme ós seguintes parámetros: superficie (15%), poboación (10%), número de entidades de poboación (15%), lonxitude de ribeira marítima e fluvial (20%), zonas naturais protexidas (15%), festas tradicionais (10%), outros factores de potencial turístico (15%).

A asignación de importe da anualidade 2002 realizarase a partir de decembro de 2001 e conterà, xunto ós parámetros considerados, un relativo a grao e calidade da execución dos investimentos por parte do concello. Os parámetros serán ponderados nas seguintes porcentaxes na asignación de cantidades para a anualidade do ano 2002 superficie (12%), poboación (8%), número de entidades de poboación (12%), lonxitude de ribeira marítima e fluvial (16%), zonas naturais protexidas (12%), festas tradicionais (8%), outros factores de potencial turístico (12%). calidade e eficacia na xestión, contratación e execución dos investimentos da primeira fase 20%..

En calquera forma, mediante o presente plan:

Aténdense de forma equilibrada tódalas zonas da provincia.

Oriéntanse os investimentos atendendo á importancia e valor da actuación para o cumprimento dos obxectivos do plan.

Tómanse en consideración o valor específico que teñan os investimentos en relación co contorno xeográfico e comarcal no que estean enclavadas.

A poboación beneficiada, tanto no emprazamento da obra como daquela que potencialmente poida gozar do seu uso e visita.

Valórase a situación daqueles concellos que contan con menos instalacións, ou ben outras situacións especiais, tratando de compensar ese déficit.

## **7. Aprobación do plan**

Á vista do informe emitido polo Servicio de Fomento, elaborará unha proposta de selección unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente: O Presidente ou deputado en quen delegue

Vocais: Tres deputados designados polo presidente

Actuará como secretario un funcionario do Servicio de Fomento

A comisión avaliadora, nun prazo máximo de dous meses desde a finalización do prazo de presentación de proxectos, elaborará unha proposta sobre a idoneidade dos investimentos propostos polos concellos. Poderán preverse investimentos supletorios que se financiarán con cargo ós remanentes que puideran producirse como consecuencia de baixas na adxudicación ou calquera outra causa.

A proposta formulada pola comisión avaliadora será elevada á Presidencia para a súa toma en consideración, previamente ó dictame da comisión e ó acordo plenario preceptivo. A comisión realizará así mesmo a proposta de aprobación definitiva dos investimentos integrantes da primeira anualidade do plan.

Unha vez aprobado o plan someterase a exposición pública por un prazo de dez (10) días mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e será remitido á Comisión Galega de Cooperación Local para a avaliación do preceptivo informe, entendéndose aprobado definitivamente no caso en que non se presenten alegacións a este.

Aceptaranse, trala xustificación suficiente e informe do Servicio de Fomento e de Intervención Provincial, as modificacións e proxectos reformados dos investimentos incluídos no plan. A aprobación destas modificacións será realizada por resolución da Presidencia sempre que non se produza incremento do orzamento do investimento a que afecte. As propostas dos cambios de obra ou subministración dentro dun concello sempre que non se supere o total do investimento asignado ó concello e que o novo proxecto teña cabida dentro dos obxectivos xerais do plan será sometida ó Pleno corporativo. As propostas de cambio deberán ser formuladas polos concellos no prazo de catro meses desde que se aprobe cada unha das anualidades do plan. Á proposta deberá xuntarse a mesma documentación establecida nas presentes bases para as solicitudes iniciais.

## **8. Contratación e execución das obras, subministración e servizos**

Unha vez aprobado o plan polo pleno da deputación, os concellos procederán a realizar tódolos trámites para a contratación, que utilizarán para o efecto os pregos tipo aprobados pola Excma. Deputación provincial.

Tódolos investimentos da anualidade do ano 2001 deberán estar executados e debidamente xustificadas ante a deputación con anterioridade ó día 30 de abril do ano 2002. Por razóns xustificadas e debidamente motivadas poderán concederse prorrogas no prazo de execución y xustificación ata o 30 de novembro do ano 2002.

Os investimentos da anualidade do ano 2002 deberán estar executados e debidamente xustificadas perante á deputación con anterioridade ó día 30 de abril do ano



2003. Por razóns xustificadas e debidamente motivadas poderán concederse prorrogas no prazo de execución e xustificación das mesmas ata o 30 de novembro do ano 2003.

Os concellos estarán obrigados a elaborar e remitirle á Sección de Promoción Económica do Servicio de Fomento informe de avance da execución do plan, no que indiquen o proceso de contratación e execución dos investimentos, así como outras particularidades que poidan ser de interese. A periodicidade de presentación do informe será bimestral.

Ó final de cada anualidade do plan, e ó final del, a deputación realizará as correspondentes avaliacións intermedias e avaliación final onde se verifique o grao de cumprimento dos obxectivos xerais pretendidos co presente plan.

#### **9.- Xustificación e pagamento da achega provincial.**

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando certificación de execución das obras ou, se é o caso, factura e xustificación da subministración, debidamente aprobados polo concello por exemplar triplicado. Así mesmo deberá presentarse declaración acreditativa das subvencións públicas ou privadas percibidas para a mesma finalidade ou declaración de non haber percibido ningunha se fora o caso.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial da deputación co xustificante da súa aprobación polo órgano municipal competente, e o seu importe non poderá ser inferior a 1.000.000 de pesetas, agás a última certificación. Unha vez terminadas as obras deberá axuntarse acta de recepción destas.

A deputación transferirá ó concello o importe correspondente á achega provincial ós investimentos realizados, trala verificación da adecuación das certificacións ou facturas ó proxecto ou prescricións da subministración aprobadas no plan.

#### **10. Interpretación.**

A interpretación e resolución das dúbidas que se puideran formular serán resoltas polo presidente da deputación, tralos informes previos de Secretaria e Intervención."

### **MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO**

D. \_\_\_\_\_

Secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

CERTIFICA:

Que o pleno do concello, na sesión celebrada o \_\_\_\_\_ adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Solicitar a participación no Plan XXI para o fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña convocado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña. As súas bases coñécense e acéptanse na súa totalidade e solicítase a execución das seguintes memorias e/ou proxectos técnicos seleccionados neste municipio, conforme á seguinte orde de prelación:

	<u>Orzamento total</u>	<u>Achega De.</u>	<u>Acheg. Conc.</u>	<u>Outros</u>
nº1	-----	-----	-----	
-----				
nº2				
n 3				

2º) O concello comprométese a facilitar e permitir as inspeccións previas e se é o caso a tramitar os permisos, autorizacións e licencias precisas para a correcta contratación e execución das obras, subministracións ou servizos.

3º Facultar ó alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais."

2- Dispoñer a exposición pública da presente convocatoria mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remesar o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia."

#### **4.-APROBACIÓN DAS BASES DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓN PARA INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

##### INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Vou ser moi telegráfico, porque entendemos nosoutros que despois do que falamos e o que nos queda por falar, isto case se pode resumir, ou no que dixemos ou no que pensamos dicir. Nosoutros imos votar en contra destas bases porque esta é a expresión palpable de que se fai todo o contrario do que se di, e asemade que no punto número sete vaise acabar cunha cousa, agora faise outra que xa está empezada, proque ¿que é este plan senón un complementario ó Plan de obras e servicios?, ¿que é este plan?, xa nin sequera vai dirixido a unha materia específica, é un Plan de obras e servicios, con 248 millóns de pesetas, ou duascenas cincuenta e pico, Plan de obras e servicios. ¿Non pensa o grupo de goberno que outra nova convocatoria, con outros novos prazos, con outras novas convocatorias de Pleno nos concellos, con outros novos proxectos, con outras novas elaboracións de documentos, con outra nova aprobación desta deputación, iso non racionaliza nada?

Iso complica moitísimo máis a situación, é dicir, por duascenas corenta e pico millóns de pesetas que se vai facer, nunha actuación que xa está definida, no Plan de obras e servicios, nosoutros pensamos que, efectivamente, non ten en absoluto ningún tipo de xustificación, excepto dúas variacións, que non vai pasar polo Pleno que vai aprobar o presidente e que, ademais, efectivamente, os criterios de selección son daquela maneira, non hai máis que ler o punto seis, e entón lemos o punto seis, e aí vemos unha cousa que, en fin, eu quería case case dar conta dela para que se saiba como é, o punto seis di -un criterio profundo, profundo este criterio-, di: “A selección dos investimentos que se van realizar realizarase tomando en consideración os seguintes criterios: a) que todo concello participante no plan poida contar cunha actuación” -criterio profundo-, “b) que se cumpren os obxectivos xerais e particulares definidos no plan”, son criterios, iso pódese ponderar dunha maneira racional, faino calquera. Eu penso que, en fin, é un pouco case de chiste e que se permita a expresión.

Nosoutros imos votar en contra destas bases porque é un plan inoportuno, innecesario e inoperante, é dicir, non serve absolutamente para nada, á marxe de que tódolos concellos o van pedir, porque son, ó mellor, tres millóns de pesetas que lles van dar, claro, pero iso non é o que vimos discutir aquí, deámoslle o cheque, eu xa dixen o outro día na comisión, poñémolos aquí, que entren por aquela porta, que aquí se lles dea o cheque e que

saian por aquela e vanse tan contentos, e non perdamos aquí o tempo debatendo unhas bases para esas cousas, é que un pouco irrisorio todo isto, iso non racionaliza absolutamente nada. Eu penso que, ademais, tira por terra todo o que se acaba de defender nos puntos anteriores e, sobre todo, tira por terra o que imos discutir no punto número sete. O noso voto vai ser naturalmente, contrario.

Sr. Fernández Moreda

Vou ser máis breve có Sr. Doval, dixo que ía ser breve na súa intervención. A argumentación que demos para o punto número tres, vale perfectamente para o número catro e, como consecuencia, abstémonos tamén.

Sr. Varela Rey

Ás veces as propostas para que funcionen e para que sexan satisfactorias, tampouco teñen que ter unha profundidade tan grande, tan grande como propón o Bloque, ó mellor, se é máis sinxela, penso que ó mellor os concellos agradecerano máis, e iso será moito máis operativo. Moitas gracias.

Sr. presidente

Moitas gracias a todos pola súa brevidade, tamén moi brevemente direi que isto non é unha ampliación do POS, non pode ser, porque o POS ten unha limitación de proxectos superior á que pretendemos aquí de tres millóns de pesetas. É para aquelas pequenas obras que os concellos non poden meter no POS, e sobre todo para os concellos máis economicamente débiles, que é para os concellos de menos de 20.000 habitantes.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)  
Votan en contra: 3 deputados (BNG)  
Abstéñense: 10 deputados (PSOE)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar as bases de convocatoria do Plan XXI de pequenas obras e subministracións para investimentos en infraestruturas municipais na Coruña, de acordo co seguinte teor literal:

## **BASES REGULADORAS**

### **1. Denominación y aplicación presupuestaria**

O presente “Plan XXI de pequenas obras e subministracións para investimentos en infraestructuras municipais na Coruña”, anualidade 2001, contén as previsións e achegas provinciais a materializar durante o exercicio ó que fai mención.

O financiamento dos investimentos incorporados ó plan será realizado a través de achegas da Deputación provincial, e se é o caso, das que voluntariamente decidan achegar os concellos.

A achega provincial financiarase con cargo á partida orzamentaria 0305/519Z/762.99.

A achega provincial prevista queda establecida nos seguintes termos:

Achega provincial de 2001: 258.000.000 pesetas.

Os concellos poderán realizar achegas voluntarias ós investimentos respecto dos que soliciten a súa incorporación ó plan. En todo caso, no acordo plenario de aprobación do plan quedará fixado definitivamente o cadro de financiamento do tódolos investimentos incorporados a el.

A inclusión de investimentos no plan será compatible con calquera axuda concedida a elas por calquera axente financiador público ou privado nas condicións de financiamento que queden establecidos nos acordos de aprobación do plan.

## **2.-Obxecto**

### **2.1.-Natureza do plan**

O obxecto do presente plan é o de financiar as pequenas obras ou subministracións (cun importe máximo de achega provincial de 3.000.000 de pesetas, e un orzamento máximo subvencionable de 5.000.000 de pesetas) que permitan mellorar as condicións infraestructurais dos concellos en toda a provincia, a excepción daqueles con máis de 20.000 habitantes.

A exclusión do plan dos concellos de máis de 20.000 habitantes xustifícase polo feito de ter os concellos da provincia que reúnen ese requisito unha maior capacidade financeira que lles confire maior potencial de financiamento dos investimentos previstos no plan.

## 2.2. Destino dos investimentos.

As solicitudes que van realizar os concellos deberán de estar destinadas ás obras ou subministracións. Os investimentos incorporados no plan serán contratados e executados polos concellos.

## 2.3. Tipoloxía de obras, subministracións.-

A título de exemplo, as actuacións que se realizarán serán:

(a)Obras. Os bens e instalacións sobre os que se poderá actuar no desenvolvemento dos investimentos, con carácter orientativo, serán os seguintes: camiños, urbanización, mellora de edificios e equipamentos, etcétera.

### (b)Subministración

Material de construción, mobiliario urbano, equipamento, etc.

En xeral, poderán ter cabida no plan toda obra ou subministración que aínda que non apareza na relación anterior cumpra os obxectivos xerais establecidos no presente plan.

## 2.4. Memorias técnicas orzadas ou proxectos técnicos.

Os concellos que formulen solicitude de participación no plan, deberán axuntarlle as memorias técnicas orzadas, ou proxectos técnicos cando así o esixa a natureza do investimento que se vai realizar. Se a solicitude fora referida a obras que se van contratar deberá quedar definido o investimento con indicación detallada das unidades e prezos unitarios, porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (13 e 16%, respectivamente), e o correspondente ó IVE. Se a solicitude fora referida a subministracións ou materiais que se han utilizar en obras que vaian ser executadas pola Administración o orzamento deberá concretar as unidades e prezos e o IVE.

As memorias deberán ser subscritas por técnicos competentes por razón da materia á que vaian dirixidos, e deberán ser aprobados polo órgano competente da corporación municipal.

## 2.5. Permisos e autorizacións

Tódolos aspectos ós que se fixo mención deberán quedar acreditados na solicitude mediante as oportunas certificacións e informes emitidos polos servicios técnicos e administrativos dos concellos.

Os concellos deberán dispor, trala contratación previa, de tódolos permisos e autorizacións dos órganos competentes da Administración.

### 3. Destinatarios

O presente plan ten como destinatarios tódolos concellos da provincia da Coruña, con excepción daqueles con poboación superior a 20.000 habitantes, dada a maior capacidade financeira con que contan estes últimos.

As solicitudes de participación no plan poderán ser formuladas polos 86 concellos da provincia da Coruña con poboación inferior ós 20.000 habitantes.

### 4. Financiamento

O financiamento dos investimentos incorporados ó plan realizarase con achegas da Deputación da Coruña, nos termos e condicións que se establezan nos acordos plenarios de aprobación do plan.

O importe da achega provincial ó plan ascende a 258.000.000 de pesetas, na anualidade de 2001.

Os concellos poderán realizar achegas voluntarias ós investimentos respecto das que soliciten a súa incorporación ó plan. En todo caso, no acordo plenario de aprobación do plan quedará fixado definitivamente o cadro de financiamento de tódolos investimentos incorporado a el.

### 5. Forma e prazos de solicitude

Os concellos que desexen participar no presente plan, solicitando a execución dos investimentos correspondentes, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes contado desde a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, a documentación seguinte:

A achega provincial ós investimentos de cada concello ascenderá a un máximo de 3.000.000 de pesetas, e o orzamento máximo protexible a 5.000.000.- e serán referidas, en todo caso, á súa execución nunha soa anualidade cada concello poderá presentar unha obra ou subministración e, se así o estima, unha de reserva. Xuntarase a seguinte documentación:

Documentación de carácter administrativo:

a.1. Certificación do acordo plenario municipal no que se acorde: aprobar a solicitude de incorporación ó plan e no que se acepten expresamente as bases do plan; compromiso de dispoñibilidade dos bens e instalacións sobre os que se pretenda realizar o investimento; así como compromiso firme do concello de que realizará tódolos trámites que sexan precisos en orde á obtención de cantas autorizacións, concesións, permisos e licencias sexan necesarios para a correcta execución dos investimentos. No acordo deberá figurar o importe de cada un dos investimentos que se van realizar: obras ou subministracións así como o cadro de financiamento deles.

a.2. Certificación de acordo de aprobación da memoria presentada.

Documentación de carácter técnico. Memorias orzadas.

Os concellos que formulen solicitude de participación no plan, deberán achegarlle as memorias técnicas orzadas, ou proxectos técnicos cando así o esixa a natureza do investimento que se vai realizar. Se a solicitude fora referida a obras que se han contratar nos que quede deberá quedar definido o investimento que se vai realizar con indicación detallada das unidades e prezos unitarios, porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (13 e 6% respectivamente), e o correspondente ó IVE. Se a solicitude fora referida a subministracións ou materiais que se han utilizar en obras que vaian ser executadas pola Administración o orzamento deberá concretar as unidades e prezos e o IVE.

Tódolos documentos técnicos, xa sexan memorias orzadas ou proxectos técnicos, deberán incorporar o prazo de execución.

As memorias deberán ser subscrias por técnicos competentes por razón da materia a que vaian dirixidos e deberán ser aprobadas polo órgano competente da corporación municipal.

## **6. Criterios de selección**

Tódalas solicitudes recolleranse nunha relación na que se describirá a situación e descrición dos investimentos propostos e o estado de cada un dos expedientes de solicitude conforme ó esixido nas presentes bases.

A selección dos investimentos que se van realizar realizarase tomando en consideración os seguintes criterios: a) que todo concello participante no plan poida contar cunha actuación; b) que se cumpren os obxectivos xerais e particulares definidos no plan.



En calquera forma:

Atenderanse de forma equilibrada tódalas zonas da provincia, tratando de seleccionar ó menos un proxecto por concello, sempre que polo menos un reúna as condicións mínimas de aprobación

Seleccionaranse investimentos atendendo á importancia e valor da actuación para o cumprimento dos obxectivos do plan.

Tomaranse en consideración o valor específico que teñan os investimentos en relación co medio xeográfico e comarcal no que se encontren asentados.

Valórase a situación daqueles concellos que contan con menos instalacións, ou ben outras situacións especiais, tratando de compensar ese déficit.

## **7. Aprobación do plan**

Á vista do informe emitido polo Servicio de Fomento, elaborárase unha proposta de selección por unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente: O Presidente ou deputado en quen delegue

Vocais: Tres deputados designados polo presidente

Actuará como secretario un funcionario do Servicio de Fomento

A comisión avaliadora, nun prazo máximo de dous meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, elaborará unha proposta sobre a idoneidade dos investimentos propostos polos concellos.

A proposta formulada pola comisión avaliadora será elevada á Presidencia para a súa toma en consideración, previamente ó dictame da comisión e ó acordo plenario preceptivo.

Unha vez aprobado o plan someterase a exposición pública por un prazo de dez (10) días mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e será remitido á Comisión Galega de Cooperación Local para a avaliación do preceptivo informe, entendéndose aprobado definitivamente no caso en que non se presenten alegacións a este.

Aceptaranse, trala xustificación suficiente e informe do Servicio de Fomento e de Intervención Provincial, as modificacións e proxectos reformados dos investimentos incluídos no plan. A aprobación destas modificacións serán realizadas por resolución da Presidencia sempre que non se produza incremento do orzamento do investimento a que afecte, nin incremento a achega provincial nin se altere a natureza do proxecto inicial. As propostas dos cambios de obra ou subministración dentro dun concello sempre que non se supere o total do investimento asignado ó concello e que o novo proxecto teña cabida dentro dos obxectivos xerais do plan será sometida ó Pleno corporativo. As propostas de cambio deberán ser formuladas polos concellos no prazo de catro meses desde que se aprobe cada unha das anualidades do plan. Á proposta deberá xuntarse a mesma documentación establecida nas presentes bases para as solicitudes iniciais.

#### **8. Contratación e execución das obras ou subministracións.**

Unha vez aprobado o plan polo pleno da deputación, os concellos procederán a realizar tódolos trámites para a contratación, que utilizarán para o efecto os pregos tipo aprobados pola Excma. Deputación provincial.

Tódolos investimentos deberán estar executados e debidamente xustificadas ante a deputación con anterioridade ó día 30 de abril do ano 2002. Por razóns xustificadas e debidamente motivadas poderán concederse prórrogas no prazo de execución e xustificación ata o 30 de novembro do ano 2002.

#### **9.- Xustificación e pagamento da achega provincial.**

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando certificación de execución das obras ou, se é o caso, factura e xustificación da subministración, debidamente aprobados polo concello por exemplar triplicado. Así mesmo deberá presentarse declaración acreditativa das subvencións públicas ou privadas percibidas para a mesma finalidade ou declaración de non haber percibido ningunha se fora o caso.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial da deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 1.000.000 de pesetas, agás a última certificación. Unha vez terminadas as obras deberá axuntarse acta de recepción destas.

A deputación transferirá ó concello o importe correspondente á achega provincial ós investimentos realizados, trala verificación da adecuación das certificacións ou facturas ó proxecto ou prescricións da subministración aprobadas no plan.

#### **10. Interpretación.**

A interpretación e resolución das dúbidas que se puideran presentar serán resoltas polo presidente da Deputación, tralos informes previos de Secretaria e Intervención

### **MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO**

D./Dna. \_\_\_\_\_

Secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

CERTIFICA:

Que o pleno do concello, na sesión celebrada o \_\_\_\_\_ adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º Solicitar a participación no Plan XXI de pequenas obras e subministracións para investimentos en infraestructuras municipais na provincia da Coruña convocado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña. As súas bases coñécense e acéptanse na súa totalidade e solicítase a execución das seguintes memorias e/ou proxectos técnicos seleccionados neste municipio, conforme á seguinte orde de prelación:

	<u>Orzamento total</u>	<u>Achega De.</u>	<u>Acheg. Conc.</u>	<u>Outros</u>
nº1	-----	-----	-----	
-----				
nº2				
n 3				

2º O concello comprométese a facilitar e permitir as inspeccións previas e se é o caso a tramitar os permisos, autorizacións e licencias precisas para a correcta contratación e execución das obras, subministracións ou servizos.

3º Facultar ó alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais."

2- Dispoñer a exposición pública da presente convocatoria mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remesar o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.”

## **5.-CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE APOIO VECIÑAL, ANO 2.001.**

### INTERVENCIONES

Sra. Santiago López

O voto do noso grupo vai ser un voto negativo, como non pode ser menos.

O ano pasado, na nosa argumentación, xa afirmabamos que nos parecía, a nosa opinión sobre este plan, e desde logo, este ano, non pode ser diferente, ha de ser un voto negativo por forza, porque nos parece que este novo investimento de máis de 300 millóns de pesetas, no que ademais descoñecemos cál foi o resultado do ano anterior, non temos nin a menor idea, en ningunha das comisións se nos presentou un informe, unha avaliación, un destino dos investimentos que se fixeron o ano pasado, non temos ningunha noticia de cantos locais se compraron para as asociacións de veciños, cantas aulas informáticas se puxeron en marcha, cal foi o financiamento desas aulas, nin sequera cál foi a avaliación final que se lle deu ó plan de cesión de animadores culturais que estiveron traballando nas entidades destes concellos de máis de 50.000 habitantes, e que ademais foron pagados con cargo a unha subvención da Consellería de Familia, que nos parecía naquel momento que tiña que ter outro destino, cando menos, abastecer e apoiar os servicios que os concellos estaban ofrecendo á cidadanía.

Non podemos por menos que facer referencia ó informe que fai Secretaría. No primeiro punto o Sr. Erias afirmaba que parecía que non nos liamos os expedientes na súa totalidade, eu fago esa mesma afirmación agora, dá a impresión de que o grupo de goberno non le os informes que fai Secretaría. Concretamente no punto quinto do informe de Secretaría: “Dentro dos obxectivos da deputación está o de apoiar ós concellos, nunca o substituílos”, este plan substitúe ós concellos; “Non se explicitan as razóns das limitacións destas subvencións ás asociacións de veciños en municipios de máis de 50.000 habitantes”, xa o ano pasado, cando se nos presentaba este plan, aseguraba o grupo de goberno que este ano serían os concellos de menos de 50.000 habitantes os que entrarían a formar parte

deste plan, e insisten vostedes na cesión de fondos a asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes. Xa o ano pasado dicíamos que qué curioso, concretamente os concellos onde non goberna o Partido Popular, A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, e insisten vostedes este ano nesta mesma teima.

E, por suposto, o punto que xa vén sendo clásico en tódolos informes que fai Secretaría, e polo que, curiosamente, intúo que se retirou da orde do día ou deixouse sobre a mesa, o punto número dous, esperemos que nesta pase o mesmo; na comisión avaliadora deste plan tampouco hai unha representación paritaria dos grupos que forman esta cámara. Supoñemos que se retirou este punto pola proposta que fixo o grupo socialista, fagan o mesmo con esta e retiren, e falemos, e sentémonos, e polo menos que se poida participar dentro do debate e do seguimento destes plans.

Era un plan que nos parecía escuro o ano pasado e que nos segue parecendo escuro este ano, cando menos, sería de agradecer que o grupo de goberno tivese a boa vontade de ofrecernos unha avaliación do que foi o proxecto do ano pasado, que nosoutros cremos que non contribuíu en ningunha medida a abastecer o movemento asociativo, si estarán encantados de ter unhas aulas informáticas que non sabemos qué obxectivos cumpriron, non sabemos que locais se ofreceron, etc. Todo isto, as primeiras premisas que facían mención ó inicio da miña intervención.

É por iso que non nos parece que teña alicerce, insistir de novo neste investimento deste plan de apoio veciñal, porque vémolos necesario para as asociacións, xa non da provincia, senón estas asociacións dos concellos de máis de 50.000 habitantes, e por iso o noso voto vai ser negativo.

Sr. Fernández Moreda

No punto número cinco, nosoutros imos votar que non, e vou ser breve tamén.

Cando debatemos os orzamentos do ano 2000 e o ano 2001, o grupo socialista opúxose á creación dunha partida de 486 millóns de pesetas en cada exercicio para asociacións veciñais. Considerabamos que hai outras necesidades máis prioritarias e máis perentorias na provincia, como pode ser incrementar este diñeiro para o POS, ou facer outro tipo de actuacións. Non consideramos razoable destinar en dous anos 486 millóns de pesetas a asociacións de veciños de cidades de máis de 50.000 habitantes, é dicir, a asociacións de veciños da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol, e como xa negamos a maior, evitamos calquera outro tipo de debate. O non é clamoroso.

Sr. López Crespo

Eu tiña tomadas algunhas notas aquí antes das intervencións dos voceiros do BNG e do PSdeG, o do PSdeG non ten moito que contestar, é a negación absoluta, e do BNG coíncidenme as anotacións que eu tiña coa súa intervención, tal vez porque adiviñaba que non tiñan outros argumentos, senón nos que se basearon, que é na forma, e non no fondo do plan.

Este ano estamos falando aquí, non dun proxecto, como faciamos o ano pasado, un proxecto que atribuía posibilidades de desenvolvemento ó movemento asociativo a grandes cidades e onde, evidentemente, asumiamos as críticas que se nos facían e eu mesmo, ó terminar a miña intervención, que me tocara defender naquel momento, prometín seriamente, e así espero cumprilo, que despois de facer unha avaliación deste plan, se fracasabamos e non se conseguían os obxectivos que se propoñían, que se suprimiría ou que se cambiaría.

Hoxe, repito, non falamos xa dun proxecto, falamos dunha realidade que leva un ano funcionando, e leva un ano funcionando cun extraordinario éxito. Por certo, a última anotación que tiña, e paso á primeira, di: “Estase redactando a memoria do ano pasado, e poderémoslla ofrecer a tódolos grupos”, teño unha admiración que di: “Quedarán positivamente sorprendidos do éxito do programa”. Así empezou a miña intervención. E ¿por que dicimos que foi un éxito?, en primeiro lugar a participación das asociacións, un 80% das asociacións destas tres cidades participarán, pódese dicir, faltaría máis cando nos dan diñeiro.

Pero ¿que destacou dos obxectivos que nos propoñiamos?, pois dos obxectivos que nos propoñiamos destacou excesivamente a aceptación do achegamento da sociedade da informática coa creación das aulas de informática, a estas asociacións. E non só se beneficiaron estas asociacións, senón que, e fago un pequeno inciso, referíndome ó punto seguinte da orde do día, desencadeou en nosoutros unha inqueda e unha ansia de colaboración, e así surxe o seguinte punto que é a creación das aulas informáticas en tódolos concellos da provincia.

Pero volvo ó do apoio veciñal, que é o que nos ocupa agora. Repito que o éxito da dotación de aulas informáticas que foi moi importante.

E logo, qué dicir do impulso que recibiron esas asociacións no desenvolvemento da súa xestión diaria cos animadores veciñais. Iso faise, e podemos presentarllo, repito, moi brevemente, cun seguimento exhaustivo tódolos meses, dos que eu teño un informe e que, cando estea totalmente terminado, pasarémosllo ós grupos para que poidan dispor del e poidan facer a avaliación adecuada.

E, por último só unha pequena apreciación que eu creo que é importante, e que fía tamén coa letra b, referida a que se trata de tres capitais ou de tres cidades nas que goberna o Partido Popular. Eu tiña aquí salientada a obxectividade e limpeza á hora de adxudicarlles as distintas axudas á asociacións. Isto foi un criterio moi rigoroso, onde se pode comprobar que toda a documentación presentada polas asociacións, que tódolos baremos establecidos que foron, repito, moi atomizados, e moi rigorosos, non foron criterios xenéricos, e destacaría aquí a limpeza, repito, e a obxectividade á hora de dala, sen ter en conta, e todos sabemos que aínda que non teñen un anagrama político, si que todos sabemos se responden ou respiran a tal ou cal orientación política, e non se tivo en absoluto en conta, como non podía ser doutra maneira.

Eu diríalle ós representantes do BNG, que para que non pasen á historia dentro de dez, quince ou vinte anos, como incoherentes, eles que se teñen como pioneiros do desenvolvemento e potenciación do movemento asociativo, como medio de reivindicación dos dereitos dos nosos cidadáns ata as Administracións, aproveiten a oportunidade, voten que si e fiscalicen o programa. Moitas gracias.

Sr. presidente

Simplemente lle direi á Sra. Santiago que nosoutros entendemos que as asociacións son libres, autónomas e independentes, polo tanto, non pretendemos substituír a ninguén, elas non dependen nin dos concellos, nin dependen da Xunta, nin da deputación, o único que pretendemos é colaborar con esas asociacións de veciños, é o que facemos a través dese programa.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 13 deputados (10 do PSOE e 3 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Apróba-las bases da convocatoria dos “Programas de apoio veciñal dirixidos a asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes, para o ano 2.001”, segundo o seguinte texto:

**CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE APOIO VECIÑAL, DIRIXIDOS ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE CONCELLOS DE MAIS DE 50.000 HABITANTES PARA O ANO 2001.**

**1.- FINALIDADE E OBXECTO.-**

O Plan de apoio veciñal que a Deputación Provincial está a desenvolver, persegue apoiar e mellorar o tecido social dos barrios e parroquias das cidades de máis de 50.000 habitantes da provincia da Coruña. A finalidade desta innovadora acción é basicamente a de promover a integración dos veciños na vida social da comunidade e facilitar o acceso ás novas tecnoloxías da información a tódolos cidadáns, en especial os cidadáns xoves.

Este Plan de apoio veciñal para o ano 2001 concrétase nos seguintes programas:

A.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES, dirixido a subvencionar programas de actividades que realicen as entidades veciñais.

B.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS, orientado a mellorar as instalacións, acondicionar os espazos e dotar de equipos necesarios para realizar as importantes accións que realizan as asociacións veciñais.

C.- PROGRAMA DE ADQUISICIÓN OU CONSTRUCCIÓN DE LOCAIS (NO QUE SE INCLÚEN OS SOARES NECESARIOS) E O SEU EQUIPAMENTO, encamiñado á creación de centros onde se desenvolva a xestión das A.VV. e se promova e facilite a convivencia entre os veciños.

D.- PROGRAMA DE ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS, dirixido á creación de aulas informáticas e á realización de programas formativos, nas propias sedes das asociacións veciñais, para que os cidadáns dos barrios e parroquias poidan acceder ás novas tecnoloxías e redes de información.



E.- PROGRAMA DE ANIMADORES VECIÑAIS, destinado a dotar de técnicos especializados en diversas materias, para que asesoren e promovan a mellora das asociacións de veciños.

O obxecto dos programas presupostarios mencionados é o apoio ás asociacións de veciños na creación ou no mantemento de actividades , na construción ou mellora de infraestruturas, así como a dotación de equipamentos e a contribución con técnicos especializados, das programacións que desenvolvan en materia de cultura, deporte, inserción no mundo do traballo e loita contra a drogodependencia, en función do disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local; no Regulamento de servicios das corporacións locais, na Lei 4/1993, de servicios sociais de Galicia, e no Decreto 240/1995, que a desenvolve; na Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, e con cargo ó presuposto da Deputación para o ano 2001, por considerar que estas asociacións cumpren unha función fundamental de integración social, solidariedade, axuda mútua e elevación do nivel cultural especialmente importante nos barrios das grandes cidades, convócanse, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2001, as subvencións e apoios que a continuación se detallan:

Serán obxecto das solicitudes as actuacións nas seguinte materias:

#### **A.- PROGRAMAS DE ACTIVIDADES.-**

Aplicación presupostaria 0601/469B/48999.

A.1.- *Programas de interese veciñal*: conferencias, cursos e seminarios de temas de actualidade...

A.2.- *Programas de difusión cultural*: teatro, música, danza, exposicións, cine, folclore, concertos ...

A.3.- *Programas de actividades de creación*: obradoiros de manualidades, coros, bailes rexionais...

A.4.- *Programas de cultura popular* : festas e tradicións veciñais, xogos populares, ...

A.5.- *Programas artísticos*: obradoiros de literatura, artes plásticas, semanas culturais, feiras do libro, animación á lectura ...

A.6.- *Programas de actividades ó aire libre*: excursións, acampadas e campamentos, sendeirismo, ...

A.7.- *Programas de actividades deportivas*: deporte para todos, deporte de base...

A.8.- *Programas de inserción no mundo laboral*: programas de formación de habilidades para o emprego, programas de promoción de mozos emprendedores, ...

A.9.- *Programas de saúde*: programas de prevención das drogodependencias - alcoholismo, tabaquismo, drogas ilegais...- , programas de educación para a sexualidade, programas de bos hábitos de alimentación -anorexia e bulimia-, ...

## **B.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS.-**

Aplicación presupostaria 0601/469B/78999.

B.1.- *Mellora das infraestructuras*: mellora da calefacción, instalación eléctrica, liñas de teléfono, pequenas reparacións de albanería, ventás, pinturas, ...

B.2.- *Acondicionamento dos locais*: merca de mobles, tarimas para representacións, estanterías,...

B.3.- *Dotación de equipamento*: merca de material de oficina, equipos de audio e televisión, ...

## **C.- PROGRAMA DE ADQUISICIÓN OU CONSTRUCCIÓN DE LOCAIS (NO QUE SE INCLÚEN OS SOARES NECESARIOS) E O SEU EQUIPAMENTO.-**

Aplicación presupostaria 0601/469B/62999.

Considerando que na actualidade as asociacións de veciños desenvolven a súa actividade, en gran número de casos, en locais inadecuados, e en xeral cunha precariedade de medios que dificultan o seu traballo, de maneira especial nas grandes cidades, a Deputación Provincial pretende, nun horizonte plurianual, dotar ás asociacións de veciños que o precisen de locais adecuados para o pleno desenvolvemento das súas actividades, en función do disposto na Lei 7/1985, de Bases de réxime local, e no RD lexislativo 2/2000 do 16 de xuño do Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

A esta partida imputaráselle de xeito prioritario e segundo o caso, a cantidade necesaria para completar a dotación precisa para a construción e equipamento dos locais comprometidos pola Deputación no exercicio do ano 2000.

Será obxecto do presente programa a adquisición ou construción de locais (no que se inclúen os soares necesarios) e o seu equipamento pola Deputación para a súa cesión ás asociacións de veciños que teñan o seu domicilio social en concellos de máis de cincuenta mil habitantes, que desenvolvan as súas actividades en instalacións notoriamente deficientes.

As adquisicións faranse segundo a fórmula xurídica correspondente, cedéndose ás asociacións o seu uso por un período de dez anos prorrogables, en función das condicións que no convenio correspondente se estipulen.

#### **D.- PROGRAMA DE ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS.-**

Na actualidade, o acceso ós novos sistemas de información e comunicación é unha necesidade fundamental para o normal desenvolvemento das entidades que prestan servizos ós cidadáns; é por isto polo que a Deputación Provincial pretende, nun horizonte plurianual, dotar ás asociacións de veciños que o precisen dun soporte informático axeitado para o pleno desenvolvemento das súas actividades.

Co ánimo de facilitar o acceso ás novas tecnoloxías a Deputación da Coruña poñerá en marcha este ano 2001 un programa formativo orientado a facilitar o coñecemento informático dos veciños onde se sitúen as AULAS INFORMÁTICAS.

Será obxecto do presente programa as seguintes liñas de acción:

*D.1.- Creación de Aulas Informáticas*

Aplicación presupostaria 0601/469B/62999.

Adquisición, instalación e cesión de postos informáticos conectados ás principais redes de información, por parte da Deputación.

As adquisicións faranse a través da fórmula xurídica correspondente, cedéndose ás asociacións o seu uso por un período de dez anos prorrogables, en función das condicións que no convenio correspondente se estipulen.

Con cargo a este programa, a Deputación da Coruña prestará a través da oportuna contratación o seu programa de formación en novas tecnoloxías.

*D.2.- Apoio á formación en novas tecnoloxías*

Aplicación presupostaria 0601/469B/48999.

Programa orientado á realización de gastos derivados do uso das aulas, tales como consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, ...) así como a realización de programas formativos complementarios ó programa formativo da Deputación.

A participación neste programa estará vinculada á participación do programa formativo en novas tecnoloxías da Deputación da Coruña.

A Deputación poñerá en marcha neste ano 2001 un programa formativo dirixido ás entidades veciñais que teña como finalidade mellorar o acceso ás novas tecnoloxías e redes

de información. A realización deste programa realizarase nas asociacións veciñais que teñan concedida e instalada a Aula Informática.

### **E.- PROGRAMA DE ANIMADORES VECIÑAIS.-**

A importancia que ten contar cunha axeitada administración e xestión das asociacións así coma de promover calquera tipo de mellora cualitativa na acción diaria das entidades veciñais, motiva a creación deste programa ó cal se poden acoller as asociacións veciñais das cidades de máis de 50.000 habitantes.

Este programa consiste en poñer á disposición das asociacións de veciños a técnicos especializados en distintas áreas, co fin de que axuden ós cadros directivos a mellorar os programas que ofertan os seus socios e veciños.

Estes técnicos contan cunha organización en rede denominada REDE DE ANIMADORES VECIÑAIS, que apoia os servicios que se están desenvolvendo e se preocupa por garantir unha boa calidade na prestación deste singular apoio.

As funcións básicas do animador veciñal son:

- \* Asesorar na realización dos programas de actividades da asociación.
- \* Colaborar na mellora da xestión da asociación.
- \* Ofrece-la información necesaria e de interese para os veciños.
- \* Facilitar a tramitación de axudas, subvencións e patrocinios.
- \* Promover activamente o asociacionismo no ámbito do barrio.
- \* Informar ós veciños dos programas e accións que propoñan as Administracións.

O centro de traballo do animador veciñal é o local da asociación de veciños ou lugar que estes utilicen como sede social.

A xornada laboral do animador é de trinta e sete horas e media semanais. O horario do animador, con carácter xeral é de martes a sábado de 12 a 14 e de 16 a 21:30 horas,

excepto o venres de 12 a 14 horas pois deben asistir á reunión de traballo cos coordinadores locais da Rede de animadores veciñais.

No suposto de que as necesidades da asociación impidan a aplicación dos referidos horarios poderá negociarse a modificación do horario xeral, sempre que non se exceda das trinta e sete horas e media semanais e se respecte a reunión dos animadores os venres de 12 a 14 horas.

As xestións que, por motivo do seu traballo na asociación, teñan que realizar os animadores fora do centro de traballo, deben facerse dentro do horario da xornada laboral.

A organización do traballo dos animadores veciñais é facultade de:

- \* os coordinadores locais da Rede de Animadores Veciñais., que dirixen e coordinan o seu traballo, asesorándoos tecnicamente nas súas funcións, e de
- \* os presidentes das asociacións de veciños, encargándolles as tarefas derivadas das funcións de cada animador.

A única relación laboral contractual do animador é coa Deputación da Coruña. O animador non ten, polo tanto, ningunha relación laboral contractual nin calquera outra retribuída coa asociación veciñal.

A asociación cubrirá os gastos que realice o animador veciñal derivados das xestións que lle son encomendadas, e lle facilitará a información e medios materiais adecuados e necesarios para levalas a cabo.

## **2.- SOLICITANTES.-**

Poderán optar ós presentes programas as asociacións de veciños que cumpran os seguintes requisitos:

- \* Estar legalmente constituídas.

\* Ter ámbito local segundo o seu título constitutivo e o seu domicilio social en concellos de máis de 50.000 habitantes na provincia da Coruña.

\* Carecer de fins de lucro.

\* Ter como fins institucionais primordiais a defensa e representación dos intereses dos veciños dun barrio, parroquia ou distrito determinado.

\* Ter xustificado, no prazo regulamentario, as axudas económicas concedidas con anterioridade da Deputación da Coruña.

\* Estar rexistradas coma asociación de veciños nos correspondentes rexistros municipais e no Rexistro de Asociacións de Galicia.

\* Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

\* Estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa Deputación Provincial.

### **3.- CONDICIÓN.-**

*Condicións comúns para tódolos programas:*

O importe das axudas non poderá superar o 90%, do presuposto estimativo de gastos presentado.

Non poderán ser obxecto de axudas na presente convocatoria os programas subvencionados no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans provinciais da Deputación.

*Condicións para os programas de subvencións para actividades e investimentos:*

Nos programas de subvencións para actividades e investimentos para a concesión primarase o maior esforzo económico que a realización das actividades ou investimentos supón para a entidade solicitante; a cuantificación deste esforzo económico virá determinada polo coeficiente de financiamento fixado polo solicitante, tal como ven definido nesta convocatoria.

*Condicións para o programa de adquisición ou construción de locais (no que se inclúan os soares necesarios) e o seu equipamento:*

A Deputación adquirirá ou construírá os locais (que inclúan os soares necesarios) e equiparaos para a súa cesión de uso en precario ás asociacións, tendo en conta o número de asociados e o grao de precariedade das súas instalacións.

A Deputación asumirá a redacción dos contratos no caso de adquisición de locais, ou proxectos, no caso de construción e equipamento, así como a adquisición dos soares onde instalalos, que deberán ser aprobados polas asembleas xerais das asociacións, e licitará as obras correspondentes, subscribindo convenios coas asociacións que, igualmente, deberán ser aprobados polas mencionadas asembleas.

A cesión do uso do local ás asociacións de veciños realizarase mediante convenio entre a Deputación e as asociacións, no que se recollerán ó menos as seguintes condicións da cesión:

\* As asociacións asumirán o compromiso de dedicar o local a actividades propias do seu obxecto social; se se incumprise esta obriga, a Deputación deixará sen efecto a cesión.

Non obstante, a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poder deixar sen efecto a cesión de uso, cun preaviso de seis meses, sen que dea lugar a dereito a indemnización ningunha á asociación.



\* As asociacións comprométense a manter adecuadamente os locais. Estes gastos de mantemento, así como os de teléfono, gas, auga, electricidade e aquel outros que deriven do uso do local serán por conta das asociacións.

\* As asociacións non poderán realizar obras nos locais sen a autorización expresa da Deputación.

No caso de disolución das asociacións a Deputación deixará sen efecto a cesión e os locais reverterán na Deputación.

No caso de fusión con outra asociación que tivese a mesma finalidade, será preciso a autorización previa da Deputación que tramitará a cesión dos locais á nova asociación, nas mesmas condicións que a cesión inicial.

*Condicións para os programas de acceso ás novas tecnoloxías:*

A Deputación adquirirá e instalará os equipos informáticos para a súa cesión de uso en precario ás asociacións, tendo en conta o número de asociados e o grao de precariedade dos medios cos que contan na actualidade.

Cada un dos equipos informáticos estará integrado polos elementos que determinen os servizos técnicos da Deputación.

A Deputación asumirá a adquisición e instalación dos equipos informáticos, despois da contratación da correspondente subministración.

É condición indispensable solicitar a participación no programa formativo en novas tecnoloxías que realizará a partir do ano 2001 a Deputación da Coruña.

A cesión do uso dos equipos informáticos ás asociacións de veciños realizarase mediante convenio entre a Deputación e as asociacións, no que se recollerán ó menos as seguintes condicións da cesión:

\* As asociacións asumirán o compromiso de dedicar os equipos informáticos a actividades propias do seu obxecto social e á realización de actividades docentes para os veciños. Se incumprise calquera destas condicións, a Deputación deixará sen efecto a cesión.

\* As asociacións subscribirán unha póliza de responsabilidade civil polo uso dos equipos informáticos.

\* A cesión de uso en precario terá un prazo de 10 anos. Este prazo poderase prorrogar por períodos de cinco anos, ata un máximo de 30; a prórroga requirirá acordo expreso da Deputación. Non obstante, a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a cesión de uso, cun preaviso de seis meses, sen que dea lugar a dereito a indemnización ningunha á asociación.

\* As asociacións comprométense a manter axeitadamente os equipos informáticos, sendo estes gastos de mantemento por conta das asociacións, a excepción dos gastos que se cubran no período de garantía do equipamento.

No caso de disolución das asociacións, a Deputación deixará sen efecto a cesión e o equipamento reverterá na Deputación.

No caso de fusión con outra asociación que tivese a mesma finalidade, será preciso a autorización previa da Deputación, que tramitará a cesión dos equipos informáticos á nova asociación, nas mesmas condicións que a cesión inicial.

*Condicións para o programa de solicitude de animadores veciñais:*

Para participar neste programa a asociación veciñal deberá contar con:

\* Local axeitado onde poder realizar a prestación do servizo.

\* Cubrir os gastos xerados polo traballo do animador veciñal (transporte, teléfono, materiais,)

#### **4.-DOCUMENTACIÓN.-**

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral da Deputación e no Servicio de Fomento.

##### *Documentación xeral:*

No caso de ter presentada na convocatoria do ano 2000 alguna desta documentación e non ter sufrido modificación ningunha, non será preciso entregala de novo de acordo coa Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.

A.-Fotocopia compulsada dos estatutos.

B.-Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da asociación e do NIF do representante.

C.-Certificación da inscrición no rexistro municipal correspondente e no Rexistro Xeral de Asociacións.

D.-Acreditación, na forma establecida nas ordes do Ministerio de Economía de Facenda, do 28 de abril de 1986, e do 25 de novembro de 1987, de que se atopan ó corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E.-Certificación dos datos bancarios da asociación, segundo modelo aprobado pola Deputación.(Anexo 1 impresos de solicitude)

F.-Certificación do acordo asembleario no que se aproba participar nestes programas e do nomeamento do representante para as súas relacións coa Deputación.(Impresos de solicitude)

G.-Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade o incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria. (Impresos de solicitude)

H.-Certificación da composición da actual xunta directiva, na que se especifique a duración do seu mandato. (Impresos de solicitude)

I.-Certificación do número de socios activos. (Impresos de solicitude)

K.-Memoria das actividades desenvolvidas no ano 2000. (Anexo 2 dos impresos de solicitude).

*Documentación específica que se ha xuntar ós programas de subvencións para actividades:*

L.-Programa das actividades que se van realizar, que fará mención ás persoas beneficiarias directa ou indirectamente pola axuda e o calendario fixado. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

M.-Presuposto estimativo dos programas. (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

N.-Importe da subvención solicitada que, con carácter xeral, non poderá superar o 90% do presuposto estimativo de gastos (Anexo 3 dos impresos de solicitude).

Ñ.-Persoal que executa as actividades (Anexo 3 dos impresos de solicitude)

*Documentación específica que se ha xuntar ós programas de subvencións para investimentos:*

O.-Programa de investimentos que se van realizar.(Anexo 4 dos impresos de solicitude).

P.- Presuposto estimativo de gastos.(Anexo 4 dos impresos de solicitude).

Q.-No caso de solicitude de realización de obras: memoria valorada ou proxecto de técnico competente.

R.-Importe da subvención solicitada que, con carácter xeral, non poderá superar o 90% do presuposto estimativo de gastos.

S.-Para a realización de obras ou dotación de equipamentos inmobles: documento que engada a autorización para a realización das obras, da Administración ou organismo propietario do local e acreditación da propiedade ou documento que acredite o seu uso por parte da asociación de veciños.

*Documentación específica que se ha xuntar ós programas de dotación de locais:*

T.-Memoria xustificativa da necesidade do local, xunto con planos e fotografías do local co que contan na actualidade indicando se é propiedade da asociación ou se é alugado.

U.-Escritura da propiedade do local ou contrato de arrendamento ou certificado de non contar con local onde realizar as actividades.

V.-Condicións mínimas do local que se solicita; superficie, distribución, valoración económica da solicitude e proposta de emprazamento.

*Documentación específica que se ha xuntar ó programa de acceso ás novas tecnoloxías:*

W.-Bosquexo do aula de informática onde se instalarán os equipos solicitados.

A documentación que se entregue en fotocopia virá debidamente compulsada. As compulsas na Deputación da Coruña serán gratuítas no ano 2001.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser emendado no prazo de quince días dende a recepción do requirimento.

A documentación que xa fose achegada en anos anteriores ou a través do programa de subvencións e que non sufrirá variación ningunha, non terá que ser achegada.

### **5.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.-**

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación e na forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día **de 2001.**

A Deputación habilitará un teléfono de contacto e unha dirección de correo electrónico para solucionar calquera dúbida.

### **6.-RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.-**

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Presidencia, por proposta motivada dunha comisión avaliadora composta polos seguintes membros e requirirá informe-proposta do Servicio de Fomento:

Presidente: un dos vicepresidentes da Deputación.

Vocais: tres deputados designados polo presidente da Deputación.

Na comisión actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servicio de Fomento.

Na selección das peticións dos programas para actividades e investimentos, a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- \* Programa de actuacións e adecuación ós intereses provinciais: 50%.
- \* Número de socios activos e persoas beneficiadas polo programa: 20%.
- \* Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: 10%.
- \* Persoal voluntario que participa na execución das actividades e interese da asociación en contar con animadores veciñais (Programa E): 20%.

Unha vez resolta a concesión, que deberá ser notificada ó interesado de forma fidedigna, asinarase un convenio marco entre a Deputación e a asociación no que se recollan os compromisos entre as partes, que se formalizará, en todo caso, con anterioridade ó aboamento do primeiro prazo.

A falta de resolución expresa das solicitudes, por parte da Deputación, producirá efectos desestimatorios transcorridos nove meses, a partir da entrada en vigor do presuposto da Deputación para 2000. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

A selección das peticións de subvencións para o programa de construción ou adquisición e equipamento de locais pola Deputación, determinarase de acordo cos seguintes criterios de ponderación:

- \* Memoria das actividades desenvolvidas con anterioridade e programa das que se van realizar e adecuación ós intereses provinciais: 40%.
- \* Condicións do local onde se desenvolven as actividades na actualidade ou, no seu caso, a súa carencia: 30%.
- \* Número de socios activos e persoas beneficiadas polo programa: 20%.
- \* Presuposto da solicitude: 10%.

En ningún caso poderán seleccionarse solicitudes cun presuposto total por enriba da dotación presupostaria de partida 0601/469B/62999 de aplicación.

Unha vez realizada a selección, a Deputación procederá á realización dos trámites correspondentes para a adquisición ou construción dos locais e o seu equipamento segundo o disposto nas bases do presente programa.

A selección das peticións para o programa de acceso ás novas tecnoloxías determinarase de acordo cos seguintes criterios de ponderación:

- \* Adecuación do programa de utilización da aula de informática ós fins do plan de apoio veciñal e complementariedade cos outros programas dirixidos ás asociacións de veciños: 50%.
- \* Número de socios activos e persoas destinatarias do programa: 20%.
- \* Persoal voluntario que participa na execución das actividades e interese da asociación en contar con animadores veciñais (Programa E): 20%.
- \* Participación no programa formativo da Deputación: 10%.

Unha vez realizada a selección, a Deputación procederá á realización dos trámites correspondentes para a adquisición e instalación dos equipos informáticos segundo o disposto nas bases da presente convocatoria.

## **7.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.-**

*7.1.- Prazo de xustificación dos programas de subvención de Actividades (A.), Investimentos (B.) e Novas Tecnoloxías (D.2.) .*

O prazo para a xustificación das subvencións será de nove meses contados a partir da data de notificación da concesión da subvención, se ben antes de finaliza-lo prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou a proposta razoada da unidade xestora.

Se non se presentara a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia se iniciará o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final será notificada á cantidade e á Intervención provincial para o seu reflexo contable.



En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto da Deputación para o ano 2001.

### *7.2.-Consideracións xerais.*

1.- A xustificación realizarase de xeito individualizado por cada programa subvencionado.

2.- Para os efectos de xustificación das subvencións, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe de subvención solicitado e o importe do presuposto estimativo de gastos.

A aplicación deste coeficiente ó importe da subvención concedida dará lugar ó presuposto subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobra-la subvención; é dicir:

$$\text{Presuposto subvencionado que se ha xustificar} = \text{Importe subvención concedida} / \text{Cf}$$

O gasto xustificable documentalmente deberá acadar, ó menos, o importe do presuposto subvencionado que se ha xustificar ou a suma das subvencións para o mesmo obxecto, obtidas de Administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ó presuposto subvencionado.

3-As subvencións aboaranse da forma seguinte:

#### Opción A:

Poderá realizarse un pagamento parcial se a asociación xustifica a realización de actividades ou investimentos que alcancen, ó menos, o 50% do presuposto subvencionado que se ha xustificar de cada programa subvencionado.

#### Opción B:

A totalidade da subvención, trala xustificación previa das actividades ou investimentos realizados.

4.- Os gastos xustificadas deberán axustarse ós conceptos incluídos no presuposto inicial.

Non obstante, despois de solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou presuposto da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención; esta solicitude deberá presentarse no prazo máximo de seis meses dende a notificación da concesión da subvención.

Esta autorización requirirá a proposta da correspondente Comisión Avaliadora, que deberá pronunciarse sobre o mantemento do importe da subvención, do presuposto subvencionado que se ha xustificar e do prazo de xustificación e será obxecto de Resolución da Presidencia.

5.- Para o cobramento da subvención as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art. 170.2, Lei 39/1988, reguladora das facendas locais), situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servicio Provincial de Recadación.

6.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

De conformidade co artigo 81.8 do texto refundido da Lei xeral presupostaria, recollido na Base 51.<sup>a</sup>- 4.º das de execución do presuposto provincial, o importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

7.- O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola Deputación e polo Tribunal de Contas e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral presupostaria e, no seu caso, ó disposto no Código Penal.

### *7.3.-Documentación xustificativa:*

Para o cobramento da subvención, as entidades deberán presenta-la seguinte documentación:

1.-Declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades ou investimentos para as que foi concedida.

2.-Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

3.-Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

A) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos correntes xustificaranse mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

No caso de gastos de persoal contratado, poderán achegarse como xustificante, as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

B) As subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren gastos de investimento, xustificaranse axuntando os seguintes documentos:

- \* Adquisición de bens de equipo: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

- \* Execución de obras:

- \* Se as obras se executan por administración: certificación subscripta por técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

\* Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada suscrita por técnico Colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

O gasto xustificado mediante a documentación sinalada deberá acadar, ó menos, o importe do presuposto subvencionado ou a suma das subvencións obtidas de Administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ó presuposto subvencionado.

Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación de Administración concedente, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ó que se refiren os gastos.

#### *7.4.-Tramitación da xustificación:*

1.-Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención.

2.-No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de quince días para a súa corrección.

De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente ós gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

3.-O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

### **Disposición adicional primeira.**

Con carácter xeral admitiranse fotocopias da documentación presentada sempre que veñan compulsadas:

- \* Diante de notario.
- \* Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña.
- \* Polo órgano administrativo que teña no seu poder os documentos orixinais.

### **Disposición adicional segunda.**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2001.”

## **6.-CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE DOTACIÓN DE AULAS INFORMÁTICAS DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA, ANO 2.001.**

### INTERVENCIONS

Sra. Santiago López

Somos conscentes de que, despois da Comisión de Cultura desta semana, seguramente nos calarían a boina ata as orellas, porque adiantabamos que esta proposta que se nos presentaba non nos parecía correcta. Adiantabamos un voto negativo e, sobre todo, intúo que nosoutros non aplaudiramos coas orellas ante este plan, deixou a todo o mundo moi sorprendido, e en realidade os sorprendidos eramos nosoutros cando viamos que o grupo de goberno estaba poñendo en marcha un plan, que nosoutros nos atrevimos a bautizar como megaplan, que non dubido que seguramente poida apoiar o noso grupo cando o coñezamos en profundidade, pero ben, o que non deixa de sorprender é que dunha forma tan submarina esteamos aprobando, sen que se presente a aprobación, un plan para o desenvolvemento na provincia dos medios de comunicación, etc., etc., un nome que sinto non poder lembrar na súa totalidade.

Unha gran sutileza, este plan presentábasenos o día sete, neste plan non aparece un proxecto de temporalización de tódalas iniciativas que se presentaban, nin sequera unha mínima elaboración dun orzamento, nin tan sequera unha previsión de presentación ós

concellos, da finalidade última de todas estas propostas, porque en realidade, moitas destas propostas que se presentan, teñen como destinatario final ós concellos, e nembargantes o día 10 aparece dentro do expediente de modificación de créditos dos apartados deste plan, e o día 11, na Comisión de Cultura, presentábanse as bases para dotar de aulas informáticas os concellos.

Diciamos naquel momento que non coñeciamos os obxectivos, non sabiamos a que viñan estas bases, a qué viña esta convocatoria, este programa, aínda que si que coñecemos que forma parte deste ambicioso plan para a provincia. Parecíanos, entendendo, efectivamente, e sendo conscentes da necesidade de achegar as novas tecnoloxías á sociedade, en primeiro lugar non temos claro que esta sexa unha competencia desta deputación, nin moitísimo menos, e por outra parte parecíanos ambicioso para ser un plan piloto, aínda que polo que agora nos adiantaba o presidente da Comisión de Cultura, preséntase este plan atendendo á avaliación triunfalista que se facía do Plan de apoio veciñal, das aulas de informática do Plan de apoio veciñal.

Para ser sinceros, seguramente nosoutros apioariamos un plan piloto moito máis modesto, no que partindo da base da prestación inicial que se fai deste proxecto, da instalación de equipos informáticos con conexión en Internet, etc., etc., a presentación das novas tecnoloxías a sociedades, dentro de, por exemplo, de casas de cultura, bibliotecas, etc., etc., que era como se anunciaba este programa, partísese dun inicio do que serían unhas cantidades mínimas, e de que seguramente ós concellos se lles esixiran unhas contrapartidas menores, pero que si vinculasen nun proxecto de futuro, seguramente, a un medio ou longo prazo. Con iso é moi probable que puidesemos garantir unha viabilidade de futuro deste programa.

Sen embargo dános a impresión de que non se calibrou en profundidade a realidade dos concellos. En moitos casos, seguramente, non contarán nin con recursos propios, nin con equipos informáticos nas súas propias oficinas administrativas, en moitos deles seguramente non contarán con casas de cultura, as súas bibliotecas, seguramente non estarán informatizadas, e seguramente non se presentará esta como unha prioridade dentro dos servicios municipais, que era algo que comentabamos na comisión, e seguramente serei máis parca en palabras a partir de agora nas comisións futuras, para que non se veña preparado facendo alardes de, non sei, de pitonisos ou de ler as mentes.

Esta era das prioridades das ofertas dos concellos, diciamos que era un plan feito de arriba a abaixo, que seguramente os concellos non entenderán cál é a finalidade última, e si verán que teñen unha serie de contrapartidas, manter unha oficina aberta con persoal, seguir o adecuado mantemento dos equipos, programas, seguir a programación da deputación en cursos de informática, etc., etc., que moitas veces verán desbordadas as posibilidades que teñen os concellos, haberá algúns que, efectivamente, poderán asumilo, entenderano de

principio a fin, pero haberá outros concellos que non o entendan, porque é unha programación feita de arriba a abaixo, nunca facendo entender ós concellos cal é a finalidade última deste proxecto, e iso é algo que se bota en falta, bótase en falta que os concellos coñezan o destino final, este plan -ou megaplan, como xa me atrevía a bautizalo-, e desde logo non nos parece que este sexa o camiño que teña que levar esta proposta, e por iso o noso voto vai ser negativo.

#### Sr. Poza Domínguez

Das palabras do Sr. Crespo pódese deducir que os concellos da provincia terán aulas informáticas en base ó experimento realizado coas asociacións de veciños dos tres concellos da provincia. De calquera maneira, nosoutros imos votar a favor, parécenos que este plan beneficia ós concellos, e que se poñen así un pouco ó día, facilitando o acceso de tódolos cidadáns ó mundo da informática, e como tamén propoñiamos, cando se discutiu por primeira vez o plan de asociacións de veciños, parecíanos que había un burato, e que os concellos non se estaban beneficiando, e pasábase directamente ás asociacións de veciños.

Parécenos que, dentro de todo o Plan de informatización da deputación, e tamén do punto anterior, dalgunha maneira os cidadáns de toda a provincia da Coruña ó que máis van ser perceptibles vai ser a este plan, precisamente, de informatización, das aulas informáticas, para os concellos. Malo sería que, a estas alturas da película, tamén os concellos non realizaran ningunha acción tendente a facilitar o acceso igualitario ós cidadáns, o futuro da informática, deixando como parece que se pretende, exclusivamente ó sector privado, e que crease diferencias entre cidadáns. A nosoutros parécenos fundamental o potenciar e axudar ós concellos que, repito, estraño sería que non tiveran ningunha acción tendente a facilitar este acceso.

E como dixemos xa na Comisión de Cultura esta semana, queremos tamén facer unha achega dentro das bases do programa, e é tratar de homologar as aulas de informática que se crean, é dicir, as aulas homologables actualmente en calquera curso de formación ou similar, necesitan 15 postos para realizar un curso do que é habitual, de 15 alumnos. Polo tanto, o que nosoutros solicitabamos na comisión é que no concello se crearan estes catro módulos distintos para concellos de ata 5.000 habitantes, cun módulo; concellos de ata 15.000 habitantes, dous módulos; e de 15 ata 50.000, tres módulos, sendo de catro módulos os de máis de 50.000 habitantes, fundamentado, este tema da homologación, ante calquera curso de formación que se poida realizar.

#### Sr. López Crespo

Só aclarar unha cousa. Cando eu falaba de que do Plan de apoio veciñal se derivaba o seguinte, non era exclusivamente, aquí teño tamén a primeira xustificación para este plan

que era, á parte da petición de moitos alcaldes, e da propia vontade política deste grupo de goberno, coñecedor da necesidade de levar a sociedade informática ós concellos, é precisamente no Plan de apoio veciñal onde descubrimos a aceptación da oferta informática, e a conveniencia de levala a tódolos concellos. Quero dicir que non se me interprete mal, dicindo que foi exclusivamente iso. Aí foi onde descubrimos unha maior intensidade na demanda por parte da poboación.

Eu non vou ser moi extenso neste punto, porque creo que quedou claro cáles eran os intereses desta corporación provincial, que é achegar a sociedade informática á poboación, desde logo non estou de acordo con vostede, Sra. Santiago, de que había que explicarlle ós concellos os obxectivos deste plan, son precisamente os concellos os que senten a necesidade, senten a oportunidade histórica de levar estas novas tecnoloxías ós seus cidadáns, e son os que demandan medios, e a deputación ponos á súa disposición a través da creación destas aulas de informática.

Logo direille ó voceiro do PSOE que o da homologación é unha cousa diferente, dado que para os cursos de formación existen xa unhas partidas para compras, alquiler de materiais, e están ocupados nalgúns casos, depende do módulo do curso, moitas épocas do ano, co cal non se cumpriría un dos obxectivos que se pretende que é a dispoñibilidade ó longo de todo o día nas casas de cultura, centros sociais ou centros xuvenís. Pouco máis, porque ademais terá ocasión noutro punto desta orde do día o Sr. Rodríguez de falar da informática, e é posible que toque tanxencialmente, aínda que sexa, este punto.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aproba-las bases da convocatoria do “Programa de dotación de aulas informáticas dirixido a concellos da provincia, para o ano 2001”, cunha dotación inicial de 225.000.000. -ptas. (1.352.277,24 euros), segundo o seguinte texto:

**CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE DOTACIÓN DE AULAS DE INFORMÁTICA DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA PARA O ANO 2001.**



## 1.- FINALIDADE E OBXECTO

Dende hai anos a Deputación da Coruña vén de promover actuacións dirixidas a impulsar o desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e das comunicacións na provincia para, deste xeito tentar de garanti-la súa incorporación á sociedade da información. Os esforzos actuais diríxense fundamentalmente a moderniza-lo modelo operativo, incrementa-la eficacia e dar unha resposta áxil ás necesidades dos concellos, as empresas e os cidadáns.

Neste contexto, a Deputación pretende, ademáis, nun horizonte plurianual, dotar ós concellos que o precisen de aulas de informática que, por unha banda faciliten o acceso dos veciños de cada concello ás novas tecnoloxías e ós novos sistemas de información e comunicación e, pola outra, garanten que cada concello dispón dun soporte informático axeitado para o pleno desenvolvemento formativo do seu persoal e, polo tanto, para a mellora da actividade municipal. As aulas permitirán tamén que os cidadáns de cada concello teñan a posibilidade de relacionarse coa administración a través dos novos medios telemáticos e informáticos.

Será obxecto do presente programa a dotación de aulas informáticas ós concellos, mediante adquisición e instalación de equipos informáticos e de comunicacións, incluíndo a súa conexión ás principais redes de información e o seu correspondente mobiliario pola Deputación para a súa cesión ós concellos, en función do disposto nos art. 109 e 115 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, e con cargo ó presuposto da Deputación para o ano 2001.

As adquisicións faránse a través da fórmula xurídica correspondente, cedéndose ós concellos o seu uso por un período de dez anos prorrogables, en función das condicións que no convenio correspondente se estipulen.

O financiamento do presente programa realizarase con cargo ó crédito, por importe de 225.000.000.-pts. (1.352.277,23 euros) consignado na **Aplicación presupostaria 0601/126E/62999** do vixente Presuposto, que se poderá incrementar en función das solicitudes.

Por razóns de limitacións presupostarias este Programa realizarase en dúas fases ó longo dos anos 2001 e 2002.

A adscripción dos concellos á primeira ou á segunda fase realizarase segundo a puntuación obtida de acordo cos criterios de valoración sinalados na base 6 desta convocatoria.

Os concellos que sexan seleccionados para a segunda fase non terán que facer unha nova petición.

## **2.- SOLICITANTES.**

Poderán optar ó presente programa tódolos concellos da provincia da Coruña.

Só poderá solicitar unha aula por concello; a aula non poderá partirse, aínda no caso de que a aula concedida estivera composta por máis dun módulo.

## **3.-CONDICIÓN.-**

Para os efectos da presente convocatoria, cada aula informática estará integrada, ó menos por un módulo composto dos seguintes elementos:

- \* 5 ordenadores persoais multimedia para os alumnos.
- \* 1 ordenador persoal multimedia para o profesor.
- \* 1 impresora láser para o seu uso compartido na aula.
- \* Software correspondente.
- \* 5 mesas para ordenador para os alumnos e 1 para o profesor.
- \* 5 cadeiras para os alumnos e 1 para o profesor.
- \* 1 mesa para impresora.
- \* 1 instalación básica de rede de datos, se o local non dispón dela.
- \* 1 equipo de comunicacións para a integración da aula na rede da Deputación.
  
- \* 1 posto completo para xestión. (para os concellos menores de 50.000 habitantes)

Con carácter xeral, os módulos concederanse tendo en conta o tamaño dos concellos, segundo a seguinte escala:

- \* Concellos de ata 5.000 habitantes: 1 módulo.
- \* Concellos de 5.001 a 50.000 habitantes: 1 ou 2 módulos.
- \* Concellos de máis de 50.000 habitantes: 2 a 4 módulos.

### **3.1.- Obrigacións da Deputación:**

- \* Adquisición dos equipos informáticos e do mobiliario.
  
- \* Instalación da rede de datos, se o local non dispón dela.
  
- \* Entrega e instalación dos equipos informáticos e do mobiliario.
  
- \* Instalación da conexión a internet, a través da rede telemática da Deputación.

- \* Realizar, de acordo cos servicios técnicos do concello, o proxecto de instalación da aula.
- \* Proporcionar ó persoal do concello destinado na aula programas de formación.

A Deputación asumirá a adquisición e instalación dos equipos informáticos, de comunicación e do mobiliario, trala contratación previa da correspondente subministración.

### **3.2.- Obrigacións dos concellos:**

- \* Proporcionar o local axeitado para a instalación da aula informática. Este local deberá estar en edificios destinados a bibliotecas municipais, casas de cultura ou similares de titularidade municipal. A superficie do local será axeitada ó tamaño da aula solicitada.
- \* Instalación das líneas eléctricas e telefónicas necesarias, tal como se definan no proxecto de instalación da aula.
- \* Participar nos programas de formación en novas tecnoloxías que organice a Deputación, dirixidos ás aulas informáticas dos concellos.
- \* Mantemento dos equipos e do local e aboamento dos gastos de funcionamento (materiais funxibles, electricidade, teléfono...).
- \* Destinar o persoal e recursos necesarios para a atención permanente da aula, fora das horas nas que se realicen actividades docentes.
- \* Subscribir unha póliza de responsabilidade civil polo uso da aula de informática.
- \* Subscribir unha póliza de seguro polos danos ós equipos e mobiliario da aula.
- \* Facer constar que a aula está incluída na rede da Deputación da Coruña en toda a difusión (impresa, informática ou audiovisual) que xeren as actividades da aula e na sinalización desta.

A cesión do uso do equipamento da aula informática ós concellos realizarase mediante convenio entre a Deputación e os concellos nos que se recollerán as condicións da cesión e as obrigas das partes asinantes.

A participación neste programa será incompatible coa obtención doutras subvencións para a mesma finalidade.

#### **4.-DOCUMENTACIÓN.-**

As solicitudes deberán formularse no modelo normalizado que se facilitará no Rexistro Xeral da Deputación e no Servicio de Fomento e que poderá obterse, tamén, na páxina web da Deputación ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)).

Achegarase tamén a seguinte documentación:

A.- Certificación do acordo de participación neste programa e de aceptación das bases da convocatoria.

B.- Certificación do nomeamento de representante do concello na Comisión de Seguimento deste Programa.

C.- Certificación do número de habitantes do termo municipal, segundo a última actualización do padrón.

D.- Plano do local destinado á aula de informática, con indicación das redes eléctrica e telefónica coas que conta.

E.- Acreditación da titularidade municipal do local destinado á aula informática.

F.- Programa de utilización da aula de informática, no que deberá constar o persoal que imparta a actividade, así como os destinatarios desta.

G.- Relación detallada dos equipos informáticos destinados a actividades docentes cos que contan na actualidade.

A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir debidamente compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación a que se refire a presente base deberá ser subsanado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

#### **5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral da Deputación e na forma establecida no art. 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día -----de 2001.

## **6.-RESOLUCIÓN DO PROGRAMA.**

A resolución do programa realizarase, despois do informe do Servicio de Fomento, mediante resolución da Presidencia, por proposta motivada dunha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente: Un dos vicepresidentes da Deputación

Vocais : Tres deputados designados polo presidente da Deputación.

Na comisión actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servicio de Fomento.

A selección das peticións determinarase, despois do informe dos servizos provinciais que se sinalan, de acordo cos seguintes criterios de ponderación:

- Programa de utilización da aula de informática: 20%. Informe do Servicio de Planificación e Control.

-Número de habitantes do termo municipal e persoas destinatarias do programa: 45 %.

- Condicións do local destinado á aula informática.: 20%. Informe dos Servicio de Arquitectura e de Informática.

-Condicións dos equipos informáticos ou , no seu caso, a súa carencia: 15%. Informe do Servicio de Informática.

Unha vez realizada a selección, a Deputación procederá á realización dos trámites correspondentes para a adquisición e instalación dos equipos informáticos e de comunicacións e do correspondente mobiliario, segundo o disposto na base terceira do presente programa.

## **7.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA.**

Para os efectos de coordina-las actuacións dos distintos servizos provinciais, xunto cos concellos, nombrarase unha comisión de seguimento do programa que, presidirá un deputado da Corporación Provincial e estará integrada polos seguintes membros:

\* O representante do concello.

- \* Un representante do Servizo de Informática.
- \* Un representante do Servizo de Arquitectura.
- \* Un representante do Servizo de Planificación e Control.
- \* Un representante do Servizo de Fomento e Servizos Provinciais.

### **Disposición adicional primeira**

Con carácter xeral admitiranse fotocopias da documentación presentada sempre que veñan compulsadas:

- Diante de notario.
- Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña.
- Polo secretario do concello.

### **Disposición adicional segunda**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2001.

A Coruña, .

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo. José Luis Almu Supervía

2.-Condiciona-la citada aprobación á entrada en vigor do Expediente de modificación de crédito no que se recollen as transferencias necesarias para a dotación do Programa.

3.-Dispoñe-la publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.”

**7.-MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS 1997-2001, DO PLAN 2000 BAIXAS 1998, DO PLAN 2000 BAIXAS 1999 E DO PLAN AFORRO LICITACIÓN 1999, PARA ANULAR O COMPROMISO DE REINVERSIÓN DAS BAIXAS DE LICITACIÓN.**

### INTERVENCIONES

Sr. Erias Rey

O que queríamos sinalar con respecto a este punto da orde do día son dúas cuestións que eu creo que xa anunciei no seu momento na comisión informativa, pero que en todo caso, por se non quedaron suficientemente claras, parécenos conveniente o explicalas unha vez máis.

En primeiro lugar, facendo caso do que ás veces suxire a oposición, un pode sentirse perplexo, porque claro, cando se fai caso porque se fai caso, e cando non se fai caso porque resulta que non se atenden as razóns de peso que a oposición contribúe.

A crítica xeral e o sentimento que ás veces teñen os afectados respecto dalgúns plans que a deputación está implementando, era a dificultade de implementar algunhas obras e, sobre todo, no horizonte temporal, o poder cerrar os plans, os plans deben de ter unha vixencia, e non debemos de continuar prolongándoos de maneira indefinida, sen saber onde. Saben vostedes que estes plans, o Plan de infraestructuras 2000 e os outros dos que estamos falando, sobre a licitación orixinal, se había unha baixa, se era unha obra de 80 millóns de pesetas que saía a licitación e adxudicábase en 60, o concello dispoñía de 20 millóns para outra obra que el decidira, e esa, unha vez que fora adxudicada, se era en menos dos 20 millóns, se por exemplo en 10 millóns adxudicaba, dispoñía doutros 10 millóns no que se denominaba Plan de aforro. Claro, isto, por distintas razóns, foi xerando distintos tipos de situacións, en particular que ás veces existan liquidacións que hai que atender, a pesar de que os plans sempre lle trasladaban ós concellos a responsabilidade de que calquera asunto derivado da non implementación del, da mellora, ou do que fora, terían que ser os concellos os que se fixeran cargo, a pesar de todo iso, repito, que se dan circunstancias nas cales a deputación vese obrigada a intervir, porque senón, de certo, isto non tería fin.

Entón, ¿que é o que pretendemos cando dicimos suprimir, dentro do que eran as bases dese plan, as actuacións que agora se están considerando? Non pretendemos en ningún modo, e en ningunha maneira, que os concellos contaban, entre comiñas, con ese crédito, quédense con el. Tódolos concellos van dispoñer de crédito que tiñan asignado, pero van dispoñer dese crédito dunha forma distinta, e aquí si que escoitamos ós Sres. voceiros desa forma na que vostedes nos suxiren, é dicir, unha forma flexible, unha forma que se pode executar no tempo, que é razoable executar a acción da que estamos falando, e que ningún note que non se dispón dunha cantidade que, en principio, contaba con ela.

Polo tanto, a finalidade é dobre, por unha parte simplificar, cerrar eses plans, desenvolver novas iniciativas e que os concellos poidan disfrutar delas. E dígolle que, en ningún caso, é un castigo a ninguén, en ningún caso, é máis, en tódolos casos o que se dá é

un apoio decidido por parte do equipo de goberno para que as cousas que non están realizadas se realicen neste prazo prudente. Entón teremos que facer un programa para tódolos concellos que tendo esta facilidade para facer esas obras, non as fixeran porque, ás veces, reitero, cuestións sobrevidas impiden que a obra, o Plan de baixas, ou o Plan de aforro, o non sei que, estéase executando, e como isto parécenos que é necesario deixalo ben claro e facer todo aquilo que é necesario facer e que os concellos contan con ela, explicalo deste modo.

Non se trata, volvo a repetilo para que quede claro, de que ninguén perda nin unha soa peseta con esta acción, máis ben todo o contrario, que poidan gozar das obras o máis rápido posible e así o faremos. Moitas gracias.

#### Sr. Rodríguez Doval

Con toda cordialidade, Sr. Erias, a vostede traiciónao o seu subconsciente con demasiada facilidade, e é malo que vostede interveña falando do que presume que imos falar nosoutros, porque iso indica dúas cousas, ou ben falta de criterio no tocante ó procedemento, que non é o caso, ou ben unha inseguridade no que vostede vai defender, e vostede xa nos adiantou parte do noso discurso, e vostede está falando disto xustamente porque vostede sabe que iso é así. Vostede sabe que o debate que temos hoxe aquí non en cantidades, senón no tocante á decisión que se vai tomar aquí, é un debate que se sitúa na irracionalidade, non me vou meter en términos xurídicos, pero desde o punto de vista dunha actuación eu vin poucas, vin algunha nesta deputación, pero moi poucas actuacións similares á que se vai dar hoxe aquí, e a vostede, de novo, acábao de traicionar o seu subconsciente. Pero eu vou respectar a intervención tal e como a tiña prevista, intentando explicar porque nosoutros sacamos a conclusión á que me acabo de referir.

E quería empezar, precisamente, polo debate que demos, interesante debate que demos o outro día na comisión, digo o de interesante porque falamos, que ninguén pense..., porque falamos, normalmente nas comisións hai pouco debate, case nunca se fala, vótase, pero o outro día falamos, e ademais tivemos un debate moi interesante. Pois a min dese debate quedoume unha idea que, mesmo me parece que como afirmación, fixo o Sr. Erias, que puxo por riba de todo o que acaba de poñer agora mesmo, “eh, que ninguén diga que imos prexudicar ós concellos”, xa adiantou onde está o debate, aí é onde está o debate. Efectivamente, esa afirmación non tería importancia se non fora que a proposta que se trae hoxe aquí é a anulación de máis de 201 millóns de pesetas en obras correspondentes a dereitos adquiridos polos concellos a través de catro plans diferentes, é dicir, o que vén hoxe aquí non é se elaboramos un plan que inclúe a uns concellos e deixa fóra a outros, o que vén hoxe aquí é unha proposta para anular obras na maioría dos concellos da nosa provincia, practicamente na totalidade, obras que eses concellos tiñan previsto facer porque corresponden a dereitos adquiridos, porque son baixas que segundo as bases que



convocaban eses plans, correspóndenlles, a ver se nos aclaramos; baixas do ano 98, do 99, do Plan de aforro licitacións do 99 e do Plan 2000 infraestructuras, 98-99.

E quero insistir neste aspecto dos dereitos adquiridos, efectivamente porque o que acabo de dicir, non son novos criterios, e direi que as asignacións complementarias que lles correspondían a toda esta listaxe que teño aquí polo Plan de baixas quedan anuladas e, polo tanto, se quedan anuladas non as van recibir, e eu no tema económico, Sr. Erias, non me podo medir con vostede, pero no tema dialéctico si, eu sei o que significan as cousas, e sei o que significa anular obras que os concellos tiñan pendentes, significa que as previsións económicas coas que contaban non as van ter, e iso non ten máis discusión cá que é.

Interesante debate, dicía eu antes, o que tivemos na comisión, proque falamos, porque ó igual que fixo agora o Sr. presidente da comisión empezando por falar el e por autoxustificarse de algo que de momento aínda non o acusamos, chegou a afirmar vostede, como está dicindo agora, que os plans de baixas complican a execución da planificación deseñada por parte desta deputación, claro que si, pero é que vostedes para evitar a complicación que significa que teñamos baixas das baixas das baixas, complementarios das baixas, e sucedáneos do complementario das baixas, vostedes o que fan é recorrer ó máis doado, que é facer desaparecer o problema, e fan desaparecer as cantidades que lles correspondían ós concellos. Vostedes non fan unha nova planificación, non, non, retiran uns dereitos que tiñan adquiridos os concellos, retíranos eses dereitos, en nome da santa planificación que xa me explicarán vostedes despois como existe nesta casa cando no mesmo Pleno se aproban catro plans diferentes, que mo expliquen.

E como sempre, falando da planificación/programación, -porque Sr. Erias aí e eu, temos unha..., entón poño planificación/programación-, parece que, efectivamente, as árbores non deixan ver o bosque. Claro, Sr. Erias, que a diversidade e o amplo abano de convocatorias que para o mesmo fin mantén esta deputación complica a súa tramitación, a execución, a racionalización e a ordenación que queren facer os concellos, é dicir, que para ter 40 pesetas teñen que estar agardando, ¿cantas veces saen no Boletín Oficial da Provincia 40 convocatorias?, claro que ese excesivo abano de convocatorias que hai, complica excesivamente todo isto. E eses plans que están aprobados aquí, ¿quen os aprobou?, ¿quen aprobou esa planificación?, ¿aprobaron esa planificación os concellos da provincia, ou aprobou esa planificación os grupos da oposición?, non, aprobou esa planificación o grupo de goberno, o Partido Popular, na anterior lexislatura e nesta lexislatura.

Estamos, evidentemente, cun panorama infernal, estamos cun panorama infernal que ten de todo menos sentido común. E quero dicir aquí que no informe, na páxina número 21, e na páxina número 22 do informe que facía intervención ó proxecto de orzamentos para o ano 2001, para este no que estamos, dicía xustamente que hai exactamente un total de oito plans de investimento cun importe de 6.717 millóns de pesetas, e oito programas de

subvencións por importe de 561, -agora xa son máis-, millóns de pesetas e di textualmente: “...A análise destes datos pon de manifesto, ó igual ca en exercicios anteriores, que existe unha dispersión de esforzos en materia de cooperación local, o que, como xa se dixo, debilita o carácter unitario que ela pretende dar á Lei de bases de réxime local”. E, efectivamente, vostedes tiveron cando aprobaron os orzamentos do ano 2000, tiveron nas súas mans evitar que hoxe foramos facer aquí esta falcatruada, porque isto non pasa de ser unha falcatruada por denominalo de maneira coloquial, porque o é, no aspecto político é o, porque é matar as moscas a canonazos. Isto non resolve o problema, non resolve en absoluto o problema.

O problema é que a planificación, mellor dito, a falta de planificación, números, obras, en función de necesidades, esa planificación que se fai en función de necesidades que non ten que ver nada coa racionalidade, o que nos está levando, efectivamente, a esta situación. E vostedes se tiveran, eu díxenlle o outro día a vostede en comisión, se vostede dá un debate, e que seguramente ten que ser tamén con ese certo consenso, respecto de como saímos desta situación, e ese debate está presidido por criterios de racionalidade e predican co exemplo, saiban que van ter a posición do BNG a favor, e non llo teño que dicir eu hoxe aquí, por certo, revise vostede o Rexistro desta deputación e saiba que en numerosas ocasións o noso grupo político propuxo a creación dunha comisión á que vostedes se negaron, precisamente para chegar a un nivel mínimo de racionalización no tocante ó que é a planificación. Entón, a min sóame a música celestial, ó noso grupo sóalle a música celestial, que agora vostedes, en nome dunha cousa que se vía vir, digan que como se lles complica demasiado a tramitación, quitámoslles estas asignacións que lles correspondían ós concellos. Esa non é a forma de solucionar o tema, séntense vostedes, solucionen o tema, e xa lle digo, non falo dos 201 millóns de pesetas, para min é, incluso, sendo importante, case case é secundario, non é o máis importante a cantidade, que vostedes din que lle van dar por outro lado, non sei porque lado, a vía que é, ¿tarxeta Visa?, é dicir, ¿como van vostedes complementar o que lles quitan os concellos?, ¿vía Visa, ou a través de que vía?, iso non se pode dicir aquí. Vostede acaba de dicir, “eu quero dicir que nosoutros...”, non señor, vostedes aquí van votar retirarlle a esta listaxe de concellos que teño aquí, determinado tipo de cantidades coas que contaban, e eu sei que para algúns alcaldes que están aquí ten que ser moi doloroso votar a favor disto, ten que ser tremendo, claro, porque isto non ten nin pés, nin cabeza, non ten nin pés nin cabeza.

Entón, eu case case volvo ó punto número dous, e ocorrerásese que se houbera tamén un nivel de racionalidade e un nivel mínimo de sentido común, antes de darlle aprobación a isto, sentémonos na comisión correspondente, perdamos o tempo que teñamos que perder, e miremos como, efectivamente, de cara ó futuro, racionalizamos este amplo e racional abano de propostas de convocatorias que temos todos para os mesmos fins, señores, que son ademais para dicirlles ós concellos, das necesidades que tedes aquí tedes ese diñeiro, planifícade, pero non, xaneiro, febreiro, convocatoria, marzo, convocatoria,

marzo segunda quincena, segunda convocatoria, isto non é serio. ¿E vostedes dinme que están a favor da coordinación coa comunidade autónoma?, hai que empezar a predicar co exemplo e coordinarse dentro desta casa.

Polo tanto, Sr. presidente, nosoutros naturalmente que imos votar en contra, e advirto que se inicia hoxe un moi mal camiño por parte desta deputación, iníciase un moi mal camiño e vostede xa saberá por que, eu non llo podo dicir hoxe aquí, pero iníciase un moi mal camiño, porque realmente é a primeira vez en que para resolver problemas de xestión dun plan, Sr. presidente, quítanlle vostedes dereitos adquiridos a determinados concellos da provincia.

E despois, paréceme que hai unha actitude, de certo hipócrita, no plano político, de falar de racionalidade, de en nome desa racionalidade suprimirlle os dereitos que teñen os concellos, e o mesmo pleno, estar aprobando tres cousas diferentes. Moitas gracias.

#### Sr. Fernández Moreda

Brevemente, había unha canción nos anos 60 que cantaba un dúo holandés, que se chamaba La Yenka, que a letra dicía, máis ou menos: “esquerda, esquerda, dereita, dereita, diante, atrás, un, dous, tres”, o obxectivo do baile era non pararse nunca, estar sempre en movemento, e este Pleno lémbreme un pouco a letra desa canción, é dicir, estar sempre en movemento, non pararse a pensar. ¿Por que digo isto?, porque así como nalgúns puntos dísenos que se quere racionalizar a xestión da deputación coma este, noutros créanse plans novos, por chamalo entre comiñas, que van complicar a xestión da deputación. Fálásenos de cooperación e coordinación, e logo non hai coordinación coas institucións que teñen a competencia para desenvolver esas cuestións.

Pero ben, en calquera caso, eu comparto moitos dos argumentos que explicou o Sr. Doval, e vou ser máis breve ca el. Isto xenera unha inseguridade xurídica, parécenos ben que se queira racionalizar todo o tema dos plans, porque é que hai reformados, hai proxectos, reformados, modificados, reformados do proxecto, reformado do modificado, fase unha, fase dúas, fase tres, fase catro, fase oito, na mesma anualidade, hai plan de baixas, como xa non se pode chamar a outra baixa, chámase Plan de aforros, e é unha complicación, e hai que racionalizar. Pero eu creo que o camiño non é bo, e voulle explicar por que, porque, primeiro, son dereitos adquiridos, hai unha inseguridade xurídica, hai concellos que saben que van ter por esas baixas un diñeiro, e que teñen previsto ese diñeiro para uns proxectos, e vostede Sr. Erias di, “e igual non pasa nada, vai ter o mesmo diñeiro”, pois se van ter o mesmo diñeiro, non faga un plan novo, acabe ese, acabamos ese e non repetimos máis o tema das baixas, dos reformados e dos modificados, e racionalicemos a xestión.

Este é o principal rexeitamento que temos para este punto, a inseguridade que se xera porque hai concellos que xa teñen ese diñeiro, contan con ese diñeiro, cuns proxectos xa elaborados para financiar con ese orzamento, e se se vai facer outro plan, e ese proxecto que xa ten previsto non alcanza coa subvención da deputación, terá que facer outro, e se se vai financiar o mesmo proxecto que ten previsto, finánciese por esa vía e acabamos moito antes.

Polo tanto, imos votar que non, aplaudimos o intento de racionalización na xestión da deputación, aínda que xa dicimos que ás veces ese intento parece un pouco confuso, pero non nos parece máis adecuada esa fórmula que se inicia, porque ó final vai complicar máis porque teremos que facer outro plan para financiar os mesmos proxectos coas mesmas cantidades.

Moitas gracias, Sr. presidente.

Sr. Erias Rey

Eu creo que non hai nada do que o Sr. Rodríguez Doval apunta, probablemente o seu subconsciente estea padecendo, entre comiñas, iso que reclama sempre e que logo non desenvolve, vostede reclama racionalidade, aplíquea e logo seguro que teremos outro resultado, porque creo que se presentou na comisión, ofreceuse o debate que houbo, que vostede di que é moi interesante, eu creo que foi un debate froito do punto que levabamos, pero en todo caso, o que si lle teño que dicir é que hai racionalidade, inténtase proxectar sobre a execución que estamos levando a cabo dos plans que, ó noso xuízo, e vista experiencia, e tamén atendendo algunhas das suxerencias que vostedes achegaron, procurar non situar como di o Sr. Fernández Moreda, nunha cuestión de inseguridade, nin moito menos, se o voceiro entendi previsamente foi para aclarar isto que xa vostede nos anunciou, vostede xa nolo anunciou na comisión informativa, e eu díxenlle que o camiño máis longo requiría, se é o caso, que en primeiro lugar, suprimíramos, entre comiñas, esa incerteza, porque os concellos a pesar do que vostede está dicindo, non pode saber que lles corresponde dun Plan de baixas mentres que a obra non se adxudica, non saben, e non teñen obra para acomodar iso. Unha vez que a obra se adxudica e que, certamente, representa o 10, o 20, o 15 ou o que sexa, por cento, da cantidade que saiu a concurso, entón si que poden desenvolver unha obra determinada. Pois como nosoutros sabemos o que aí hai financeiramente, iso imos proporcionarlle a todos e cada un deses concellos que tiñan a oportunidade de propoñer o que aínda non coñecían, en moitos dos casos.

Polo tanto, voulle dicir que a racionalidade predícase coa práctica, e a práctica, neste caso, e non porque sexa o voceiro desta comisión, quen llo di, creo que a veño desenvolvendo con bastante habitualidade. Polo tanto, ó meu xuízo, non hai que esaxerar onde o único que se pretende é que as obras coa capacidade financeira que a deputación

vailles achegar ós concellos, realícense, e como iso é coñecido, o compromiso deste grupo de goberno é que ningún concello, e por iso quixen repetir o que xa lles dixera a vostedes alí, que ningún concello teña, nin esa inseguridade da que fala o voceiro do Partido Socialista, nin tampouco ese quebranto que vostede anuncia.

Repito que iso é, ben, facer o que lles parece máis oportuno como, neste caso, intervinientes neste punto, pero que ó meu xuízo non clarifica para nada o obxectivo último, que non é outro que gozar das obras e que esas obras se fagan no tempo prudencial, e que non compliquen para nada o que é o trámite de execución, que estabamos vendo que non era o máis adecuado.

(Abandonan o salón os Sres. Fernández Moreda e García Liñares).

E volvendo ó que partía, ó que nos comentaba o Sr. Rodríguez Doval, a min paréceme que, por parte do grupo de goberno demos suficientes mostras de que hai debate sobre os asuntos, o que pasa é que non hai nin plan único nin ese pensamento único que ás veces criticannos que desenvolvemos. O que si hai é un compromiso decidido coas realidades de cada concello, e desde o respecto á autonomía municipal, e desde o respecto a que mentres que haxa deputacións, as deputacións cumpramos o papel, e que creo que cada paso terá que ser máis importante, de prestadoras de servicios, ós municipios do ámbito territorial onde temos que desenvolver a nosa acción. Lamento non coincidir con vostede, pero no fondo o que estamos vendo é sempre a mesma cuestión, que vostedes preferirían que lles deramos o cheque, é dicir, xa sen cheque, que as deputacións no fixeran absolutamente nada, non existiran fisicamente e que, polo tanto, desenvolvéranse outro tipo de agrupacións que logo non sei como as chamarían, porque tamén é algunha das propostas que vexo que está detrás de toda esta lóxica que vostede pretende traducirnos, na cal hai coherencia co seu pensamento, non hai lóxica nin compromiso coa actuación concreta que hai que levar a cabo.

Por iso dígolle que, a pesar de toda racionalidade que vostede pretende introducir, eu particularmente, e este grupo, cre que os concellos van notar de maneira substancial que ese Plan do 98 de baixas, de aforro, de non sei qué, poderano realizar, e que ningún dos que aparecen aí nese catálogo de concellos que dispoñían dun crédito potencial, vai ver mermada a súa capacidade. Polo tanto, isto é o que podemos dicir, cremos que vamos mellorar, e estamos introducindo racionalidade, que non é outra cousa que aplicarlle a razón, non que dous por dous son catro sempre, dous por dous, sabe vostede ben que poden ser catro, poden ser cinco, e en ciencias sociais ata poden ser menos tres, se o fan algúns, facéndoo os que o saben facer, normalmente lévano a sete, que é ese resultado da suma dos arredores, e non só do proxecto que un cre que é o mellor.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Sr. Rodríguez Doval, imos un pouco atrasados no debate, unha intervención moi breve, por favor.

Sr. Rodríguez Doval

Si, ademais eu coincido en que imos moi atrasados, bastante atrasados. Simplemente quería dicir unha cousa, Sr. presidente, direi que non é certo, Sr. Erias, é o único que vou dicir, pero tamén que se fale con rigor, non é certo que os concellos non teñan asignadas unhas cantidades ás baixas correspondentes, eu teño aquí a relación que non o inventei eu, os 201 millóns de pesetas saen dunha estimación en función das baixas que quedan pendentes de contratar. Polo tanto, non o inventou o Bloque Nacionalista Galego.

Sr. presidente

Moitas gracias pola súa brevidade. Insistir en que imos atrasados no debate, non noutras cousas, e desde logo, confirmar que os concellos non van perder ningunha das cantidades que tiñan comprometidas e que lles pertencen.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (8 do PSOE e 3 do BNG)

Abstéñense: 2 deputados (PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Modificar as bases reguladoras do Plan 2000 de infraestructuras 1997-2001 que foron aprobadas mediante acordo plenario do 16 de setembro de 1997 (BOP nº 218 do 22 de setembro de 1997), no senso de suprimir o seguinte parágrafo contido na base específica nº 4 dos plans sectoriais e da base específica nº 3 das obras de iniciativa municipal, que ten o texto seguinte:

“As baixas producidas na adxudicación das obras correspondentes ó límite de contratación establecido para cada concello repercutirán nos respectivos concellos.”

2.- Modificar as bases reguladoras do Plan 2000 baixas 1998 que foron aprobadas por acordo plenario con data do 30 de outubro de 1998 (BOP nº 250 do 31 de outubro de 1998), do Plan 2000 baixas 1999, aprobadas por acordo plenario con data do 2 de marzo de 1999 (BOP nº 50 do 3 de marzo de 1999) e do PAL 1999 aprobadas o 23 de abril de 1999 por acordo plenario (BOP nº 92 do 24 de abril de 1999) no senso de suprimir o seguinte parágrafo contido na base nº 7, que ten o texto seguinte:

“As baixas de licitación que se produzan destinaranse a financiar as obras previstas no Plan complementario do respectivo concello, na forma establecida na base 6”.

E modificar a base nº 6 no senso de suprimir as referencias á elaboración dun novo Plan de reinversión de baixas de forma que quede redactada como segue:

“Á vista de tódalas solicitudes presentadas polos concellos da provincia, o Pleno da deputación prestará aprobación ó plan, onde se incluírán os investimentos solicitados polos concellos que estean correctos e completos.

A dita aprobación comprenderá as obras principais solicitadas polos concellos que se integrarán no plan base.

No mesmo acordo aprobarase a delegación da contratación e execución dos investimentos nos respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos no artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e desde a solicitude de informe sen que se presentaran alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

3.- Dispoñer a exposición ó público do presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que nun prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións oportunas, considerándose definitivamente aprobadas no caso de non se presentar ningunha.”

## **8.-APROBACIÓN DO CAMBIO DAS OBRAS INCLUÍDAS NAS ANUALIDADES 1998 E 1999 DO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS DO CONCELLO DE**

**CEDEIRA, MELLORA, PAVIMENTACIÓN E ILUMINACIÓN PÚBLICA P. XENERALÍSIMO, CÓDIGO 98.3400.0342.0 E OBRAS DE MELLORA DA PONTE VELLA, CÓDIGO 98.3400.1106.0, POLA OBRA TRAVESÍA DA AVDA. DE CASTELAO, CÓDIGO 99.3400.1478.0.**

**INTERVENCIONS**

Sr. Lagares Pérez

En prol da axilización, o grupo socialista vai votar favorablemente ós puntos 8 e 9 e vaise abster no punto número 10.

Sr. Rodríguez Doval

No mesmo criterio, nosoutros imos votar favorablemente no punto número 8, e absternos no 9 e no 10.

**ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude presentada polo Concello de Cedeira de cambio de dúas das obras que o concello ten incluídas no Plan 2000 infraestructuras anualidades 1998 e 1999, 1ª e 4ª fase que foron aprobadas por acordos plenarios do 9 de xaneiro de 1998 e 23 de decembro de 1998 respectivamente do que a contratación lle corresponde a esta deputación:

1º.- Anular as seguintes obras do concello de Cedeira incluídas no Plan 2000 infraestructuras anualidades 1998 e 1999:

<u>Código</u>	<u>Concell.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
98.3400.0342.0	Cedeira	Mellora, pavimentación e iluminación pública P. Xeneralísimo	29.360.833
99.3400.1106.0	Cedeira	Obras mellora Ponte Vella	6.416.512

2º.- Aprobar a inclusión da obra que a seguir se relaciona no Plan 2000 infraestructuras, anualidade 1999 do concello de Cedeira, en substitución das obras anuladas relacionadas no apartado anterior, que non supón modificación no orzamento total da obra nin do plan plurianual no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Concell.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
99.3400.1478.0	Cedeira	Travesía na Avda. de Castelao	35.777.345



3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non se presentar ningunha.

4º.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración Local de Galicia, debendo considerarse emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa solicitude.”

**9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA EDIFICIO PARA O CONCELLO. OBRA PENDENTE DE EXECUCIÓN, CONCELLO DE MOECHE. PLAN DE CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN URGENTE DAS CASAS DE CONCELLO 1998-1999, 1ª FASE. CÓDIGO 98.3600.0012.0/98.3600.0012.1.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 20 deputados (13 do PP e 7 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o proxecto reformado nº 2 da obra Edificio para concello. Obra pendente de execución do concello de Moeche, incluída na 1ª fase do Plan de construción e reparación urgente de casas de concello 1998-1999, que foi aprobada por acordo plenario do 27.11.98, co código 98.3600.0012.0, e do que o proxecto reformado nº 1 aprobouse en virtude do acordo plenario con data do 30.12.99 co código 98.3600.0012.1.

Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra Edificio para concello. Obra pendente de execución do Concello de Moeche. (cód. 98.3600.0012.0/98.3600.0012.1) cun orzamento de contrata de 67.643.953.- ptas posto que non supón variación do obxecto e finalidade da obra, como tampouco supón variación económica respecto ó orzamento de contrata do proxecto reformado nº 1 dela, que foi aprobado mediante acordo plenario do 30.12.99.”

**10.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA CAMPO DE FÚTBOL REBOREDO (ARCA), MÓDULOS 2-3-4B-5-6A, DO CONCELLO DO**

**PINO, INCLUÍDA NA 6ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0063.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 10 deputados (7 do PSOE e 3 do BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar por un importe total de 108.928.206.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra “Campo de fútbol Reboredo-Arca-Módulos 2, 3, 4b, 5 e 6a” (código 98.3420.0063.0) que foi incluída na 6ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 17.11.98

Aprobar así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 18.154.692.- ptas. sobre contrata e 17.788.189.- ptas. sobre adxudicación (código nº 98.3420.0063.5)

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte detalle:

	Financiamento definitivo	
	Anualidade 1998	Total Anualidade
Deputación	97.183.206	97.183.206
Conc. F. Propios	11.745.000	11.745.000
Conc. Plan 2000 Infraest.		
Total.....	108.928.206	108.928.206

2º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se

estimen oportunas, así como remítilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

#### **11.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN 2001 DE REPARACIÓN DE DANOS EXTRAORDINARIOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA.**

Por unanimidade, e por proposta da Presidencia, apróbase que este punto quede sobre a mesa.

(Entra o Sr. Poza Domínguez).

#### **12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E IRCO, S.A., PARA COORDINAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE TRAZADO DA AC 1742 MONTROVE-SANTA CRUZ, QUE AFECTA Á ESTRADA PROVINCIAL E.P. 5810 DE CORUXO DE ARRIBA A MONTROVE, E APROBACIÓN DA FASE 1ª DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2.001.**

#### INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Simplemente para anunciar a nosa abstención neste punto por dous motivos. En primeiro lugar porque esta estrada vai ser a única que vaia na primeira fase do Plan de Vías Provinciais 2001, entón, xa dixemos moitas veces e consta noutras actas, para non repetirnos, e dada a hora que é, que nosoutros botamos en falta o ter unha avaliación de por qué se elixen unhas estradas sobre outras, pero neste caso xa nin iso, é que neste caso xa botamos en falta saber cáles van ser as outras fases para ver se de verdade merece un voto favorable que nunha primeira fase do Plan de Vías provinciais 2001, vaia unha soa estrada. Polo tanto, a nosa posición vai ser de abstención.

(Sae o Sr. Domínguez García).

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 20 deputados (12 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e IRCO S.A., para coordinar a execución das obras incluídas no proxecto de Acondicionamento e mellora de trazado da AC 1742 Montrove-Santa Cruz que afecta á estrada provincial E.P. 5810 de Coruxo de Arriba a Montrove, que serán financiadas do seguinte modo:

A) A deputación financiará as obras incluídas na fase 2ª do proxecto Acondicionamento e mellora de trazado da estrada AC 1742, Oleiros, que afecta á estrada provincial E.P. 5810 de Coruxo de Arriba a Montrove, cun orzamento de 9.714.105.- ptas.

B) IRCO S.A., financiará as obras incluídas na fase 1ª do proxecto Acondicionamento e mellora do trazado da estrada AC 1742, Oleiros, que afecta á estrada provincial E.P. 5810 de Coruxo de Arriba a Montrove, cun orzamento de 12.230.050.- pts.

2.- Incluir a fase 2ª da obra Acondicionamento e mellora de trazado na estrada AC-1742, Oleiros, que afecta á estrada provincial E.P. 5810 de Coruxo de Arriba a Montrove, por importe de 9.714.105.- ptas. na 1ª fase do Plan de vías provinciais 2001, que así mesmo é obxecto de aprobación.

3.- Expoñer ó público o citado plan incluído pola obra fase 2ª do proxecto acondicionamento e mellora de trazado da estrada AC-1742, Oleiros, que afecta á E.P: 5810 de Coruxo de Arriba a Montrove, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produciran, considerárase definitivamente aprobado.

4.- Condicionar a tramitación do expediente á autorización das obras por parte do Concello de Oleiros.”

### **13.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2.001.**

(Entran os Sres. Rodríguez Rodríguez e Domínguez García).

## INTERVENCIONES

### Sra. Candocia Pita

Respecto de conservación de vías provinciais, direi que se o ano pasado sinalabamos que había un incremento do orzamento e que era algo que nos parecía favorable, aínda que non bastaba para facer fronte ás necesidades, este ano vemos que hai unha conxelación practicamente do orzamento para a conservación, e especialmente este ano no que as vías provinciais, como tódalas vías, polos temporais e polas condicións climáticas están en peores condicións ca noutras ocasións. Tamén o ano pasado poñiamos encima da mesa que o traballo de roza, e demais, debería facerse dúas veces ó ano, unha en primavera e outra ó comezo do outono, antes das chuvias, a poder ser, para evitar que despois, estivesen en mal estado. Ben, pois como nada disto se está, dalgunha maneira cumprindo e segue en vixencia absolutamente todo o que dixemos en anos anteriores, o noso posicionamento vai ser de abstención.

### Sr. Lagares Pérez

O grupo provincial socialista vai valorar favorablemente este Plan de conservación de vías provinciais 2001, si con algunha matización. En primeiro lugar, consideramos que as cantidades, cabe a posibilidade de que non sexan as suficientes, debido ás inclemencias do tempo que levamos acaecido nos últimos meses en Galicia, e en concreto, en toda a provincia.

En segundo lugar, e para a reflexión do grupo do equipo de goberno, consideramos que este Plan de conservación vén con retraso, quere dicir que agora os trámites administrativos van levarnos a que na primavera non se leve a efecto o plan, e farase no verán ou no outono, cando temos realmente, polas circunstancias indicadas, as vías en estado bastante imperfecto, temos as circunstancias dun crecemento agora da vexetación e, polo tanto, o que si pedimos é que, en vindeiros exercicios, os plans de conservación vaian máis áxiles e empecen unha vez terminado o exercicio anterior e comenzado o ano en curso.

De tódalas maneiras reitero o voto favorable do grupo socialista.

Moitas grazas.

### Sr. Varela Rey

Unicamente manifestar que, de cara ó Plan de temporais, houbo actuacións concretas na rede viaria provincial e no tocante ó tempo para executar o que era a proposta

do voceiro do grupo socialista, esperamos poder levar no menor tempo posible e canto antes. De tódalas maneiras, o tempo este ano non nos permitiu adiantarnos moito, porque aínda estes días está chovendo e, polo tanto, esperamos que o tempo cambie para poder actuar neste senso.

Sr. Lagares Pérez

Evidentemente, o tempo non axudou moito, pero unha cousa é o tempo atmosférico e outra o tempo administrativo, eu referíame neste caso ó tempo administrativo, que unha vez terminada a aprobación definitiva do orzamento preventivo, estes factores de aprobación, licitación, contratación, etc., deberan de facerse xa no mes de xaneiro.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Moitas gracias, Sr. Lagares, intentaremos acelerar iso ó máximo posible. Evidentemente, como ben dicía o Sr. Varela, ata agora o tempo climático non axudou a facer estas operacións. Independentemente do diñeiro, que sexa moito ou pouco, o que estamos facendo é un esforzo que polos temporais a deputación tamén solicitou á Administración central axuda para este tema polos danos que tivo nas estradas provinciais e esperamos que, igual que os concellos, veña unha cantidade suficiente para axudar e colaborar na reposición deses danos.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (14 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais de 2001 que a seguir se relaciona e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 640.515.452.- ptas., con cargo á partida 0401/511B/210.01:

<u>DENOMINACION</u>	<u>ORZAMENTO</u>	<u>P.EXECUCION</u>
GRUPO 3.- CEDEIRA, CERDIDO Y VALDOVIÑO	26.895.420	6 meses
GRUPO 4.- FERROL, NARON Y GRUPO 37.- C.P. 3603 DE FERROL A COBAS	21.403.769	"
GRUPO 5.- MOECHE, SAN SADURNIÑO, SOMOZAS Y GRUPO 39.- C.P. 6121 DE MERA ACARIÑO	12.218.155	"
GRUPO 6.- ARES, FENE, MUGARDOS, NEDA Y GRUPO 33.- C.P. 1503 DE PERLIO A LAVANDEIRA	13.994.357	"
GRUPO 7.- CABANAS, MIÑO Y PONTEDEUME	8.800.497	"
GRUPO 8.- IRIXOA, MONFERO, PADERNE Y VILARMAIOR	32.232.294	"
GRUPO 9.- OLEIROS Y SADA Y GRUPO 38.- C.P. 5813 DE OLEIROS A SADA	39.712.520	"
GRUPO 10.- CAMBRE Y CARRAL	23.390.196	"
GRUPO 11.- ABEGONDO, BERGONDO Y BETANZOS	22.775.006	"
GRUPO 12.- ARANGA, CESURAS, COIROS Y CURTIS	26.311.597	"
GRUPO 13.- BOIMORTO, FRADES, MESIA, ORDES, OROSO Y VILASANTAR	18.272.175	"
GRUPO 14.- MELIDE, SANTISO, SOBRADO Y TOQUES	10.465.088	"
GRUPO 15.- ARZUA, BOQUEIXON, O PINO Y TOURO	25.394.487	"
GRUPO 16.- ARTEIXO, A CORUÑA, CULLEREDO	57.895.232	"
GRUPO 17.- CARBALLO, CERCEDA, LARACHA	39.611.219	"
GRUPO 18.- CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO Y ZAS	31.186.342	"
GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE Y VIMIANZO	11.651.625	"
GRUPO 20.- CARNOTA, CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA Y MAZARICOS	7.642.805	"
GRUPO 21.- AMES, A BAÑA, NEGREIRA Y VALDO DUBRA	25.094.775	"
GRUPO 22.- ORDES, TORDOIA, TRAZO Y VALDO DUBRA	23.664.570	"
GRUPO 23.- MAZARICOS, MUROS Y OUTES	18.596.431	"
GRUPO 24.- LOUSAME Y NOIA	23.789.677	"
GRUPO 25.- BRIÓN, DODRO, PADRÓN Y ROIS	17.692.021	"
GRUPO 26.- AMES, SANTIAGO, TEO Y VEDRA	11.042.142	"

GRUPO 27.- BOIRO, PORTO DO SON Y RIANXO	13.651.466	"
GRUPO 28.- POBRA, PORTO DO SON Y RIBEIRA	43.352.060	"
GRUPO 32.- C.P. 0905 DE BETANZOS AL LÍMITE DE LA PROVINCIA DE LUGO	8.649.932	"
GRUPO 35.- C.P. 2904 CORISTANCO A SANTA COMBA	13.896.589	"
GRUPO 36.- C.P. 3404 DE SIERRA DE OUTES A DUMBRÍA	11.233.005	"
<b>TOTAL.....</b>	<b>640.515.452</b>	

2º.- Aprobar as obras que a continuación se relacionan como supletorias e que se financiarán con cargo ás baixas que se produzan na adxudicación do plan:

<b>DENOMINACION</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>P.EXECUCION</b>
GRUPO 1.- ORTIGUEIRA	32.093.534	6 MESES
GRUPO 2.- MAÑON E AS PONTES	27.361.975	"

3º.- Exponer ó público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobadas.”

**14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O MINISTERIO DO INTERIOR (DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO) PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DAS ESTRADAS PROVINCIAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.- Aprobar a formalización dun convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Ministerio de Interior (Dirección Xeral de Tráfico) para a mellora da seguridade vial nas estradas provinciais, con cargo á aplicación 0401/511B/60103

2º.- A deputación, investirá cada ano de vixencia do convenio (2001, 2002 e 2003) a cantidade de 50.000.000.- pts, que se aboará con cargo á partida 0401/511B/601.03, polo que respecta á anualidade de 2001 e polo que respecta ás anualidades de 2002 e 2003 o investimento queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios correspondentes, resultando o seguinte importe total do convenio:



	ANO 2001	ANO 2002	ANO 2003
MINISTERIO DO INTERIOR (DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO)	50.000.000	50.000.000	50.000.000
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	50.000.000	50.000.000	50.000.000

Excluír, en consecuencia, a porcentaxe de anualidades conforme co disposto no artigo 155.5 da Lei 39/88, do 28 de decembro reguladora das facendas locais.

3º.- Os proxectos técnicos correspondentes haberán de ser aprobados conxuntamente por ámbolos organismos (Deputación provincial e Dirección Xeral de Tráfico)

4º.- Facultar ó presidente para executar o presente convenio.”

**15.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DOS BENS E DEREITOS QUE SEXAN NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA DA PRÉSA DE ABEGONDO, ASÍ COMO A ENCOMENDA DA XESTIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN Ó CONCELLO DE ABEGONDO, PARA A REALIZACIÓN DOS TRÁMITES NECESARIOS PARA A DITA ADQUISICIÓN (2ª FASE).**

### INTERVENCIONS

Sra. Candocia Pita

Máis nada que ratificar a nosa posición de abstención de plenos anteriores.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (14 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### ACORDO

“Apróbase o seguinte dictame da comisión:

A) Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Abegondo para o financiamento da adquisición dos bens e dereitos que sexan necesarios para a posta en marcha da presa de Abegondo, así como a encomenda da xestión por parte da deputación ó Concello de Abegondo, para realizar os trámites necesarios para a dita adquisición (2ª fase), cunha achega máxima provincial de 20.528.180.- ptas con cargo á partida 0202/511B60001.

B) Facultar ó presidente para executar o presente acordo.”

## **16.-TRASLADO DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE MAIO Ó DÍA 30.**

### INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Imos ver, nosoutros queremos que quede clara a postura de que o BNG por principio, nunca se opuxo, nin se opoñerá, a que se modifique e que se cambie un día ou o que sexa necesario, o Pleno ordinario, sempre que sexa xustificado, pero neste caso concreto dubidamos moito da operatividade do cambio do día porque vemos, non polo cambio do día en si, senón porque acaba de haber un Pleno extraordinario, que estamos tendo, que polo longo que é, non é longo por casualidade, é longo porque veñen temas transcendentais, moito máis transcendentais dos que viñeron nos plenos ordinarios, e sobre todo tamén queremos poñer de manifesto a que dá lugar todo isto, a unha cantidade excesivísima de comisións, en algún caso algunha comisión con tres comisións extraordinarias, cun punto na orde do día cada un, ou con dous, coas que sexa; iso non nos parece un criterio de racionalidade, vémonos obrigados e como nesta ocasión é un bo momento para dicilo, a poñer sobre a mesa que non se están utilizando criterios de racionalidade neste sentido, que non se xustifica en función de necesidades. Podería cambiarse o pleno ordinario e unirse con este extraordinario, pero ademais esa listaxe de comisións adiántanos que, probablemente, en xuño volva haber outro pleno extraordinario.

Entón, non parece que sexa moi xustificable, nin tecnicamente, nin por cuestión de prazos, e xa non vaíamos falar do que poida pensar a cidadanía en xeral, e do que poida levar no eido económico isto. Polo tanto, a nosa posición, aínda que a min persoalmente, tamén llo digo, Sr. presidente, o corpo pídeme votar que non, nesta ocasión imos abstermos. Gracias.

Sr. presidente

Eu creo que o tema do pleno extraordinario está máis ca xustificado, por suposto ten que haber a maiores o pleno ordinario de cada mes. Creo que os temas que foron hoxe e

que están indo nese pleno, teñen a importancia e a transcendencia suficiente para os concellos, para acelerar aínda que sexa 15 días, e poñer os temas que hoxe aprobamos aquí a disposición deles, é moi importante.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (14 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o día 16 de maio está prevista a celebración dunha sesión extraordinaria e para evita-la excesiva proximidade de sesión plenarias, como excepción singular do réxime ordinario establecido o 10 de setembro de 1999.

Eleva ó Pleno a seguinte proposta de acordo.

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó quinto mes de 2001 celebrarase o día 30 de maio, mércores, a partir das doce horas.”

**17.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O PROXECTO BÁSICO TOCANTE ÁS BASES DE ACCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E O COÑECEMENTO NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

### **INTERVENCIONS**

Sr. presidente

O punto número 17, simplemente, non hai debate, é dar coñecemento do proxecto básico relativo ás bases de acción da deputación para o desenvolvemento da sociedade da información e o coñecemento na provincia da Coruña, e vai dar coñecemento, moi brevemente, o Sr. Rodríguez.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Efectivamente, como vostede di, trátase de solemnizar neste Pleno a oferta que se fixo xa na comisión ós demais grupos políticos para que participen no deseño final deste Plan da sociedade de información na provincia da Coruña. Polo tanto, en ningún caso imos entrar no debate do contido deste plan, será cando o aprobemos.

O que si queremos é salienta é que esta oferta é consecuencia da transcendencia que desde o grupo de goberno se lle quere dar a esta actuación da deputación. É unha actuación, non exclusiva da deputación, na que participan outras Administracións públicas, como vai participar en moitas delas a Xunta de Galicia, e a Administración do Estado tamén, pero na que a Deputación Provincial da Coruña non pode estar ausente, e neste caso, non somos únicos, hai moitas deputacións provinciais, e quixera simbolizala na Deputación de Barcelona, que teñen a preocupación especial pola sociedade da información, por entender que é un elemento clave para os cidadáns desta provincia, o poder acceder a esta sociedade e poder utilizala. Esta transcendencia creo que é recoñecida por tódolos grupos, non a vou destacar máis, pero si resaltar a nosa vontade, o noso desexo de que o pleno ordinario deste mes, que quixeramos levar a aprobación o plan, que sexa coa máxima participación e coa máxima colaboración de tódolos grupos, e que iniciativas concretas que viñan a este pleno, tiñan que vir necesariamente, é dicir, non quere dicir este plan global que teñamos tódalas iniciativas postergadas, senón que algunhas desas iniciativas, que son importantes, e que recibiron nalgún caso o apoio doutros grupos, como a rede telemática, na parte que se refire á actuación da deputación nas aulas de informática dos concellos, que sendo necesarias e indispensables, parecíanos oportuno traelas xa, como é natural, pero asemade, enmarcalas dentro desa actuación global, porque así veremos todo o panorama do que representa.

Polo tanto, reiterar o ofrecemento dos demais grupos, pedirles que, por favor, establezamos ese diálogo, e intentar, pola nosa parte, levalo ó pleno ordinario deste mes.

Moitas gracias.

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Dáse información ós Sres. deputados do Proxecto BÁSICO relativo ás Bases de acción da Deputación para o desenvolvemento da Sociedade de Información e o coñecemento na Provincia da Coruña.”

## **18.-CONVENIO DA REDE TELEMÁTICA PROVINCIAL.**

### INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Síntoo, pero non podo prometer brevidade, o punto é moi complexo, eu lamento, xa sei que é moi tarde, xa a metade tivéronse que ausentar do Pleno, e xa nin a prensa estará me imaxino, pero é o suficientemente complexo como para que o tratemos cun mínimo de profundidade, e de verdade, Sr. presidente, que esta intervención é absolutamente constructiva, de partida, para que non haxa malos entendidos.

Comezarei apuntando que o grupo provincial do BNG entende positivo e necesario contar cunha rede telemática, áxil e eficaz. Despois da miña intervención non se pode entender nunca que o titular dos periódicos de mañá sexa “O BNG está en contra da creación dunha rede telemática”, nunca xamais. En calquera caso, respecto da proposta, imos facer as seguintes puntualizacións.

(Entra o Sr. Erias Rey).

En primeiro lugar, e no eido financeiro, estamos falando da integración da rede provincial na rede da Xunta, o que supón obrigatoriamente subscribir o acordo cun operador en concreto, que é Telefónica. A oferta que se fai é un 30% -no punto catro, concretamente-, de rebaixa sobre os prezos de referencia, para un usuario normal pode que este prezo sexa un bo prezo para unha rede desta magnitude non é un bo prezo, seguro que non é un bo prezo. Vou dicirlles algo máis, houbo comunidades autónomas, coma o caso de Extremadura, que non ten nada que ver co BNG, como todos saben, que teñen acordos moitísimo mellores con outros operadores, e hai outras comunidades autónomas que están empezando a seguir este exemplo, e meternos agora nosoutros neste saco que iniciou a Xunta de vendernos literalmente Telefónica, non é nada que, de partida, sexa beneficioso, nin para a deputación nin para os concellos, nin tampouco para o país. Estamos desde o punto de vista financeiro, collendo un dos peores prezos do mercado, e iso non o di o BNG, iso dino os técnicos, que moitos deles nada teñen que ver co BNG, ó mellor teñen moito máis que ver co PP, pero poñen iso encima da mesa tamén.

Outra cuestión que está directamente relacionada coa cuestión económica pero que ademais ten, digamos, outro perfil, é que o contrato ten unha duración longuíssima, en

comunicación falar de seis anos é falar dunha eternidade, e voules pedir que reflexionen sobre si seis anos atrás pensarían que Internet e, en xeral, a telemática, ía estar nas nosas vidas ó nivel que está hoxe. Eu lembro no ano 94, unha profesional dese medio, Carlota Bustelo, dando unha conferencia en Santiago, na que no dicía que ía ser imprescindible Internet en dez anos, que ía substituír ó fax, e todo o mundo pensaba, “ben, a Carlota fóiselle a ola, é moi boa, pero realmente hoxe está un pouco ida do seu sitio”, pois non, realmente tiña razón, e xa non falemos do que iso significa en prezos. Todos podemos recordar no ámbito doméstico cánto nos custou o primeiro ordenador que tivemos, e as prestacións que daba, e como fomos vivindo ó longo dos anos que, co mesmo diñeiro cada vez tiñamos máis prestacións, iso é unha realidade. Seis anos é unha barbaridade, é unha barbaridade, é case un casamento para toda a vida, é un casamento pola igrexa, de branco e de rigor, iso é un mal negocio, iso está garantido.

Por outra parte, e ademais como non creo niso, teño que poñelo de manifesto -é que hai que botarlle un pouco de gracia, senón xa a estas horas non andamos-, unha terceira cuestión que quero salienta sobre as vantaxes que traería o convenio. No punto sete só se fan declaracións de intencións, que son boas, que por outro lado está ben que os convenios fagan declaracións de intencións, porque aínda que co convenio ese non academos o que queremos, sempre é bo que este escrito aí a qué queremos chegar, e iso non só o fai este goberno, iso fano tódolos gobernos, sempre poñemos unhas expectativas moito máis altas das que despois chegamos, e iso de partida non é malo; o malo neste caso é que o que establecen son moitas restricións para garantir a seguridade da rede da Xunta, que non está mal que se queira garantir a estabilidade da rede da Xunta, todo o contrario é unha política moi correcta, pero non hai unhas garantías claras para a deputación. Como exemplos non se garante un longo de banda determinado, aínda que xa sei que se fai referencia a el, xa sei, pero iso non o pode garantir ninguén, non o pode garantir a empresa privada, e non o pode garantir a Xunta, aínda que queira. Este convenio é un convenio tipo, xa se asinou non outras Administracións, e non foi capaz de garantilo. Os técnicos no seu momento dixeron que é punto e outras moitas cláusulas poñíanse para ser incumpridas, e o tempo demostrou que supuxeron para seren incumpridas. A Xunta non vai poder garantir un longo de banda determinado, non o vai poder garantir.

Non aparecen cantidades respecto do correo, en definitiva, é un convenio baseado na confianza absoluta, e non teño por que dubidar da Xunta de Galicia, non teño por que dubidar doutra institución, desde logo, se isto fora un convenio cun operador, sería unha absoluta locura, eu estou segura de que ninguén que redactara isto, redactaría nada semellante para facelo cun operador, porque o operador, entre outras cousas, poñeríase as botas.

(Sae o Sr. Toja Parajó).

Por outra parte, o BNG bota en falta unha explicación clara de que pasou coa rede da Deputación, non sei que pasou en sentido físico, que xa sei que non desapareceu, senón porque desbótase continuar nesa vía, habería que dicir por que, haberá que dicir, ben pois é por cuestións económicas, as cuestións económicas, dámosvolas aquí, ou desbotámola porque cremos que agora imos ter moitas máis prestacións, ou polo que sexa, ou outras alternativas que hai, porque as hai, podería dicir, ben pois desbotámola por isto e por isto, pero ata o momento non se fixo este traballo de explicar por que, e desbotar ou non desbotar unhas ou outras alternativas para, ó final, quedarnos con esta.

No que se refire estrictamente ós puntos do convenio, en xeral podemos dicir que existen moitas cautelas, como dixen antes, por parte da Xunta, pero non aparecen ningunhas compensacións claras, nin para a deputación nin para os concellos, e despois, ben, falarei logo doutra cuestión.

En todo caso, no artigo tres -é soamente a modo de exemplo os artigos que poño, podería ir degraendo un por un, pero nin é a hora nin probablemente o momento, no artigo tres, na letra, no que está escrito, obrígase a ter un operador único para garantir a seguridade da rede da Xunta, pero é que hai elementos técnicos para poder garantir a seguridade da rede da Xunta, que poderían establecerse doutra maneira, como con filtrados, rexistro de seguridade, etc., etc., non nos imos pór agora a falar tecnicamente a ese nivel, pero en calquera caso, isto vai traer grandes problemas para os concellos grandes, este plan non serve para os concellos grandes, grandes, perdón, para as cidades, para os concellos que xa teñen redes funcionando, ou que teñen intención de telas no futuro, non lles vai resolver o problema. E dígoo, por exemplo, eu dubido moitísimo e creo que xa non está ninguén presente na cámara, pero que en calquera caso, que o Concello da Coruña que ten unha boa rede montada, e un servidor fantástico, e non o digo por dicir, é algo recoñecido por todo o mundo, vaille interesar nada de nada entrar neste plan. Pero é que, ademais, non só non lles interesa ós grandes, é que tampouco está garantido que os pequenos vaian saír gañando con isto, e ¿por que digo isto?, pois por unha cuestión moi clara, porque no convenio nalgún momento do documento, alúdese a que Telefónica vai transmitir a través dunha liña ADSL e isto non chega a tódolos concellos. Por poñer un exemplo, na comarca de Bergantiños, chega ata Carballo, pero díganme vostedes que pasa con Malpica, con Caión, con tódolos demais, díganme vostedes que vai pasar con Fisterra, non somos capaces de garantir, e Telefónica non vai ser capaz de garantir, con esa liña, non sei se con outra, con esa, non, porque non chega.

Entón para os grandes viamos que non lles vai interesar, e se ós pequenos tampouco lles imos dar o servizo, eu non sei qué é o que estamos gañando con este plan.

Eu quero que me respondan porque non se saca unha oferta pública, por que non se saca unha oferta pública. Hai empresas galegas e non galegas en condicións de dar un prezo

e un servizo infinitamente mellor có de Telefónica, Jazztel, que non é galega, ou R, pero non digo que llo dean a R, ou a Jazztel, eu digo que saquen unha oferta pública, que fagan as propostas as empresas, que digan qué nos van dar, e que o faga tamén Telefónica, e despois veremos que nos compensa, e qué non nos compensa.

E respecto, que xa sei que se nos vai dicir, que meternos na rede da Xunta vainos servir para ter moita información, para acceder a moita información, coidado, porque na sociedade da información, na telemática, non é tan importante o volume ó que se accede, como que a porcentaxe de información que recibimos, conteña o menor ruído posible, falando en termos informáticos, e para poñer un exemplo que entendamos todos, que non vaia ser que as follas, a follaxe das árbores, non nos deixe ver o que hai detrás, e que creamos que estamos accedendo a moita información, pero que despois, realmente, teñamos unha gran cantidade de ruído.

E isto é algo que ocorre a diario cando imos a unha biblioteca e pedimos unha bibliografía especializada sobre un tema, e dannos unha listaxe infinita que nos leva catro horas ver os títulos simplemente, simplemente ver os títulos, e ó final desistimos, e acabamos indo a un colega que coñecemos, que sabe moito do tema, e que nos dá unha bibliografía non tan inmensa, pero que nos vai servir máis para o que queremos. É para reflexionar, Sr. presidente.

Este convenio é unha auténtica barbaridade, non vai servir para o que se quere, e non porque non sexa bo que se cree unha rede telemática, pero se os concellos, que algún, como dixen xa o ten, e outros probablemente téñeno en perspectiva, non teño nin idea se llo teñen en perspectiva, non teño nin idea se llo teñen en perspectiva, grandes, poden ter as súas redes, e a deputación xa ten unha rede, pode mantela e crear unha máis pequena, que a nosoutros, ó BNG, nin creo que a ninguén, presentáronsenos datos, nin técnicos nin económicos, que desboten esa posibilidade, e que se integren ámbalas redes, por suposto, e que teñamos un acceso coa Xunta, por suposto, pero ademais hai outra cousa que non se fala en ningures: ¿como van quedar determinados os dominios?, ¿onde queda a autonomía municipal?, ¿vostedes cren que o Concello da Coruña, ou calquera outro concello vai querer aparecer, Concello da Coruña@Xunta de Galicia.es?, pois eu digo que non, e aínda que lles pareza unha tontería, non é unha tontería, porque ten un trasfondo.

Ben, como supoño que me contestará o Sr. Rodríguez, deixo para a segunda rolda, en todo caso, o resto, pero de verdade que é un tema que deberamos de reflexionar un pouco máis sobre el.

Sr. Lagares Pérez



Moi brevemente, como xa amosamos na Comisión de Persoal, a última Comisión de Persoal, e hoxe ó longo do debate do Expediente de modificación de créditos número dous do corrente exercicio, o grupo provincial socialista está de acordo coa rede telemática, co convenio de colaboración coa Consellería da Presidencia para a integración na rede de cobertura da Xunta de Galicia e, polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Quero agradecer, antes de nada, o voto favorable formulado polo Partido Socialista a este convenio coa Consellería da Presidencia, que quero subliñar, antes de nada, que é resultado dun profundo traballo por parte dos técnicos da Deputación provincial.

Este convenio foi aprobado, analizado, mellorado na redacción inicial, pola Comisión de Informática da Deputación, na que están representados tódolos servizos. Este convenio surge dunha necesidade: a deputación tiña unha rede informática cos concellos da provincia, moi débil, absolutamente colapsada, incapaz de prestar servizos, e con esta rede sería incluso imposible que un acordo que hoxe tomamos, que é establecer unha aula informática nos concellos, que esixe unha dobre conexión, puidera establecerse, e a deputación soamente tiña dúas posibilidades: unha, intentar montar unha rede propia nova, sacando a licitación con operadores privados, ou outra, integrarse nunha rede que xa estaba prestando servizo ós concellos, parcialmente, a través do fornecedor único, na que un concello tiña unha conexión coa Xunta de Galicia, tiña outra conexión coa deputación, ningunha das dúas lle prestaba un servizo completo, e o que tratamos agora é de constituír, diríamos unha comunidade de traballo entre a Xunta de Galicia e a Deputación provincial, ou entre a Deputación provincial e a Xunta de Galicia, de maneira que se cumpra o obxectivo que a nosoutros nos interesa, e o obxectivo que a nosoutros nos interesa é primeiro, que a propia deputación e os seus servizos conte cunha rede moderna, de banda ancha suficiente para atender tódalas necesidades, que tódolos concellos da provincia dispoñan deste mesmo servizo, non só para a súa práctica administrativa, senón tamén para a extensión da sociedade da información.

Hoxe iniciamos unha acción, creando unha aula de informática en tódolos concellos, non saberemos se dentro de dous anos serán dúas aulas, serán tres, serán catro, cantas máis iniciativas, se os comercios da provincia temos que apoialos tamén na utilización da sociedade da información, en definitiva, ábrese un amplo camiño aquí no que temos garantido, a través desta integración coa Xunta de Galicia, en que seremos capaces de dar resposta.

¿Como se concibe?, non nos poñemos en mans de ningún operador; é un convenio de colaboración entre dúas Administracións, que utilizarán o operador que sexa máis adecuado en cada momento, se hoxe está prestando servicio telefónico, mañá pódese cambiar o operador; haberá unha licitación na cal utilizaremos, en definitiva, conxuntamente, aqueles operadores que sexan os máis razoables e os que mellor presten servicio. O que si tiñamos claro e tiveron os técnicos da deputación, que en ningún caso a deputación exclusivamente podía obter unha rede da categoría que imos ter, se intentara montar un servicio diferenciado, aí estaríamos dilapidando recursos, dilapidando as forzas e, desde logo, en ningún caso atenderíamos ó que nos interesa que é, a maior economía posible, dotar ós concellos da provincia e á deputación dunha rede que realmente contribúa á sociedade da información.

A duración do convenio coa Administración pública, non co operador privado, permítenos ter unha garantía de estabilidade e de tempo, independentemente de que durante ese tempo poidamos cambiar de operador privado, e independentemente de que se surxen novas vantaxes na rede, poidamos usalas conxuntamente, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación provincial estarán interesados en cada momento de ter a rede máis ampla, a mellor posible, a rede máis importante que estamos configurando na comunidade autónoma entre todos, que creo que é a rede que ten máis capacidade de extensión, máis ampla e que máis servicios vai prestar. Estar integrados nesa rede permítenos tódalas vantaxes e ningún dos inconvenientes.

E, desde logo, o acordo unánime da Comisión de Informática permite presentar este proxecto perante este Pleno coa garantía de que non é so unha decisión política, senón unha decisión apoiada polos servicios técnicos da casa.

E desde logo non se trata de ningún convenio tipo, trátase dun convenio singular, o primeiro que fai a Xunta de Galicia coa deputación, porque a Deputación da Coruña tradicionalmente, desde sempre, apostou pola sociedade da información; é o primeiro convenio que se asina cunha deputación, poderá ser tipo para as demais, non con respecto á Deputación provincial e, desde logo, os concellos van ir pouco a pouco entrando en ancho de banda, que doutra maneira non podería entrar, que era imposible que se presentase unha posición deste tipo.

Temos unha absoluta seguridade do que estamos facendo, temos tódolos apoios técnicos precisos, embarcámonos nun proxecto global en cooperación tres Administracións, nas que todos saímos gañando e, desde logo, sen ningún inconveniente para os concellos da provincia, e desde logo non vai haber ningún ruído, senón simplemente maior capacidade de tráfico, maior capacidade de conexión, maior claridade e apostar decididamente pola sociedade de información. Se non hai unha rede suficiente non hai sociedade de información, é como se un quixera comunicarse con alguén a distancia sen ter un sistema de

comunicación, isto é estrutural, pero é fundamental, ou temos unha gran rede, ou non seremos capaces de desenvolver a sociedade da información na nosa provincia.

É unha aposta moi importante, estamos absolutamente seguros, as cláusulas permiten incluso que, se conseguimos, tanto a Xunta de Galicia como nosoutros, mellores condicións nunha futura licitación, nun cambio de operador, que repercuta tamén para a deputación, así tamén está establecido, e polo tanto é un convenio a risco e ventura, é certo, pero un convenio no que hai unha aposta decidida para a sociedade da información, cun socio que merece toda a nosa credibilidade neste tema, porque o demostrar, e é a comunidade autónoma nestes momentos na que colgan, da rede da Xunta de Galicia, máis de 20.000 PCs; estamos falando, polo tanto, da rede pública máis importante de toda España, no ámbito de comunidades autónomas, nesa rede ímonos enganchar con dereito lexítimo e tamén, por último, e perdón a extensión da miña intervención, con algo que para nosoutros é moi importante, que a deputación vai ter o seu propio centro de xestión de rede, que non tiña ata agora, que simplemente tiña un convenio de que Telefónica lle subministrara un servizo, e vainos permitir controlar todo o tráfico que circula pola nosa rede, ser interlocutores privilexiados, e ter a responsabilidade do tráfico que circula por aí, e a garantía fronte ós concellos de que daremos o servizo suficiente.

Moitas gracias.

#### Sra. Candocia Pita

Telegraficamente, pero teño que dicilo. En ningún caso nosoutros estamos dicindo nada contra os técnicos da deputación, porque escoitei a palabra técnicos como catro veces, entón, que quede absolutamente claro que nosoutros valoramos o traballo dos técnicos, que en ningún caso nosoutros estamos cuestionando o traballo dos técnicos e que esta é unha decisión política dun grupo de goberno, e que lle estamos facendo unhas observacións a un grupo político non ós técnicos da deputación, que valoramos o seu traballo e que, en calquera caso, atinaran ou non, non é responsabilidade súa o resultado.

E unha cuestión tamén moi pequeniña, pero que tamén quero clarear. Non se contestou absolutamente nada, fíxose declaración de intencións, non se contestou absolutamente nada do que eu dixen.

Ben, hai unha bibliografía recentísima, que acaba de saír, publicada por Daniel Romero e Isabel Vaquero, que se chama “Da periferia á rede”, que eu lle recomendo que a lea.

Máis nada, gracias.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Simplemente trinta segundos. Primeiro, ninguén imputou ós técnicos da deputación a decisión política, pero está avalada por un consenso técnico que, obviamente é indispensable. En segundo lugar, en cuestión de lecturas, paréceme que a señora interviniente necesita moito máis apoio ca min.

Moitas gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (14 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG e 1 do PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1) Aprobar o convenio coa Consellería da Presidencia e Administración Pública para a implantación dunha Rede Telemática Provincial.

2) Excluir os límites para compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co artigo 33.2L da Lei reguladora das bases de réxime local e no artigo 155.5 da Lei reguladora das facendas locais.”

Sin máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as quince horas e dez minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.